Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 12/01/2024 01:03:56
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 144

Sesión plenaria
24 de outubro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 53855, 11/PL-000023)
Publicación Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 573, do 02.10.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 61253 (11/CPP-000142)
Da Sra. conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre o inicio do curso escolar na etapa de 0 a 3 anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

Punto 3. Mocións

3.1 60689 (11/MOC-000176)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 57741, publicada no BOPG núm. 552 do 30 de agosto de 2023, e debatida na sesión plenaria do 26 de setembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

3.2 60729 (11/MOC-000177)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 59054, publicada no BOPG núm. 561 do 13 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 26 de setembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

3.3 60742 (11/MOC-000178)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 58829, publicada no BOPG núm. 561 do 13 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 26 de setembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 57511 (11/PNP-004633)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das ofertas públicas de emprego que afectan o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 21.08.2023

4.2 60594 (11/PNP-004886)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que manifeste o seu rexeitamento ante a situación en que se atopa o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

4.3 60654 (11/PNP-004892)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación cos plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) á vista das recomendacións do Tribunal de Contas Europeo neste eido
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

4.4 60661 (11/PNP-004893)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e oito deputados/as máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á mellora dos servizos ferroviarios no eixe atlántico e na liña Ourense-A Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

4.5 60713 (11/PNP-004899)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

4.6 60966 (11/PNP-004926)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coas actuais negociacións de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 578, do 11.10.2023

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 5. Interpelacións

5.1 56071 (11/INT-002668)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 534, do 31.07.2023

5.260857 (11/INT-002824)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

5.3 61121 (11/INT-002832)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis
Sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 61246 (11/POPX-000119)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre como pensa garantir a mellora dos servizos públicos no ano 2024
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

6.2 61247 (11/POPX-000120)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre como valora a eficacia do Goberno galego á hora de defender os intereses de Galicia ante o Estado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 61149 (11/PUP-000364)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis
Sobre o recurso de inconstitucionalidade interposto por parte do Goberno central contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.2 60929 (11/POP-009511)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre o encontro da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade co secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana mantido o pasado 4 de outubro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

7.3 61245 (11/PUP-000366)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as valoracións que fai a Xunta de Galicia verbo da súa política en vivenda pública logo do tráxico incendio acontecido en Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.4 60982 (11/POP-009517)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario verbo da Iniciativa Xabarín, relativa á programación infantil e xuvenil en galego nas televisións públicas
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 578, do 11.10.2023

7.5 59091 (11/POP-009307)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da ampliación aos menores de 30 anos do dereito ao acceso á Tarxeta Xente Nova
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

7.6 56509 (11/POP-008740)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio do Goberno de España da creación da especialidade de urxencias e emerxencias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.7 60515 (11/POP-009464)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do expediente de regulación de emprego presentado por Nueva Pescanova e que afecta o centro traballo de Chapela, en Redondela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

7.8 58721 (11/POP-009282)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a metodoloxía de cálculo dos custos de produción do leite en Galicia para a fixación dos prezos de referencia entre produtores e industria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.9 60725 (11/POP-009489)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o estado da produción marisqueira nas rías galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños).* (Páx. 11.)

A señora presidenta (Candia López) abre a quenda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas. (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 12.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 16.) *e Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 26.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 28.) e *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 30.)

Votación dos textos lexislativos

Votación do texto transaccionado da emenda número 25 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da emenda número 24 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia números 1 á 4, 6, 8, 10, 12, e da 13 á 27, a excepción da 25 e da 24, ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego números 1, 3, 4, 5, 7, 9, 10, 12, da 14 á 21, 23, 24 á 42, 44, 45 á 71, 75 e 76 ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobado por 54 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que hai unha alteración da orde do día, que xa foi comunicada previamente.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 35.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 39.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 42.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 45.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 47.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 50.) *e Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 53.)

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 57.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 59.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 63.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 65.)

Nova intervención da señora Otero Rodríguez (S). (Páx. 68.)

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das mocións

A señora Rodríguez Rumbo (S) pide a palabra para solicitar que se vote separadamente o punto 4 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños. (Páx. 71.)

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega: *rexeitado por 18 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación dos puntos 1, 2, 3 e 5 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega: *rexeitados por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das ofertas públicas de emprego que afectan o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 72.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Moura (BNG)* (Páx. 75.) *e Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 78.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 81.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre o inicio do curso escolar na etapa de 0 a 3 anos. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 83.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 87.), *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 91.) *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 94.)
Réplica do Goberno*: Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 96.)

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 99.) *Nesta rolda interveñen a señora Ortega Otero (S)* (Páx. 99.), *a señora Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 101.), *a señora Arias Rodríguez (P)* (Páx. 102.) *e a señora conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que manifeste o seu rexeitamento ante a situación en que se atopa o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 107.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 109.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 112.)

A señora Castro Rey (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 116.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación cos plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) á vista das recomendacións do Tribunal de Contas Europeo neste eido. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 118.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 121.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 124.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 127.)

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e seis minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustifican inasistencia dona Olalla Rodil, que delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, e tamén o señor Fernández Alfonzo.

Comezamos. O primeiro punto é o texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e tamén emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día.

Presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento galego o 25 de maio de 2023. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 29 de maio de 2023, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galiza* e a apertura dun prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios non presentaron emendas á totalidade. Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego formulou 76 emendas e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou 27 emendas, que foron cualificadas o 5 de xullo de 2023.

A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 13 de xullo de 2023, designou as e os seguintes ponentes: polo Grupo Popular de Galicia, dona María Sol Díaz Mouteira, como titular, e dona Guadalupe Murillo Solís, como suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, como titular, e dona Noa Presas Bergantiños, como suplente; e por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, como titular, e don Gonzalo Caballero Miguez, como suplente.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A ponencia, reunida os días 5, 7, 12 e 18 de setembro de 2023, estudou o texto articulado do proxecto xunto coas emendas presentadas, e rematou o informe, que contén as recomendacións que lle fixo á comisión, consistentes en aprobar as emendas 2, 6, 8, 11, 13, 43, 72, 73 e 74 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as emendas 5, 7 e 9 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Recomendou tamén a aprobación de 3 emendas transaccionais: 1 elaborada coa emenda 22 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 2 elaboradas cunha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

A comisión, reunida o 28 de setembro de 2023, aprobou por maioría o informe de ponencia. O texto do ditame, que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria, consta dunha exposición de motivos, seguida de 241 artigos, 23 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, 1 disposición derrogatoria e 5 disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase nun título preliminar e 8 títulos. O título preliminar contén disposicións xerais. O título I regula os bens e dereitos demaniais. O título II é o referido á xestión patrimonial. O título III regula o réxime de sucesión legal hereditaria a favor da Comunidade Autónoma. No título IV regúlase o patrimonio empresarial. A xestión e a optimización na utilización dos edificios administrativos están previstas no título V. A protección e a defensa do patrimonio da Comunidade Autónoma están previstas no título VII. E no título VIII regúlase o réxime sancionador. Finalmente, establécese unha *vacatio legis* de vinte días desde a publicación da lei.

Nada máis.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Presas.

Quenda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

E, para dar comezo, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por tempo de quince minutos, ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señores e señoras deputados. Bo día, señor conselleiro.

A verdade é que, novamente, aos socialistas nos resulta un pouco curioso que a Xunta de Galicia, con esa maioría absoluta que nos recorda unha e outra vez en todos os debates parlamentarios, esa maioría da que dispoñen para aprobar determinadas cuestións que non sempre benefician a maioría da cidadanía, que non sempre melloran os servizos públicos e que non sempre supoñen un avance económico e social para o noso país, pois resulta curioso que nunha cuestión que se vai debater hoxe, que non é nin máis nin menos que adaptar unha norma, unha lei galega de 2011, a normativa básica estatal aprobada en 2015, tarde oito anos en traela para facer esa adaptación.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos a falar dunha norma eminentemente técnica, polo que os socialistas non sabemos se é por desidia ou por algún escurantismo, que a verdade é que nós non fomos capaces de atopar, sendo sinceros. En calquera caso, oito anos despois, benvido que se faga esa norma e benvido a que fagan os seus deberes como Goberno galego.

Pois ben, este proxecto de lei pretende establecer o réxime xurídico dos bens e dereitos de titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais. Facendo un pouco de historia, a regulación estatal básica aprobouse na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; posteriormente, aprobouse a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e os decretos 50/89 e 94/99, que son actualmente a normativa vixente.

Con este proxecto de lei preténdese adaptar a vixente Lei 5/2011, do patrimonio de Galicia, á normativa xeral en materia de procedemento administrativo, contemplado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento común das administracións públicas, en canto á necesidade de regular en norma legal especial os procedementos administrativos na materia que establezan trámites distintos ou adicionais á regulación xeral, a adecuación da normativa patrimonial á Lei 15/2015, da xurisdición voluntaria, que introduce na normativa básica estatal un procedemento administrativo especial para a declaración como herdeira *ab intestato* da Administración xeral do Estado, e de determinadas administracións autonómicas, entre elas a nosa, reguladas no Decreto 94/1999. Xa que logo, este proxecto de lei é unha obriga legal que, como dicía inicialmente, a Comunidade Autónoma de Galicia tardou oito anos en adaptar.

Exíxese unha nova regulación legal deste réxime administrativo, dando cabida ás innovacións introducidas pola norma estatal e dar cumprimento á obriga de levar a rango de lei os procedementos especiais residenciados na norma de nivel regulamentario.

Mantéñense os dous primeiros títulos: o título I, bens e dereitos demaniais, entendéndose como bens demaniais aqueles bens afectos a fins de uso xeral ou de servizo público, así como os destinados a dependencias administrativas; e mantense a mesma regulación e figura xa previstas: a afectación, a adscrición, a mutación demanial, as autorizacións ou as concesións, como títulos habilitantes de ocupación do dominio público a favor de terceiros, regulando nun capítulo específico o tráfico-xurídico público entre administracións públicas.

No título II, xestión patrimonial, fálase dos bens patrimoniais, que son aqueles que non cumpren os requisitos para ser demaniais, distinguindo os que teñen vinculación de destino, que teñen natureza patrimonial pero con obriga de destinarse a un fin concreto.

Regúlanse tamén as figuras típicas do dereito privado, como a compra, a venda, o arrendamento, a doazón, a permuta ou a cesión gratuíta, permitíndose a aplicación de calquera figura xurídica prevista no tráfico xurídico privado.

Mantense a aplicación unicamente supletoria da lei para unha serie de propiedades esenciais: as augas terrestres, os montes, as minas, as explotacións de hidrocarburos, as estradas, as vías pecuarias, os portos e o patrimonio cultural.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Introdúcese un título terceiro: o réxime especial de sucesión legal hereditaria a favor da Comunidade Autónoma galega, que se regula agora integramente nun título específico, establecendo no seu primeiro capítulo, de disposicións xerais, a atribución da competencia para a repartición do caudal distribuíble da herdanza ás consellerías competentes en materia de asistencia social e cultural, segundo a Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia.

No capítulo II regúlase o procedemento administrativo para a declaración da Comunidade Autónoma como herdeira *ab intestato*, cunha fase de actuacións previas á incoación que permita discriminar a procedencia da iniciación do expediente, o inicio do procedemento de oficio, ou por comunicación ou por denuncia de persoas non obrigadas, o establecemento dun prazo ordinario dun ano para a instrución e notificación da súa resolución, os casos da procedencia da declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* da persoa causante, así como o da adxudicación administrativa dos bens e dereitos da herdanza, a declaración de herdeiros, que supón a aceptación da herdanza a beneficio de inventario, segundo a Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia, e no capítulo terceiro, relativo á administración, xestión e liquidación da herdanza, mantendo o principio xeral para o tratamento do patrimonio hereditario da súa realización e conversión en metálico, co fin de destinar o seu resultado aos fins de carácter asistencial e cultural, e sen prexuízo das excepcións ao seu alleamento autorizadas na lei. E, tendo en conta as dificultades de xestión e a diversidade de situacións xurídicas aparelladas a este tipo de patrimonios, establécese un novo marco especial para a súa administración.

Establécese tamén un carácter independente para este patrimonio hereditario, separado do patrimonio ordinario da Comunidade Autónoma, cun tratamento extraorzamentario e unha limitación de responsabilidades del derivadas ao haber hereditario, evitando, en calquera caso, a confusión patrimonial.

E un capítulo cuarto, que regula a repartición da herdanza, ou, máis especificamente, do seu caudal distribuíble, prevendo que o resultado da liquidación sexa ingresado no Tesouro, aplicándose un concepto específico da Comunidade Autónoma que permita a xeración de crédito a favor das consellerías competentes en materia de asistencia social e cultural para a súa repartición entre as entidades ou institucións que a lei determine como posibles beneficiarias da herdanza.

Establécense tamén os requisitos para solicitar a participación na repartición e os criterios de valoración das solicitudes consonte o réxime de concorrencia competitiva. E regúlase a proposta de repartición da herdanza e a súa aprobación, a xustificación das condicións impostas e dos obxectivos da actividade a desenvolver polo beneficiario, que en principio revestirá forma de conta xustificativa.

Incorpora tamén este texto outras modificacións: a actualización da norma respecto dos novos estándares xurídicos xurdidos na lei de 2011, integrando novas figuras patrimoniais e abordando en detalle a regulación doutras existentes. Establécense requisitos xurídicos para o tráfico xurídico público entre administracións públicas, como que só procederá a tramitación de adscricións ou mutacións demaniais cando sobre o fin concreto determinante de afectación existan competencias compartidas ou concorrentes. E modifícanse as

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autorizacións demaniais, flexibilizando o seu outorgamento e permitindo máis supostos de asignación directa.

E, por último, en consonancia coa modificación da Lei de recuperación de terra agraria, a Lei 5/2011, modificada pola Lei 11/2021, introdúcese dentro dunha sección específica a regulación dos denominados inmobles vacantes, e sendo dono coñecido e os saldos e depósitos abandonados.

Pois ben, a este texto, do que acabo de facer un pequeno resumo do seu contido digamos que máis resaltable, e sobre todo tendo en conta esa norma básica á que teñen vostedes que adaptarse, pois os socialistas presentamos 27 emendas, máis 2, que explicarei máis adiante. Inicialmente, foron aceptadas só 3 —como tal dicía a presidenta da Comisión 3ª—, pero creo —ou así o entendo— que é posible que acepten vostedes outras 2 máis que estaban pendentes por parte do grupo maioritario da Cámara; en definitiva, serían 9 emendas aceptadas.

Pero quero facer especial mención —digamos— a unha irregular situación de 2 emendas incorporadas ao texto da ponencia da lei que imos votar, grazas a esa man tendida e a esa colaboración que o Grupo Parlamentario Socialista sempre dicimos e do que sempre facemos gala; unha mostra máis de que nós aceptamos esas incorporacións das nosas emendas e aceptamos isto que vou explicar, porque entendemos que mellora o contido das normas que saian deste parlamento, e fundamentalmente porque estas normas afectan as persoas, e os socialistas pensamos sempre nas persoas por riba das cuestións partidistas. Pois hoxe —como dicía antes— traemos unha nova mostra desa afirmación de man tendida.

O Goberno galego presentou un proxecto de lei neste parlamento cuns informes, dos que vou dar lectura —se me dá tempo—, que son o acordo, o texto do anteproxecto, unha memoria xustificativa, a memoria económico-financeira, o certificado de exposición, a documentación relativa ao trámite de audiencia, as alegacións recibidas, a contestación ás alegacións, o informe de impacto de xénero, a avaliación do impacto demográfico, o informe do impacto demográfico, a táboa de vixencia, o informe da dirección xeral, o texto do anteproxecto, a versión final e, evidentemente, o informe dos Servizos Xurídicos do Goberno galego.

Pois ben, unha vez remitido este proxecto con todos estes informes, pois vemos que os Servizos Xurídicos desta cámara, do Parlamento galego, emitiron unha nota interna de observacións e recomendacións para a ponencia encargada de emitir informe sobre o Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia; recomendacións e observacións a dous artigos: ao artigo 47 e ao artigo 59 do texto remitido pola Xunta de Galicia; o artigo 47, que se refire ás prohibicións para ser titular de autorizacións e concesións demaniais, e o artigo 59, de dereito de adquisición preferente. Advirten os Servizos Xurídicos desta cámara que a redacción, tal e como estaba nese texto inicial, podería ser contraditoria coa norma estatal e incorrerse nun caso de inconstitucionalidade, polo que se propón unha nova redacción que recolle a literalidade da norma estatal, cuestión que posteriormente foi avaliada tamén pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e avalada favorablemente nos termos saídos dos informes xurídicos desta cámara.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero para poder ser introducidas esas modificacións no texto que hoxe imos votar pois tería que ser a través dunha emenda dos grupos emendantes. Evidentemente, o grupo maioritario non presentou ningunha emenda a ese texto e os grupos da oposición si presentamos a emenda. Pois ben, foi o Grupo Socialista o que permitiu a través dunha das súas emendas que se introduciran estas dúas modificacións para darlle maior —digamos— legalidade a este texto. E, polo tanto —como dicía ao principio—, tendo esa man tendida, esa colaboración e esa mellora cara á cidadanía por riba de calquera outro sentido que se lle queira dar por parte de calquera outro grupo político, pois nese labor colaborativo e de mellora do contido do texto considerámolo necesario e aclaratorio de moitos aspectos xurídicos sobre a regulación do patrimonio de Galicia e permitimos que se introduciran esas emendas.

Como dicía antes, temos 3 emendas aceptadas: a 5, a 7 e a 9, e esperamos que haxa 2 máis que mellorarían tamén este texto remitido polo Goberno galego. Estamos a falar das emendas 24 e 25, nas que o grupo maioritario desta cámara, do Partido Popular, nos presentaron unha transacción; nun caso aceptaríana directamente e noutro caso a transacción; e estariamos pendentes de que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego estivera de acordo. Nós esperamos que sexa así, que todas estas emendas se teñan en conta, que se introduzan. E, como dicimos unha vez máis, queremos amosar e poñer en valor esa man tendida e ese beneficio da cidadanía por encima de calquera lea partidista. Vostedes deberían de ter en conta isto que facemos os socialistas e ser exemplarizantes cando a vostedes lles toca facer iso mesmo.

Sen máis, moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo día, señor presidente.

Señorías.

Señoras e señores deputados.

Ben, antes de máis —sen que deba entenderse como unha consideración meramente formal—, quero resaltar —porque infelizmente non é algo ao que nos teña afeitos o Partido Popular— o talante e vontade de diálogo das ponentes dos demais grupos parlamentarios, a pesar do que non foi posíbel chegar a acordos que non só permitiran mellorar o texto senón que mesmo impediran poder corrixilo en aspectos relevantes.

Hai anos un deputado e profesor de Dereito Civil nesta cámara, don Pablo Sande, dicía que non podía confundirse a firmeza das ideas coa intransixencia, nin a tolerancia ou o diálogo coa febleza institucional. Hoxe fago miñas as súas palabras, lamentando a falla de vontade

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Goberno galego en chegar a acordos, mesmo en rectificar erros, contradicións ou inxustizas contidas neste texto.

Xunto coa capacidade das ponentes dos diferentes grupos, quero expresar o meu recoñecemento ao traballo e á paciencia —nomeadamente, comigo— do letrado do Parlamento, cuxa alta cualificación técnica nos puxo de manifesto en cada reunión da ponencia —aínda que modestamente poida discrepar dalgunha apreciación puntual—, e cun traballo singularmente importante na tramitación deste texto con reflexo na redacción íntegra dalgún dos artigos do ditame que hoxe se presenta.

Ditame dunha lei, como é a de patrimonio de Galiza, que dende o BNG entendemos importante, pois, esencialmente, á parte do detalle que xa expresou a representante do Grupo Parlamentario Socialista, esencialmente regula a adquisición, alleamento ou constitución ou extinción de dereitos sobre os bens da Comunidade, xa sexan bens demaniais destinados a usos adscritos ao funcionamento de servizos públicos como do resto dos bens ou dereitos que sen ter esa condición de demaniais son de titularidade da Comunidade Autónoma.

Para ilustrar a importancia e tamén os riscos dalgúns aspectos deste proxecto, sinalar que trata o procedemento que se debe seguir para a compravenda de bens de propiedade autonómica ou para o outorgamento de concesións ou autorizacións para o aproveitamento privativo destes bens, é dicir, para vender ou para mercar bens para a Comunidade Autónoma, ou para establecer concesións, aproveitamentos privativos particulares a determinadas persoas e entidades. Cando se poden facer directamente, cando se pode facer a dedo ou cando é necesario un sistema de concorrencia competitiva, así como o sistema para a fixación de prezos: prezos de venda, de adquisición. Son estes uns aspectos importantes do texto desta lei que tamén evidencian a eventualidade dos riscos de corrupción nestas materias.

A xustificación deste proxecto no que se reforma a vixente Lei 5/2011 é —segundo se indica— a súa adaptación ás reformas lexislativas introducidas pola Lei estatal 39/2015, de procedemento administrativo común, e pola Lei 15/2015, de xurisdición voluntaria, en canto que introduciu un procedemento para a declaración de herdeira *ab intestato* da Administración do Estado, e que nesas competencias dende o 2006 corresponden á Comunidade galega e que, por tanto, cumpría unha adaptación á nosa realidade. Entendemos que por este motivo esta reforma é oportuna, e non sen tempo, pois estamos falando de oito anos despois da aprobación destas normas coas que se pretende a adaptación.

O resultado entendemos que é un extraordinario exemplo do que é a xestión da actual Xunta de Galiza: ausencia de vontade de establecer unha regulación propia acorde coa realidade galega e cuns criterios propios, limitándose neste texto en boa medida a unha simple reprodución da normativa estatal. Consolida e afonda na discrecionalidade, que pode permitir arbitrariedades en prexuízo do patrimonio público e que tamén implica riscos de corrupción. Probablemente é un texto inxusto cos patrimonios e as economías máis febles. E continúa a priorizar o criterio competencial da xestión dos servizos públicos fronte ao contido prestacional, esquecendo que o prioritario debe ser a atención ás necesidades da cidadanía do xeito máis eficiente e máis eficaz.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E por iso dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos 76 emendas, das que só foron aceptadas ou transaccionadas 10, que, aínda que permiten reducir as situacións de eventuais arbitrariedades en supostos concretos —como mesmo expuxo a representante do Grupo Parlamentario Popular—, non modifican nin alteran substancialmente o texto en casos importantes, nin sequera eliminan os maiores riscos de corrupción.

Un dos aspectos —como dicía— fundamentais das nosas discrepancias co texto proposto —cuxa presentación entendemos e seguimos entendendo que é necesaria e extemporánea, pero necesaria— parte da renuncia do Goberno galego a ter unha lexislación sobre patrimonio público adaptada, dentro das limitacións do actual marco, á realidade galega. Estamos a tratar dunha materia con competencias compartidas, e por iso atinxida pola regulación que con carácter de básica poida aprobar o Estado, mais en ningún caso se pode conferir tal carácter a toda a regulación estatal sobre a materia.

Non toda a lexislación estatal en materia de, por exemplo, concesións administrativas pode cualificarse como básica e renunciar a lexislar sobre a materia conforme os criterios e as necesidades propias. Admitir iso sería como permitir que o Estado, ao lexislar primeiro e ao facelo con detalle e dun xeito esgotador ou pormenorizado, puidera anular a capacidade lexislativa de Galiza. As cousas son o que son, non o que se din que son; por tanto, non porque o Estado diga que unha norma é básica ou que un precepto é básico non por iso é básico e, por tanto, que limita ou esgote as capacidades normativas de Galiza.

Neste sentido, o proxecto de lei, admitindo como básica a práctica totalidade da lexislación do Estado en materia de patrimonio, autolimítase e en moitos casos —con poucas excepcións— renuncia a establecer criterios propios.

Un pequeno inciso de técnica lexislativa. Cando desta técnica lexislativa é cuestionábel pois a reprodución sistemática e sen salvedades da normativa estatal, pode provocar a obsolescencia da norma galega ante calquera modificación da lexislación do Estado. ¿Que implica? Nós, sen salvedade ningunha, nós, o Goberno galego, reproduce o texto do Estado; por tanto, se o texto do Estado sofre calquera modificación, resulta que a nosa norma provocaría non só a súa obsolescencia senón unha inseguridade xurídica para todas as destinatarias.

Como xa manifestamos no debate do informe da ponencia, o texto fai un seguidismo case total da regulación estatal, tanto no que considera lexislación básica como na que non. E no pouco que se separa non é para achegar luz, transparencia e obxectividade, senón todo o contrario: para afondar na discrecionalidade, en moitos casos en prexuízo dos patrimonios máis modestos.

O Goberno galego non tivo problema ningún en separarse de preceptos declarados básicos polo Estado, para, por exemplo, incrementar as posibilidades de outorgar concesións sobre bens públicos a dedo. Por certo, señora Rodríguez Rumbo, esa posibilidade de outorgar concesións administrativas a dedo ten un premio adicional, que é que son beneficiarios dese dereito de adquisición preferente no caso de venda, que vostedes axudaron a consolidar e a perpetuar. Ou, por exemplo, tamén se separa da norma estatal o texto inicial para,

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

discrecionalmente e excedéndose da regulación do Estado, ser máis restritiva; excluír ese dereito de adquisición preferente a persoas, a calquera persoa, cando a Xunta ceda un ben gratuitamente. No Estado simplemente exclúe ese dereito de adquisición preferente cando esa cesión gratuíta non sexa —entre aspas, e permítanme a expresión— «a un amiguete senón só cando é a unha administración pública».

Esa posibilidade de separarse da lexislación considerada básica polo Estado, por certo, non tivo reparo ningún na Asesoría Xurídica, algo que concorda co criterio que nós mantemos dende o Bloque Nacionalista Galego e que entendemos importante: unha norma non é básica porque o Estado o declare, serao polo seu contido.

A este respecto, reiterar que non entendemos a actuación dos grupos parlamentarios —nomeadamente, Socialista e tamén Popular— utilizando extemporaneamente unha emenda gramatical a outro artigo doutro capítulo dunha regulación que nada ten que ver con ese dereito de adquisición preferente para manter ese privilexio e que neste texto se regula de xeito máis amplo que no Estado.

E digo que non o entendo, alén do respecto ao procedemento lexislativo, porque non se corrixen as arbitrariedades que atinxen á regulación desta institución. Non se pode mirar un artigo sen ter en conta o texto concreto; pode atinxirse ao 59 e non darnos conta do 103 ou do 46, que tamén poden verse afectados ou condicionar esa regulación que se contribúe a salvar.

En todo caso, se ambos os grupos consideran que separarse deses preceptos que o Estado considera básicos non é legal, esa actuación posiblemente non solucione todas as irregularidades do texto. Se mantemos ese criterio, se manteñen ese criterio, pode ser que existan outros artigos que sexan igualmente ilegais con ese criterio que vostedes —non nós— manteñen sobre ese particular; é dicir, non sería a única posibilidade de inconstitucionalidade dun precepto desta norma.

Como xa manifestamos, un bo número das emendas deste grupo do BNG están dirixidas a eliminar ou reducir a discrecionalidade na toma de decisións, exixindo a constatación de que as decisións administrativas se adoptan de xeito motivado ou previa xustificación, o que permitirá o acerto nas resolucións e o control de oportunidade e legalidade das mesmas, por exemplo no inicio dos procedementos de afectación ou desafectación, que deberían ser motivados, na adscrición de bens a entidades instrumentais, ou viceversa, ou na elaboración de manuais de boas prácticas, que entendemos que deben de ter intervención da Asesoría Xurídica.

Coa mesma finalidade de afondar na obxectividade na xestión do patrimonio público e evitar os riscos de corrupción, entendemos que o procedemento preferente para a venda, adquisición ou outorgamento de dereitos sobre o patrimonio público debe ser a concorrencia competitiva, sexa o concurso ou a poxa pública, e só excepcionalmente a adxudicación directa. En moitos casos parece que a Xunta vai en sentido contrario.

E por iso reiterámoslle a modificación do artigo 103, para que cando a Administración pública venda bens inmóbeis ou dereitos sobre eles sexa por medio de poxa pública, e só cando a transmisión sexa unha Administración pública ou unha entidade sen ánimo de lucro ou ben

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quedara a poxa pública deserta en ocasións anteriores, sempre en supostos taxados excepcionais, se poida adxudicar directamente. Excepcións nas que entendemos que non pode entrar, como pretende a Xunta, o difuso e inconcreto interese socioeconómico que permita adxudicar adxudicacións directas no canto de adxudicacións en concorrencia competitiva.

Este concepto xurídico indeterminado, que é o interese socioeconómico, que ultimamente utilizan tanto e sempre en relación co sector eléctrico, é unha clara porta para permitir a discrecionalidade en beneficio de entidades privadas. Tamén a Asesoría Xurídica —non só o Bloque Nacionalista Galego senón tamén a Asesoría Xurídica— interesou a supresión deste termo, que, na miña opinión, compromete tanto a legalidade do texto como a oportunidade do mesmo.

Observen as súas señorías que cada vez que o proxecto de lei non fai seguidismo da regulación estatal é para reducir os controis e introducir laxitude na xestión do patrimonio público.

Do mesmo xeito acontece cos arrendamentos, que deberían realizarse en procedementos de concorrencia competitiva, fuxindo de criterios subxectivos, como a especial idoneidade ou por peculiaridades concretas, que xa sabemos os efectos que producen no patrimonio público, e especialmente sabémolo os que somos de Ourense.

As nosas emendas pretenden mellorar o texto no sentido de incrementar a protección do interese público e reducir as posibilidades de desviación, polo que consideramos que o feito de que as vendas de bens móbeis se fagan en lotes e individualmente debe de estar xustificado. O prezo que se establece debe acordarse previa decisión motivada e xustificada. As transaccións, tanto de bens móbeis como de bens inmóbeis, en todo caso deben realizarse por persoal técnico da consellería. E se alguén non está de acordo con esa taxación, non libremente prescindir dela, senón encargar a outro técnico da consellería a elaboración dun informe que poida corrixir os eventuais erros nos que incorra o primeiro.

Igualmente, entendemos que para ser beneficiarios da utilización privativa dos bens públicos, e á marxe da regulación que en cada caso poida establecer o Estado, debería exixir estar ao corrente coa Facenda e coa Seguridade Social. Dicimos que debe figurar no texto á marxe da regulación que no futuro poida establecer o Estado.

Dicía que entendemos que os bens públicos deben estar ao servizo do interese xeral, e por iso o importante debe ser a atención ás necesidades e ao benestar da cidadanía. Por iso a mutación demanial, cambio de destino para seguir vinculando un uso ao servizo público, aínda que sexa en diferente administración, ten que estar determinado non polas competencias concorrentes ou compartidas, senón polo beneficio e a satisfacción das necesidades e o benestar que pode implicar á cidadanía.

Igualmente, o destino dos espazos residuais non ten que ver por ter carácter residual, senón polo aproveitamento —ou por aproveitamento económico ou lucrativo— que pode implicar para terceiros, senón polo benestar e a satisfacción dos intereses xerais.

Igualmente, nas emendas 39, 42, 49 e 53 procuramos protexer os dereitos da cidadanía fronte a posíbeis erros, arbitrariedades ou abusos da Administración, asegurando o dereito

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e defensa e que non se adopten resolucións sen a audiencia das partes interesadas, por exemplo na proposta de repartición de bens recibidos ou na revogación de cesións sobre bens públicos, así como na posibilidade de exixir responsabilidade patrimonial, por exemplo á Administración, cando esta acorde inxustificadamente, por causas que podían ter sido previstas, desistir dun procedemento de adxudicación.

Neste caso resulta curioso que non consideran eses usos de xestión e permiten que a Xunta de Galiza poida desistir libremente dun procedemento xa iniciado, por exemplo de licitación, mais despois, cando é a Administración a que tramita, por exemplo, un procedemento de declaración *ab intestato* e, posteriormente, aparece un herdeiro, aos gastos de tramitación pola Xunta de Galiza vostedes aplícanlles un 20 por cento do activo patrimonial creditario, cando menos, 6.000 euros, ademais dos custos que se poidan acreditar...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e ademais dos xuros de demora.

É dicir, que pensen —e con isto remato xa— a quen vai dirixido isto. Estamos a pensar dunha declaración de herdeiros *ab intestato*, é dicir, que a priori non había herdeiro; a Xunta tramítao. ¿De que patrimonios estamos falando? ¿De que circunstancias estamos falando? ¿Vostedes pensan que a sucesión —esperemos que teña moito tempo— de Amancio Ortega vai estar nesa circunstancia? Non, nesa circunstancia ou están pequenos patrimonios ou está xente que por emigración ou por distancia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...non tiña coñecemento da apertura desa sucesión. Por tanto, entendemos que só os gastos de tramitación da Xunta e establecer nun mínimo de 6.000 euros eses gastos de tramitación de funcionario, ademais dos gastos, é absolutamente inxusto.

Nada máis de momento e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, bos días a todas e a todos.

Hoxe chega ao Pleno desta cámara o proxecto da que será a futura Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, unha norma cunha necesaria actualización para modernizar e adaptar a normativa vixente, que é a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. E vén ser un novo texto legal onde se

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recolle ese novo réxime xurídico aplicable aos bens e dereitos que son titularidade do conxunto da Administración autonómica, non só da Xunta de Galicia, bens cuxa xestión corresponda a ela mesma, senón tamén ás súas entidades públicas e instrumentais.

Con esta norma ¿que conseguiremos, señorías? Pois actualizar o marco legal e regulatorio vixente —como veño de mencionar— e axilizar a xestión do patrimonio da Xunta. E todo iso —e consideramos isto un punto fundamental— conforme a experiencia dos propios funcionarios da Administración e os servizos xurídicos que foron adquirindo esa práctica tras aplicar a normativa durante estes anos.

Polo tanto, señora Rumbo, non hai ningunha desidia nin ningún escurantismo. Trátase dunha lei —como vostede dicía— bastante complexa, procedemental e extensa, que regula todos os procedementos patrimoniais da Comunidade Autónoma e que os trámites procedementais tiveron que elevarse a norma legal e que exixiron diversas revisións. Foi, señora Rumbo, unha tramitación larga, si, pero tamén a análise xurídica que requiría era larga, primando ante todo as garantías xurídicas.

E é unha lei adaptada pois á realidade galega, señor Tabarés. É unha norma que era necesario adaptar e facela coherente con esas modificacións que se foron introducindo ao longo do tempo na normativa básica estatal. ¿De que normas estamos falando? Xa o mencionaron as súas señorías: a Lei de procedemento administrativo común, en canto a esa necesidade de regular en norma legal especial os procedementos administrativos na materia que establezan trámites distintos ou adicionais á regulación xeral.

Exemplos: a necesidade de inspección *in situ* de inmobles ofertados previamente á súa adquisición a título oneroso, destacando que actualmente pode adquirirse un ben inmoble sen necesidade de realizar esa visita previa do mesmo. Tamén outro exemplo é a posibilidade de desistir da venda de bens inmobles, incluídas as tramitadas mediante poxa pública, sempre e cando non se ditara acordo de adxudicación. Tampouco agora existe esta posibilidade, que xa se contempla na lexislación estatal.

E, por outro lado, tamén era necesaria a adecuación da norma á Lei 15/2015, de xurisdición voluntaria. Ese réxime administrativo de sucesión legal intestada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia quedou particularmente desfasado tras a modificación operada nos artigos 20 e seguinte da Lei de patrimonio das administracións públicas, consecuencia da aprobación da Lei de xurisdición voluntaria.

Entre as novidades relevantes, esa nova regulación legal introduciu un procedemento administrativo especial para o suposto de ausencia de herdeiros lexítimos e que se declare como herdeira *ab intestato* a Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas con dereito foral ou especial propio na materia. En tal condición sucesoria está a Comunidade Autónoma de Galicia, grazas á Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia.

En consecuencia, exíxese unha nova regulación legal, dando cabida ás innovacións introducidas na lexislación estatal e que actualmente se trataban dun xeito tanxencial no artigo 52, parágrafo segundo, da lei vixente; e pasa neste momento a ocupar un título específico na nova lei.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tendo en conta as dificultades de xestión e a diversidade de situacións xurídicas aparelladas a este tipo de patrimonios, establécese un novo e especial marco para a súa administración que facilite o seu tratamento áxil e efectivo, que permita a súa máis pronta liquidación e determinación do caudal distribuíble da herdanza.

En consonancia tamén coa modificación da Lei 5/2011, realizada pola Lei 11/2021, de recuperación de terra agraria de Galicia, tamén se introduce nunha sección específica a regulación dos denominados inmobles vacantes e sen dono coñecido e os saldos e depósitos abandonados.

Realízase tamén unha actualización da norma respecto dos estándares xurídicos xurdidos dende a publicación da Lei vixente do 2011, integrando novas figuras patrimoniais e abordando en detalle a regulación doutras xa existentes.

Regúlase, polo tanto, señorías, con detalle, o tráfico xurídico público dos bens demaniais, con ese uso xeral de servizo público, contemplando como novidade a posibilidade de realizar transmisións sen desafectación previa. Se ben ata o de agora existía unha referencia xenérica, o novo texto establece o procedemento e todos os requisitos para esa transmisión.

Tamén é importante destacar este punto, porque para mellorar a coordinación a nivel patrimonial coas entidades locais de Galicia, no marco do principio de reciprocidade prevese que os principios reguladores dese tráfico xurídico público sexan de aplicación tamén a estas, o que lles permitirá dispoñer dun alto grao de flexibilización. Na actualidade non contan cunha norma específica que regule esta cuestión.

Tamén se avanza con este novo texto que traemos hoxe a esta cámara na simplificación administrativa e na mellora na tramitación dos procedementos, en particular actuacións que ata o de agora eran moi complexas ou xeraban problemas, como as poxas públicas, as vendas sobrantes de expropiación ou a venda de bens rústicos. Introdúcense artigos que ofrecen unha maior seguridade xurídica, xa que a norma regula procedementos non previstos ata o de agora, como a materia de rescate de concesión ou o requisito no caso de compra de bens. Introdúcese tamén unha maior concreción das competencias dos distintos órganos da Comunidade Autónoma en materia patrimonial, incluíndo a reserva para que decida o Consello da Xunta naquelas operacións patrimoniais de maior transcendencia. E mantense, señorías, a aplicación unicamente supletoria desta lei para unha serie de propiedades especiais, como pode ser o caso das augas terrestres, montes, minas, explotación de hidrocarburos, estradas, vías pecuarias, patrimonio cultural e portos.

Evidentemente, o volume das modificacións e a incorporación de novos preceptos legais fixeron aconsellable que se promulgara esta nova lei, xa que a modificación múltiple dos artigos da lei vixente, coa agregación de artigos *bis* e *ter*, non sería razoable nin práctico.

A estrutura da lei —como refería a señora Rumbo— mantén a estrutura actual vixente, con ese título preliminar, 8 títulos, distinguindo entre os bens demaniais e patrimoniais, como se facía ata o de agora; título I e II para bens demaniais e patrimoniais, e en títulos separados faise referencia a ese réxime especial da sucesión legal hereditaria a favor da Comunidade

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Autónoma de Galicia, o patrimonio empresarial, a xestión e optimización dos edificios administrativos, relacións interadministrativas, protección e defensa do patrimonio da Comunidade Autónoma e o réxime sancionador.

Respecto da atribución competencial dos diferentes órganos que interveñen na xestión patrimonial, non existen grandes novidades na norma, resultando similar ao que teñen regulado outras administracións e a normativa básica estatal.

A nova lei incorpora diversas modificacións, das que quero centrarme nesa importante fundamental, porque é un aspecto ou un dos obxectivos básicos da Administración, que é a axilización de todos os trámites e dotar sobre todo de unidade a regulación do patrimonio autonómico. Na práctica iso permitirá mellorar a xestión ordinaria do patrimonio da Xunta, facilitando sobre todo o seu coñecemento, a súa consulta e a súa aplicación das normas que o regulan. E todo iso baixo unha premisa fundamental, que creo que ten que estar no obxectivo de toda Administración, e así o é na Administración galega, que é que permitirá esa mellor xestión do patrimonio a mellor prestación dos servizos públicos.

Diríxome agora aos ponentes, a dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. A ambos quero agradecer as súas achegas, así como a súa actitude participativa, dialogante, nas reunións da ponencia que celebramos, diálogo que mantivemos incluso fóra da ponencia en si para concretar e pulir posibles acordos.

Foron presentadas 103 emendas, como se dicía, 76 por parte do Grupo Parlamentario do BNG e 27 por parte dos Socialistas de Galicia. Foron inicialmente aceptadas 3 emendas (5, 7 e 9) en relación co PSdeG, e 9 en relación co BNG.

Froito dese posterior diálogo e da capacidade persuasiva da señora Rumbo, aceptouse a emenda número 24, ao artigo 203, emenda que se aceptou cunha pequena corrección gramatical suxerida, modificación de carácter eminentemente técnico, non sendo preciso neste caso xuridicamente transacción ningunha.

En canto ás propostas de transacción, houbo catro propostas de transacción co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, coas emendas números 22, 45, 66 e 75, acadando o acordo unicamente en relación coa emenda número 22, co axuste da súa terminoloxía á Lofaxga. O acordo transaccional foi acadado co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, acordo que encaixa ou ao que se prestou o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia coa emenda número 11, nunha única emenda, para forma formular dúas transaccións requiridas que permitían axeitar a redacción dos artigos 47 e 59.3 á normativa básica estatal, a raíz das observacións realizadas polos Servizos Xurídicos da Cámara. Acordo que, por outro lado, non foi posible acadar co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dada a súa defensa desa plena competencia para regular o réxime patrimonial por parte da Comunidade Autónoma galega. Onde o ponente do grupo nacionalista, señor Tabarés, falaba de seguidismo da lexislación básica estatal ou de ser escasamente ambiciosa, o Grupo Parlamentario Popular fala basicamente, señor Tabarés,

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do que hai que falar, que é cumprimento da lexislación básica estatal. Parece mentira que sexa vostede do mundo do dereito. Non se pode falar de reprodución da lexislación básica estatal. Trátase dese escrupuloso respecto, como se fai por parte dos demais grupos da Cámara.

Agradecer, polo tanto, ao Grupo Parlamentario Socialista a súa disposición pola transacción acadada. Tratábase dun axuste á normativa básica estatal e entendemos tamén lóxico o seu apoio para dar cumprimento a esa lei básica do Estado.

Dicía que a insistencia da señora Rumbo levou a este Grupo Parlamentario Popular a darlle outra volta e facer outra revisión das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista, e desa revisión xurdiu unha posible transacción da emenda número 25, onde aceptariamos introducir esa posibilidade de denuncia anónima, coa proposta dunha nova redacción do artigo 217.

Procedo, ao remate da intervención, a entregarlle ao presidente da Cámara unhas copias do texto proposto para que llelas faga chegar ás señorías da oposición.

Para que sexa posible esa aceptación da transacción mencionada, sería preciso a non oposición de ningún dos grupos, nin do BNG nin do PSOE, independentemente de que contemos co seu apoio ou non. Xa foi unha cuestión que foi falada cos ponentes dentro do marco de diálogo que viñemos mantendo ata o de agora.

Para rematar, non quero esquecer os consellos, as suxestións e as informacións técnico-xurídicas necesarias que fixeron máis doado comprender unha norma tan complexa e eminentemente técnica e así solventar aquelas dúbidas que ao longo deste tempo se plantexaron aos diferentes grupos parlamentarios. Foi un labor de asesoramento imprescindible dos letrados dos Servizos Xurídicos da Cámara, en especial personificado na persoa de don Juan Carlos Caride Puente. Moitas grazas, letrado.

E para rematar, señorías, simplemente quero facer como unha sinopse da importancia que supón esta lei e esta nova adaptación. Polas súas características, a nova lei —e falabamos de que era unha lei moi complexa e que chegaba para dar resposta a unha diferente e complicada casuística— é unha lei fundamentalmente técnica e que está destinada na maior parte a unha organización interna por parte da Administración autonómica. A nova lei trata, en definitiva, de facilitar, de actualizar esa aplicación da normativa reguladora do patrimonio da Xunta de Galicia, baixo esa premisa fundamental dunha mellor prestación dos servizos públicos. Toda lei ten que ser un texto vivo que se adapte ás novas demandas e ás necesidades que neste momento se requirían e sobre todo que vaian xurdindo. Este foi o espírito polo que a Consellería de Facenda trouxo e formulou esta iniciativa.

Nada máis. Grazas, señorías, polas súas achegas. Grazas, señorías, pola súa participación. E só nos queda a este grupo parlamentario e ao Goberno, co conselleiro aquí presente, o conselleiro Miguel Corgos, contar co seu apoio.

Nada máis polo de agora e moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Rolda para definirse sobre as emendas dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A ver, señor Tabarés, os socialistas partimos dunha premisa, e é que as normas aprobadas polo Goberno do Estado son legais, partimos sempre desa premisa. E nós non poñemos en dúbida o principio de que os funcionarios públicos cumpren co seu deber de informar sobre a legalidade dos textos normativos. Iso non quere dicir que os distintos grupos parlamentarios promovamos normas diferentes á que neste caso promovería probablemente o partido maioritario, neste caso a Xunta de Galicia, pero nós consideramos que os funcionarios públicos cumpren con ese deber de informar, e, no caso de que non se fixera, ben, pois xa sabemos tamén que hai outros mecanismos para ir en contra desa legalidade.

E, polo tanto, nós non cuestionamos a norma básica e tampouco imos cuestionar os informes xurídicos emitidos pola Xunta de Galicia, e evidentemente os informes xurídicos emitidos por esta cámara, que, como vostede ben sabe, como eu dixen na miña primeira intervención, fixeron unha nota informativa de observacións e recomendacións sobre eses artigos 47 e 59.3 do proxecto de lei, pero que posteriormente a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia avalou como correctos. Entón, parece que esas recomendacións eran correctas e que eran legais.

E, ademais, vostede sabe perfectamente que, se nós non aceptamos a introdución destas modificacións, que o único que fan é mellorar unha lei e digamos que dalgunha maneira evitar esa posible inconstitucionalidade da que falaban os Servizos Xurídicos desta cámara, o Goberno galego, a través da Lei de medidas fiscais, inmediatamente faría esa modificación ou inmediatamente promovería unha modificación a través de calquera outra proposición de lei.

Ben, nós insistimos en que se trata dunha lei, dunha norma eminentemente técnica, que adapta esa Lei galega de 2011 á normativa básica estatal de 2015, que tardaron oito anos. Por moito que vostede diga, señora Marisol Mouteira, que si, haberá unha razón que vostede aduce, pero oito anos parécenos tempo dabondo para facer unha adaptación da lei, e estou segura de que non estiveron oito anos traballando nela. Polo tanto, o que non había era moito interese ou moito apuro por sacala.

É unha lei importante, posto que establece un réxime xurídico dos bens e dereitos de titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais. E, como vostede ben dixo, aceptáronnos, en definitiva, 4 emendas, supoñendo que as que acaba de entregarlle ao presidente saian adiante, e 2 transaccións: unha que xa comentei antes, e sobre a que non me vou parar, e outra, que nós entendemos que mellora bastante o texto remitido polo Goberno galego.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A nós gustaríanos tamén que se admitiran algunhas outras emendas das que presentamos, que mellorarían a transparencia, e estoume a referir a unha emenda na que falamos sobre os inmobles vacantes e o seu dono coñecido ou outras sobre bens inmobles pendentes de regularización.

Pero tamén hai unha cuestión, que aínda que me queda moi pouquiño tempo, si que me gustaría que tiveran vostedes en conta e sobre a que dende este grupo sempre se fai bastante fincapé, e son as emendas número 1 e número 4, na que pedimos novamente que, no caso de que a adscrición ou a mutación demanial sexa a favor dunha entidade local de Galicia e derivada da asunción dunha competencia que corresponde financiar á Comunidade Autónoma, os gastos e os tributos sexan por conta da Administración autonómica.

Vostedes non admitiron estas dúas emendas, pero aínda están a tempo; estamos a uns minutos, aínda teñen que intervir os outros dous grupos e nós pediriamos que tiveran en conta iso, posto que, unha vez máis, parece que as administracións locais se teñen que facer cargo de determinadas competencias que son da Xunta de Galicia, pero que nese financiamento que é necesario (neste caso non se trata de competencias senón de mantemento de determinados inmobles ou de determinados ben), polo tanto, debera ser a Xunta de Galicia quen trasladara non soamente a súa titularidade senón os fondos necesarios para poder facerlle fronte.

E, por último, quería facer referencia a unha emenda que tampouco foi admitida polo grupo maioritario desta cámara, ou neste caso polo propio Goberno da Xunta de Galicia, e é a emenda 23, que é sobre medidas antifraude. Vouna ler simplemente para que tamén o teñan en conta, xa que temos aquí o conselleiro na materia, pois ao mellor pode facer un acto de xenerosidade e con esa persuasión da que falaba a señora Marisol Díaz Mouteira, pois a ver se é verdade, señora Marisol Mouteira, e o conselleiro a admite. O que dicimos é: «Sen prexuízo da publicidade legal a través do Rexistro Mercantil, que, se é o caso, sexa obrigatoria, as sociedades reguladas nos artigos 102.1 e 102.2 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, difundirán a través da súa páxina web a relación de indemnizacións aboadas e as súas persoas beneficiarias por asistencia aos órganos colexiados con carácter trimestral, os códigos de conduta ou as guías de boas prácticas que deban observar os plans antifraude e de integridade pública, así como as medidas adoptadas para evitar os conflitos de interese, e a identificación de parte da súa actividade vinculada a servizos de interese xeral, así como a información relativa aos procesos de contratación de persoal, conforme o disposto no artigo 112 da Lei 16/2010, do 17 de decembro».

Como vostede comproba, son 3 emendas que o único que piden é, nun caso, atender ás entidades locais, e, no segundo caso, atender a esas medidas antifraude, que con maior transparencia sempre será mellor a lexislación e o goberno de calquera administración, neste caso na autonómica.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos*.)

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo día e moitas grazas.

Ben, en primeiro lugar, pronunciarnos sobre a proposta de transacción e as emendas 24 e 25 do Partido Socialista, emenda transaccional do Grupo Popular e do Grupo Socialista, e manifestar a nosa conformidade —xa lla anticipamos no día de onte á voceira do Grupo Popular—, por dúas cousas: en primeiro lugar, porque cumpre o Regulamento, e, en segundo lugar, porque mellora o texto. Por tanto, dada a nosa vontade de diálogo, dado o respecto coas normas deste parlamento, por tanto, e tamén mellorando o texto inicial, pois, por suposto, aceptamos a introdución desa emenda.

Co que si non podemos estar conformes é coa manobra do Partido Popular e do Partido Socialista en reformar o artigo 59.3, porque, a diferenza do que acabamos de dicir, retorcen ou vulneran o Regulamento desta cámara. Unha consideración: sobre ese artigo 59 o Grupo Parlamentario Socialista non presentou ningunha emenda, considerou que era correcto; o Grupo Popular, por suposto, e con máis lóxica e debido ao seu funcionamento, así vertical dende San Caetano para aquí, non presentou. Os únicos que presentamos algunha emenda sobre ese artigo 59 fomos nós, de dereito e adquisición preferente, foi o Bloque Nacionalista Galego. Claro, o que non podemos admitir é que, entendéndoa correcta, despois pretendan nunha emenda gramatical —que paso a ler—, nunha emenda, a número 11 do Partido Socialista, que di, simplemente: onde di: «no primeiro sobre e se apreciar a existencia de erros» debe dicir: «no primeiro sobre e se aprecia a existencia de erros». Aproveitando esa emenda, modifican un artigo que non ten nada que ver doutro título, doutro capítulo, unha regulación do dereito de adquisición preferente, que non ten nada que ver con esa emenda gramatical. Iso é unha cuestión que ben podería ser considerada fraude de lei: aproveitar unha reforma, unha emenda técnica dun aspecto accesorio para modificar unha cousa totalmente distinta vía transacción. (*Aplausos*.) Eu, a verdade, considero que iso nin o Regulamento da Cámara o permite nin unha técnica lexislativa razoablemente seria o autoriza.

E o que é máis grave, señora Rodríguez Rumbo, e sen ánimo de polemizar, é que permitan a reforma dese precepto de adquisición preferente sen darse conta do que iso implica. ¿A que vou? O dereito de adquisición preferente ¿que é? Que, no caso de venda dun inmoble por parte da Xunta de Galiza, os que teñan un dereito sobre ese ben teñen prioridade para quedar con el. Claro, pero, se ve o texto, señora Rodríguez Rumbo —que estou convencido de que lle puido pasar desapercibido—, resulta que neste texto son bastante arbitrarios á hora de dar aos amiguetes ese dereito de adquisición, perdón, esas concesións. Son arbitrarios, agora moito máis discrecionais, desde logo, que na norma do Estado. Por ese interese socioeconómico admiten a posibilidade de realizar e adxudicar concesións, concesións que despois estamos admitindo que dean lugar a consolidar e a ter adquisición preferente.

Creo que aí, probablemente, non adiviñaran ben onde estaba a bolita, porque, se algo ten este texto —e a diferenza do Estado— é que introduce esa posibilidade de por un interese

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

difuso socioeconómico, que non está na regulación estatal. Esa é unha das poucas novidades que introducen, como tamén na Lei dos orzamentos, cando na Lei de acompañamento sempre que se fala de empresas eólicas, aparece ese difuso interese socioeconómico. Pois ben, aquí fano para outorgar concesións, concesións que despois poden dar lugar a adquirir a propiedade deses bens do Estado.

Por certo, reflexionen, porque ese interese socioeconómico, que aquí está no artigo 103, ao mellor, por certa regulación mimética, podería dar lugar á ilegalidade do artigo 46. Por favor, reflexionen antes de que aproben isto, porque vostedes, que son tan partidarios dese criterio de que a lexislación básica do Estado é intocable e hai que respectala, pois ao mellor nese caso, por ese exceso, por esa introdución —tan pouco casual— do interese socioeconómico, estean prexudicando a legalidade —de acordo co seu criterio— doutro precepto. Miren ben, porque ao mellor aí fóiselles a man e non viron a coherencia dun artigo con outro; ao meu ver, sería bo darlle unha pensada.

Nós, sobre ese artigo 59, sobre ese privilexio de adquisición preferente, si emendamos para pedir a súa supresión.

E, por último, dicir tamén unha consideración, unha pequena reflexión: lexislación básica, ben, en primeiro lugar nós non cuestionamos que un texto legal do Estado poida ser legal ou non, non somos quen para cuestionar esa legalidade, para iso está o Tribunal Constitucional, non o cuestionamos, non ía diso a miña intervención, e se dixen o contrario, rectifico; non o cuestionamos. O que si cuestionamos é que, porque o Estado regule algo e que o Estado considere que é básico, nós teñamos que aceptar o criterio do Estado. Porque o Estado diga que é básico non ten por que ser, non ten, señor conselleiro. Non temos por que facer seguidismo desa regulación do Estado, non temos, non; porque o Estado diga que é básico pode non selo. De feito, a Asesoría Xurídica consideraba que un precepto non era básico e os Servizos Xurídicos do Parlamento consideraban que si. O que determina iso será o Tribunal Constitucional.

O que nós non podemos admitir é esa supeditación dos intereses galegos á regulación do Estado. O Estado di que é básico, pois será básico, entón xa non entramos. E se, en lugar dunhas competencias compartidas, en lugar de facer unha norma xeral, fai unha norma profundamente esgotadora e profundamente regulamentista, ¿aceptariamos que nos baleiren de competencias? Sexan un pouco máis ambiciosos. Xa que non o son ou o foron durante estes catorce anos á hora de reclamar transferencias ao Estado, polo menos non sexan tan acomodaticios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...ou non fagan tanto seguidismo no que o Estado considera básico e nos impide regular. Non se acomoden a iso. Pensen no benestar dos galegos e das galegas e non no que poidan decidir dende Madrid.

En todo caso, e xa co tempo esgotado e agradecendo a paciencia da Presidencia, si entendemos que deben rectificar, deben reconsiderar algunhas das emendas que

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presentamos: as que van dirixidas a protexer os dereitos das persoas, o dereito de defensa, ou incluso, por ser especialmente ilustrativo, entendo que o traballo de poucos funcionarios e funcionarias públicas, á parte dos custos que poidan implicar, á parte dos xuros sobre eses custos que poidan implicar, como é o caso das sucesións hereditarias *ab intestato*, un 20 por cento do patrimonio hereditario, un mínimo de 6.000 euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...en herdanzas que poden ser de bens rústicos ou que poden atinxir a emigrantes, cando menos merece unha consideración, coa mesma extemporaneidade que presentaron outras emendas.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Tabarés, claro que, sen dúbida, existen pois diferentes xeitos de trazar liñas estratéxicas e normativas para unha lei como é a que hoxe traemos aquí, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, pero esas liñas, señor Tabarés, nunca serán nin arbitrarias nin discrecionais, nin moito menos en fraude de lei.

Partimos, dende o grupo parlamentario, así como dende o Goberno, do respecto á lei, e, dentro das posibilidades que nos ofrece precisamente a lei, tratamos de seguir sobre todo eses criterios dos Servizos Xurídicos da Cámara, que para nós son suficientes, para esa orientación e para que o texto legal saia axustado á legalidade.

Nesta segunda intervención quixera determe nunhas breves consideracións en relación, inicialmente, coas emendas que foron aceptadas. Na maioría dos casos estamos a falar de pequenas melloras de redacción, de cambios conceptuais, falabamos incluso de cuestións de terminoloxía no exercicio dunha linguaxe inclusiva, e noutros casos parecera —xa o comentabamos na ponencia— unha especie de afán fiscalizador como introducindo expresións como «debidamente motivada», «xustificados» ou «resolución motivada».

Entendemos en todos e cada un destes casos que se sobreentende, e porque así o exixe o procedemento, señorías, o que non foi obstáculo para a súa aceptación, entendendo que a maioría dos casos están debidamente xustificados polas características, peculiaridades ou circunstancias dos propios bens.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En canto ás emendas rexeitadas dos grupos da oposición, quería facer tamén unha primeira consideración xeral, onde tanto o BNG como o PSdeG plantexaron emendas que foron rexeitadas, algunhas por tratar de cuestións ou materias alleas ao proxecto de lei que nos ocupa, noutros casos por carecer a Comunidade Autónoma de ámbito competencial, e noutras ocasións pola pouca incidencia práctica máis alá de completar a denominación ou terminoloxía do texto do proxecto de lei.

Tamén noutros casos parece que relaxaran vostedes as medidas protectoras da integridade do patrimonio da Comunidade Autónoma, cuestión que entra en contradición con outras emendas presentadas tamén polas señorías da oposición, das que se desprende unha manifesta desconfianza coa garantía dos procedementos empregados pola Administración —como veu de suxerir o señor Tabarés nesta segunda intervención— no que a xestión do seu patrimonio fai a Xunta de Galicia.

Tamén houbo outras emendas que se rexeitaron porque entendemos simplemente que a redacción do proxecto de lei pois era máis acertada, era máis comprensible, e non tanto as emendas dos grupos da oposición, que viñan aportar inseguridade e non claridade.

Tendo en conta a cuestión do tempo e a casuística variada, podemos agrupar as causas do rexeitamento das emendas formuladas pola oposición en tres grandes grupos, e vou intentar dar esas breves pinceladas que sirvan de base a ese fundamento do rexeitamento.

Un primeiro grupo de emendas foron rexeitadas porque as consideramos redundantes, redundantes porque introducen na normativa galega de patrimonio aspectos xa contemplados noutras normas.

Así, podo pór por exemplo a emenda número 1 do Bloque Nacionalista Galego, na que piden que a consellería inicie, sempre de xeito razoado, procedementos relacionados coa afectación do dominio público, cuestión que xa aparece recollida no artigo 58 da Lei de procedemento administrativo común.

Tamén, por exemplo, a emenda número 17 do Partido Socialista, na que, a través dun novo artigo, pretenden establecer e definir o réxime de constitución das sociedades mercantís públicas autonómicas, aspecto xa previsto na Lofaxga, en concreto nos artigos 104 e 54.

Tamén, señora Rumbo, a emenda número 23 —que vén de mencionar vostede na segunda intervención—, na que piden dar publicidade ás indemnizacións por asistencia a órganos colexiados e sobre os procesos de contratación, cuestións que xa forman parte das medidas antifraude previstas na Lofaxga e recollen as contas anuais, que se poden consultar vía web.

Tamén podemos facer referencia á emenda 29 do BNG, que pide que se emita un informe técnico competente para xustificar a admisión de ofertas de compra con valores inferiores aos prezos de mercado, cuestión xa prevista no artigo 72.2 da propia lei.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai outro segundo grupo de emendas, que consideramos ao noso xuízo que non eran correctas dende o punto de vista técnico-xurídico. Así, temos a emenda número 27, por pór un exemplo —que non me daría tempo de analizar cada unha—, que pretende incluír na web do perfil do contratante contratos de carácter patrimonial, cando só está permitido publicar aqueles que teñan un carácter administrativo. A emenda 76 tamén do BNG, onde pretenden que se elabore un manual de xestión do uso dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, descoñecendo que os aspectos que se pretenden introducir xa están contemplados na normativa especial, como o Código técnico de edificación ou a normativa de prevención de riscos laborais.

E hai un terceiro grupo de emendas que podemos considerar contraditorias co obxecto pretendido nesta lei, que non é outro que simplificar e axilizar a xestión dos bens. Así, por exemplo, temos a emenda número 23 do BNG, que pide suprimir a posibilidade de que as taxacións dos bens mobles poidan ser realizadas por profesionais especializados na materia. Na práctica hai bens de moi diversa consideración, como poden ser abrigos de pel, coches, xoias, que a Administración percibe como herdanza e que precisan deses taxadores especializados nese ámbito, sen cuxo apoio sería imposible esa taxación dun xeito obxectivo. Tamén podemos facer referencia á emenda número 26 do BNG, que pretende eliminar, entre as causas autorizadas para a compra directa de inmobles, a especial idoneidade do ben, que tamén forma parte da lexislación estatal e mesmo doutras comunidades autónomas. A emenda número 35, que pretende limitar a posibilidade de prorrogar o arrendamento directo de bens inmobles, e que obrigaría a Administración a buscar continuamente novos locais, co previsible aumento de custo.

Dende un primeiro momento, en todo caso, señorías, a intención do Goberno da Xunta de Galicia e da Consellería de Facenda foi dotar Galicia dunha Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma o máis consensuada posible, non esquecendo, por suposto, o carácter, no que todos coincidimos, eminentemente técnico da mesma.

Houbo puntos de vista diferentes, si, e tamén en moitos casos houbo puntos de vista opostos, pero houbo diálogo, señorías; se puidera ser, que servira de base para seguir traballando polas galegas e polos galegos.

Insisto de novo en dar as grazas a todos e a todas polas súas achegas, e tamén pola súa actitude participativa, pola súa colaboración, agardando o seu apoio a esta nova Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Remato xa, non sen antes reiterar o meu agradecemento e o do grupo parlamentario que represento aos Servizos Xurídicos da Cámara, e en especial —insisto— a don Juan Carlos Caride pola súa dispoñibilidade e comprensión.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación das emendas mantidas e do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto as números 1 á 4, a 6, a 8, a 10, a 12 e da 13 á 27.

Votamos.

(Murmurios.)

Perdón, son estas cousas de última hora.

Entón, imos empezando polas que se exclúen, e así acabamos antes.

Entón, votamos unha transacción do Grupo Parlamentario Socialista que se fai co Grupo Parlamentario Popular. Votamos entón a número 25 do Grupo Parlamentario Socialista, cunha transacción co Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da emenda número 25 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos a emenda número 24, que é unha emenda de corrección gramatical.

Votamos.

Votación da emenda número 24 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta emenda.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: E, agora si, votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista números 1 á 4, 6, 8, 10, 12, e da 13 á 27, a excepción da 25 e da 24.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia números 1 á 4, 6, 8, 10, 12, e da 13 á 27, a excepción da 25 e da 24, ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto as números 1, 3, 4, 5, 7, 9, 10, 12, da 14 á 21, 23, 24 á 42, 44, 45 á 71, 75 e 76.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego números 1, 3, 4, 5, 7, 9, 10, 12, da 14 á 21, 23, 24 á 42, 44, 45 á 71, 75 e 76, ao Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos o ditame da comisión, coas emendas incorporadas.

Votamos.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión e aprobada consecuentemente a lei.

O señor PRESIDENTE: Terminaron aquí as votacións e continuamos coa orde do día.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración da orde do día, que xa foi comunicada aos portavoces e ás súas señorías.

Comezamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

O punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«3. Habilitar no mes de xaneiro unha axuda extraordinaria para o alumnado que estea cursando a educación obrigatoria no curso 2023-2024».

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os puntos 3 bis e 3 ter, que terán o seguinte contido:

«3 bis. Habilitar nos orzamentos para 2024 as contías orzamentarias necesarias para garantir a gratuidade dos libros de texto do alumnado que curse a educación obrigatoria para o curso escolar 2024-2025».

«3 ter. Habilitar no orzamento para 2024 a contía orzamentaria suficiente para sufragar o 100 % do custe das escolas de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos».

Emenda de modificación.

O punto 4 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«4. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para solicitarlle que se reúna coas entidades bancarias co fin de acordar medidas que sirvan de alivio ás familias no pago das súas hipotecas».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bos días a todas e a todos.

Antes de máis, gustaríame aproveitar a ocasión para transmitir o meu agradecemento e a miña solidariedade cos meus compañeiros e compañeiras docentes, que neste momento están en folga e que se van manifestar en breve diante do Goberno da Xunta de Galiza, en contra dun acordo que é unha fraude, que non supón o recoñecemento de melloras e dereitos *(Aplausos.)*, e agradecer, en nome do Grupo Parlamentario do BNG, o seu esforzo por defender o noso ensino público.

Ben, hoxe volvemos falar da crise de prezos e das medidas que hai que arbitrar ao respecto, e facémolo conscientes de que seguramente batamos novamente cun goberno absolutamente inmóbil, que non quere moverse nin un só centímetro, pero facémolo por responsabilidade. Facémolo por responsabilidade porque a consolidación, a cronificación da crise de prezos é un dos principais problemas dos galegos e galegas hoxe, que ven como perden poder adquisitivo por terceiro ano consecutivo. E podería ser esperable que discrepemos nas medidas, pero é que —repito— o negacionismo neoliberal que aplica o Goberno do Partido Popular é tal que realmente negan a maior, negan que a situación continúa a ser excepcional.

O grande argumento que nos últimos meses ou semanas esgrimen desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular cando se votan propostas para axudar a quen peor o está pasando é que, como a pandemia xa quedou atrás, teoricamente xa non hai medidas extraordinarias que tomar, cando, como digo, por terceiro ano consecutivo os galegos e galegas perden poder adquisitivo, continúa subindo a inflación, continúa subindo a inflación máis en Galiza que no resto do Estado, e iso significa que nos empobrecemos a máis velocidade.

Negamos a maior, porque a crise de prezos segue connosco, e non só non pasou, non só non quedou atrás, senón que segue connosco cun efecto alongado no tempo, que fai que algunhas das consecuencias sexan máis intensas. Que leve tanto tempo connosco non fai que esta crise de prezos sexa normal ou deixe de ser excepcional. O que pasa é que hai quen intenta normalizar esta situación, que a aceptemos como normal, como habitual, e que, polo tanto, deixemos de buscar medidas para ter un resultado diferente.

Pero, desde logo, no BNG non queremos facelo. No BNG non queremos normalizar e asumir como natural e inevitable que arredor de 35.000 persoas neste país declaren que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días. Este indicador empeorou desde despois da pandemia. No ano 2021, en plena crise pospandemia, estaba no 2,1 por cento e hoxe está no dobre que no 2021 e tres veces máis que antes da pandemia, ¡tres veces máis que antes da pandemia!

Desde o BNG desde logo non queremos normalizar e asumir como natural e inevitable que máis da metade dos fogares galegos cheguen con dificultade ou moita dificultade á fin de mes. E non queremos normalizar e asumir como inevitable que neste país, que, ademais, é produtor excedentario neto de enerxía eléctrica, haxa 419.000 persoas que declaran que non poden ter a súa vivenda a unha temperatura adecuada.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estas consecuencias, esta realidade non é un designio divino, non é unha casualidade cósmica do universo; é o resultado de políticas económicas e sociais que non funcionan e que avalan un modelo social e económico absolutamente inxusto, e que desde o BNG non imos dar por bo.

Porque aquí, á fin e ao cabo, do que estamos a falar é de modelos, de modelos económicos e sociais, e aquí hai dous: o do Partido Popular, que quere que se asuma a realidade que nos deixa a crise de prezos e as dificultades de milleiros de galegos e galegas como algo normal, que é parte da nosa realidade; e o modelo do BNG, que aposta por combater esta realidade e por facer que a política económica, a política fiscal e a política social e de servizos públicos da Xunta de Galiza sirva para redistribuír a riqueza e sirva para axudar a quen peor o está pasando.

E como, ademais, coincide en que esta moción se substancia á porta do debate orzamentario, que comezaremos en comisión pasadomañá, pois eu quixera que, xa que imos botar dous meses escoitando que desde a oposición non sabemos sumar e ler practicamente, pois que nos puideramos poñer de acordo cando menos na diagnose, se non nas medidas, cando menos en que hai problemas que temos que atallar e solucionar.

Por iso, vou facer, esperanzada —a esperanza é o último que se perde—, un novo intento, e voulles ler ás súas señorías algunhas afirmacións, a ver se desta vai.

Primeira, os principais organismos públicos e privados prevén unha desaceleración da actividade na segunda metade do ano 2023; a economía galega mostra signos de ralentización no segundo semestre de 2023. Segunda, os principais organismos nacionais e internacionais elaboradores de previsións están a revisar as súas estimacións de crecemento á baixa para 2024. Terceira, todos os organismos subliñan nas previsións unha menor redución da inflación respecto do que se esperaba.

Supoño que as súas señorías, ou algunhas, identifican estas afirmacións. Deixei o libro no escano, pero é do informe económico-financeiro que acompaña os orzamentos que veñen de entrar na Cámara; non saquei aquí, porque non lles gusta ás súas señorías, o informe do Consello Económico e Social; tampouco volvín traer o Informe do Foro Económico de Galiza; e tampouco trouxen o Informe do IGADI ou o Informe, por exemplo, que recentemente sacaba a Cámara de Comercio da Coruña, que alertaba tamén dunha situación complicada no plano industrial. Ademais disto, a realidade é tan teimuda que incluso os propios orzamentos da Xunta de Galiza describen esa realidade; o problema é que, despois, as medidas non van acordes con esa realidade económica, pero se nos podemos poñer de acordo nestas tres cuestións: en que hai unha ralentización económica ao final deste ano, en que se enfrían as expectativas para o 2024 e en que, outra vez, por terceiro ano consecutivo, a inflación evoluciona peor do que se espera, a conclusión é clara: é que hai menor capacidade económica dos fogares, e que, polo tanto, as carencias que había se están mantendo e pode haber outras novas. Polo tanto, entendemos que isto debera ser suficiente para aceptar que hai que tomar medidas excepcionais, que hai que tomar medidas que o Goberno galego non está tomando, porque, ademais, vemos como o endurecemento da política financeira, a evolución dos xuros afecta especialmente os fogares e tamén as pequenas e as medianas

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empresas e porque sabemos que, ademais, 2024 vai ser un ano difícil; un ano para o cal xa se está prevendo que se retiren medidas habilitadas de tipo excepcional, como as que flexibilizan o gasto da Comunidade Autónoma ou como, por exemplo, as que afectan os prezos enerxéticos, e que iso pode traer unha repunta da inflación, e se hai esa esperable repunta da inflación vai haber máis empobrecemento en Galiza, e, polo tanto, habería que tomar medidas desde xa para paliar as súas consecuencias e anticiparse.

E, ademais, acaba de saír tamén hai poucos días o novo Informe da Rede galega contra a pobreza: melloramos lixeiramente en termos absolutos no risco de pobreza, pero aínda así temos un 23,6 por cento de galegos e de galegas —case un cuarto da poboación—, isto é, máis de seiscentas mil persoas en risco de exclusión social ou de pobreza. Non podemos normalizar esas cifras, e hai que actuar para evitar que avancen; ademais, hai algo moi preocupante, porque ese informe ten sombras. Unha das sombras é que aumenta o empobrecemento dos que peor estaban, é dicir, quen peor o estaba pasando está pasando máis problemas neste momento. Aumenta a taxa de privación material social e severa, acadando o 6,3 por cento; son cifras máis intensas que antes da pandemia. No ano 2022 cerca de cento setenta mil persoas estaban en circunstancias de privación material severa. E poderiamos preguntarnos: ¿por que pasa iso? Pois o terceiro sector, as persoas expertas que elaboran este informe, teñen unha resposta que lles vou ler literalmente: «Este dato, o de cálculo máis recente, é preocupante porque, por unha banda, reflicte xa o impacto da crise motivada pola inflación, especialmente as dificultades no acceso á vivenda, pero, pola outra banda, detecta tamén o relaxamento das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, como a Tarxeta Básica». É dicir, o terceiro sector, as persoas expertas, están dicindo que está pasando o que advertiron e o que advertimos desde a oposición nesta Cámara: que retirar prematuramente medidas excepcionais e necesarias, como a Tarxeta Básica, ía traer consecuencias; polo tanto, apelamos a que, diante deste debate orzamentario, o Goberno galego rectifique e tome medidas para evitar que cuestións tan importantes, como a privación material severa, as persoas que peor o están pasando —cento setenta mil persoas no noso país— teñan medidas de soporte.

Pero, fronte a iso, estamos acostumadas a ver un Goberno conformista que mantén unha política fiscal, financeira e económica afastada das maiorías sociais. Hoxe apelamos a unha rectificación, propoñendo medidas como: activar un paquete de resposta rápida para os orzamentos do Goberno galego, recuperando a Tarxeta Básica e incorporando medidas para facilitar o acceso aos produtos frescos e de proximidade no noso país; medidas, como impulsar un diálogo a través do CES para aplicar un paquete de medidas extraordinarias no primeiro semestre de 2024, porque sabemos que vai ser un semestre complicado; ou medidas, como que, diante da situación que se está vivindo cos xuros da banca, se habilite un fondo de rescate hipotecario que estea maioritariamente financiado pola banca. Estas son medidas importantes. Esperamos que o Goberno galego rectifique.

En conclusión, hoxe debatemos dous modelos económicos: o do Partido Popular, a quen non lle importa que a crise de prezos consolide a desigualdade social porque é o seu modelo ideolóxico, político e económico; e a do BNG, que quere unha Galiza diferente, que chama por esa Galiza que vén, e que merece unha saída xusta á crise, na cal haxa unha redistribución da riqueza.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Agora imos saudar os alumnos de segundo da ESO do IES A Pinguela, de Monforte de Lemos, que hoxe nos acompañan e visitan o Parlamento; tamén saudamos os seus profesores, que están tamén con nós.

E agora continuamos co debate.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Súmome ao saúdo aos alumnos e ás alumnas, así como ao profesorado do instituto que hoxe nos acompaña.

Pois ben, a tónica habitual da Xunta de Galicia nos catorce anos que leva gobernando ante os problemas de Galicia, ante os problemas dos galegos e das galegas e ante os problemas das persoas que vivimos en Galicia, é que non pon medidas, non pon recursos nin procura consensos para buscar solucións e saír adiante todos e todas xuntas sen deixar ninguén atrás.

Para a Xunta de Galicia é máis doado construír un relato, mirar para un lado e mirar para o outro e asignar culpas ao resto das administracións: aos concellos, ás deputacións e sobre todo ao Goberno do Estado. Todos son culpables se nesa administración non goberna o Partido Popular porque cando goberna o Partido Popular no Estado, o Partido Popular de Galicia nin nada solicita, nin nada exixe e só participa nesa procesión dos caladiños e move a cabeza asentindo. *(Aplausos.)* Os deputados e as deputadas do Partido Popular deberan recordar que o PP goberna na Xunta de Galicia para xestionar os recursos dos galegos e das galegas, para exercer as competencias que teñen asignadas e para atender as necesidades das persoas que vivimos neste país.

Os membros do Goberno galego atoparon no presidente lexítimo do Goberno de España, o presidente Pedro Sánchez, a escusa perfecta para tapar todas as súas vergoñas, para tapar a súa falla de xestión, a súa falla de previsión e a súa falla de liderado en España e en Europa. Vou facer un pouco de historia para apoiar a miña argumentación. Durante a gran recesión, a crise que se iniciou no ano 2008, a Xunta de Galicia non arbitrou nin unha soa medida que impedise que as persoas perdesen os seus empregos, ningunha medida para que as empresas non tivesen que pechar e ningunha medida para que os fogares máis vulnerables tivesen axudas e para evitar a súa exclusión económica ou social. E,¿ que fixo na mesma etapa o Goberno do Estado liderado por Mariano Rajoy? Pois ese si que adoptou unha serie de medidas; ¿saben cales?: austeridade, é dicir, precarización dos servizos públicos, abandono das empresas e das persoas, e, iso si, cumprir coas regras fiscais. E, como non podía ser

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

doutro xeito, o Goberno galego, co expresidente Feijóo á cabeza, cando gobernaba Mariano Rajoy, foi o alumno máis avantaxado da clase, e aplicou ese austericidio.

Pois ben, en marzo de 2020 chegou a pandemia da covid-19, provocando a maior crise sanitaria, económica e social coñecida dende a Guerra Civil. E, ¿que fixo o Goberno do Estado liderado por Pedro Sánchez? Aprobar o maior paquete de medidas económicas e sociais da historia para que as familias, os sectores produtivos e o emprego se puidesen manter sen deixar ninguén atrás. *(Aplausos.)* E, ¿que fixo, entón, o Partido Popular de Feijóo? Confrontar todos os días co Goberno do Estado, construír un relato para desprestixiar o Goberno de España, culpar de todos os males a Pedro Sánchez e procurar que os fondos europeos non chegasen a España.

E, cando estabamos remontando desta situación —desta crise— chegou a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, en febreiro de 2022. Isto veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise, coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas, na industria e nos mercados globais e, sobre todo, no crecemento económico a medio e longo prazo. ¿Que fixo nese momento, novamente, o Goberno do Estado, encabezado polo presidente Pedro Sánchez? Aprobar inmediatamente un novo paquete de medidas de máis de quince mil millóns de euros para paliar os efectos desta nova situación económica. ¿E como?: incrementando nun quince por cento o ingreso mínimo vital e as pensións non contributivas; creando un bono social de douscentos euros e unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles; limitando nun dous por cento o incremento dos alugueiros; incrementando o Bono Eléctrico para as familias máis vulnerables; rebaixando en vinte céntimos por litro os combustibles ou aprobando o Bono Alugueiro para a xente moza, que supón douscentos trinta e cinco euros ao mes, para as persoas menores de trinta e cinco anos. Esa axuda a chicas e chicos, que vende a Xunta de Galicia, pero que vén con fondos única e exclusivamente do Estado, *(Aplausos.)* do Estado encabezado por Pedro Sánchez —e tamén o tedes que saber—. E, ¿que fixo o Goberno de Feijóo e de Rueda novamente? Criticar as medidas postas en marcha polo Goberno do Estado, non achegar ningún recurso adicional ás medidas do Estado, retirar a Tarxeta Básica que daba cobertura a setenta e cinco mil familias galegas, anunciar o Bono Alugueiro Xove —ese que vos comentaba—, que vén con fondos do Estado, e rebaixarlles —iso si— no cincuenta por cento a cota do imposto sobre patrimonio ás sete mil setecentas persoas máis ricas da nosa comunidade; é dicir, quítanlles aos que menos teñen para darlles aos que máis teñen.

Como vemos —e como ben apuntaba a miña antecesora na palabra—, a situación económica vai ter tamén unha ralentización. E agora mesmo acaban de entrar os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2024, anunciando, novamente, uns orzamentos históricos, os máis altos da historia; por certo, os orzamentos históricos máis altos da historia da Xunta de Galicia nos cinco anos en que Pedro Sánchez foi presidente do Goberno do Estado. *(Murmurios.)* ¡Si, pois son os que vostedes anuncian!, e se non miren cales son os fondos que veñen do Estado, non soamente os que veñen a través do financiamento autonómico, senón tamén os fondos finalistas, históricos grazas ao Goberno encabezado por Pedro Sánchez. Pois, ¿van vostedes atender con estes orzamentos históricos a realidade social e a realidade económica das persoas máis desfavorecidas?

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois ben, a semana pasada, concretamente o 17 de outubro, a Rede europea contra a pobreza e a exclusión social presentou, na Valedoría do Pobo, o seu décimo terceiro informe sobre a situación en Galicia, que nos volve insistir en que o acceso á vivenda e o alto prezo da enerxía lastran os fogares máis vulnerables. Temos seiscentas trinta e seis mil persoas residentes en Galicia, en 2022, en risco de pobreza e exclusión social —esa taxa AROPE—, quere dicir, case o vinte e catro por cento da poboación total galega, e, aínda que diminúe o número de persoas, Galicia mantense lonxe do cumprimento do acordado na Axenda 2030 ou nesa meta do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, que foi aprobado hai pouco neste Parlamento galego, e, segundo o cal, a diminución en 2026 tiña que ter sido en cento catorce mil persoas; e esta Xunta de Galicia só acadou o trinta e sete por cento do obxectivo marcado.

É verdade que este informe que acaba de presentar a Rede galega de loita contra a pobreza tamén nos di que se reduce a taxa de pobreza feminina, pero crece a fenda de xénero e afecta especialmente os fogares monoparentais ou os das persoas maiores que viven soas. E nós preguntamos novamente: ¿onde están esas medidas aprobadas pola Xunta de Galicia nesa Lei de impulso demográfico para apoiar esas familias monoparentais, cando representan o 49,2 por cento que seguen na pobreza?; é dicir, o 49,2 por cento das familias monoparentais seguen en situación de pobreza. E, ¿que vai facer a Xunta de Galicia?

Pois ben, a taxa de pobreza descendeu, pero seguen sendo case quiñentas mil persoas, é dicir, o 18 por cento da poboación total galega; e a taxa de pobreza severa en Galicia, en 2022, chegou ao 6,8 por cento da poboación, é dicir, son fogares que viven cun ingreso máximo mensual de quiñentos sesenta euros, nun fogar dunha persoa, ou con menos de mil cento setenta e sete euros ao mes, no caso dun fogar composto por dous adultos e dous fillos ou fillas. Explíquennos, con estes datos, señores e señoras do Partido Popular, cales foron as razóns polas cales a Xunta de Galicia eliminou a Tarxeta Básica; unha medida que tivo efectos positivos e que colaborou para evitar a pobreza e a exclusión social de familias en Galicia, con orzamentos que acadaron cifras históricas —repito— dende que está Pedro Sánchez na Moncloa. ¿Queren vostedes que incremente o número de persoas pobres no noso país?; ¿queren vostedes que incremente o número de persoas en risco de pobreza ou de exclusión social en Galicia? Pois parece, máis ben, unha medida ideolóxica: quítolles aos pobres para darlles aos ricos mentres xestiono os orzamentos máis altos da historia.

Perdóeme que lles diga, señores e señoras do Partido Popular, pero vostedes o que non teñen é vergoña. ¿Saben que a taxa de privación material e social severa aumentou en Galicia ata acadar o 6,3 por cento?; é dicir, case cento setenta mil persoas en Galicia non poden manter a vivenda a unha temperatura adecuada, non poden facer fronte a gastos imprevistos, non poden permitirse unha comida de carne ou peixe cada dous días, non poden permitirse dispor dun automóbil, teñen atraso no pagamento dos gastos da vivenda principal ou nas compras, ou non poden substituír os mobles estragados.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Propuxemos unha emenda ao Bloque Nacionalista Galego en tres puntos que nos parecen fundamentais: o primeiro é habilitar nos orzamentos para o 2024 as contías orzamentarias necesarias para garantir a gratuidade dos libros de texto de todo o alumnado que curse a educación obrigatoria para o curso escolar 2024-2025; o segundo é habilitar, no mes de xaneiro, unha axuda extraordinaria para o alumnado que estea cursando a educación obrigatoria no curso 2023-2024; o terceiro é habilitar no orzamento para o 2024 a contía orzamentaria suficiente para sufragar o cen por cento do custo das escolas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de educación infantil de nenos de 0 a 3 anos e instar o Goberno do Estado para que se reúna coas entidades bancarias, co fin de acordar medidas que sirvan de alivio ás familias no pagamento das súas hipotecas.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo; grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Señora Presas, para poder axudar as familias cómpre orzamentos. Por fortuna, Galicia vai contar por quince anos consecutivos cuns orzamentos no día 1 de xaneiro, e vai contar con eles a pesar de que o Goberno do Estado —ese que ven tan magnánimo dende o PSOE— aínda non nos dixo con que cartos imos poder dispoñer; nin sequera quixo falar diso porque o señor Sánchez anda estes días máis preocupado noutras cousas. O señor Sánchez —El Magnánimo, para vostedes— resulta que lle importa cero a inflación estes días; impórtanlle cero as familias; impórtalle cero o risco de pobreza; impórtalle cero a igualdade das mulleres.

O señor Sánchez ten todo o seu Goberno en funcións funcionando unicamente para volver comprar o despacho da Moncloa; unicamente para iso, e, ademais, para iso vostedes non escatiman en gastos: ¿catrocentos cincuenta mil millóns de euros para Cataluña?¡Alá van!, aínda que os teñamos que sacar ao resto de autonomías. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*¿Que agora queremos tamén unha amnistía?

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Pois, amnistía. ¿Que queremos referendo? Pois referendo. O que faga falta señorías, o que faga falta por un sillón na Moncloa. *(Aplausos.)* Ese é o Goberno que temos.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E o BNG tan feliz; o BNG, aquí tan reivindicativo, é totalmente submiso en Madrid: submiso aos seus amigos de Bildu, submiso aos independentistas compañeiros cataláns, e dicindo, «si bwana», absolutamente a todo o que pide Pedro Sánchez, como fixeron hai catro anos e como —estean seguros— van volver facer agora, continuamente, cando o diga, como o diga, sen absolutamente nada a cambio para Galicia, nada a cambio para os galegos. Esa é a oposición que temos en Galicia, coa vista posta en España, coa vista posta en que se forme un Goberno, á custa de quen sexa, para que os que perderon gañen e gobernen España. Esa é a oposición que temos aquí.

Pois miren, señores, dende o Partido Popular, dende a Xunta de Galicia, o que nos importa é os galegos; o que nos importa é o que pasa en Galicia, e, por iso, este ano, por quince ano consecutivo —como dicía— aprobaremos en tempo os orzamentos da Xunta de Galicia. Serán —¡si!— os máis elevados da historia e serán tamén os máis sociais: catro de cada cinco euros estarán dedicados ás políticas que lles interesan ás persoas, que lles interesan ás familias; catro de cada cinco euros estarán dedicados á sanidade, á educación, ás políticas sociais e ao emprego. *(Aplausos.)*

E a pregunta é: ¿o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego —que se amosan aquí tan interesados polas familias— van votar a favor ou en contra dos orzamentos máis sociais da historia de Galicia?; ¿o PSOE e o BNG van votar a favor ou en contra de que todos os dependentes atendidos na súa casa teñan un bono de cinco mil euros?; ¿van votar a favor ou en contra de que os dependentes que queiran ter os seus familiares nunha residencia que elixan teñan un bono de mil douscentos euros?; ¿o PSOE e o BNG van votar a favor ou en contra de que todos os maiores de sesenta e cinco anos poidan ter un carné que lles facilite descontos en moitas compras que fagan os servizos?; ¿van votar a favor ou en contra de que os mozos, que tamén teñen dificultades para poder practicar deporte —que é algo fundamental no seu desenvolvemento—, poidan contar cun bono de cento vinte euros para a práctica de deporte —que é unha práctica fundamental para a saúde e o desenvolvemento deses nenos—?; ¿van, o PSOE e o BNG —tan preocupados polas políticas sociais—, votar a favor ou en contra de que a educación de 0 a 3 anos sexa gratuíta en Galicia?; ¿van votar a favor o en contra dun calendario vacinal, que é o máis amplo de Europa, e que aforra, ata oitocentos euros, nas vacinas pediátricas?

Miren, os galegos merecen saber, xa dunha vez, se o que vostedes din aquí é pura propaganda ou se, de verdade, queren axudalos; se, por unha vez, van poñer, por diante da súa ideoloxía e da súa confrontación política, os intereses de quen máis o necesita, porque, dende logo, dende o Partido Popular, dende a Xunta de Galicia de Alfonso Rueda, ¡si o imos facer!, con vostedes ou sen vostedes; gustaríanos que fose con vostedes, pero, se non é posible, farémolo sen vostedes, como viñemos facendo ata agora. *(Aplausos.)*

¡E, claro!, ¡claro que nos importa a inflación!; claro que é unha das principais preocupacións e ocupacións do Goberno galego, aínda que —aínda que— os mecanismos para influír nela dependen fundamentalmente do Goberno estatal, pero o Goberno galego elaborou un Plan estratéxico de Galicia 2020-2030, como un instrumento estratéxico con metas por enriba de perturbacións conxunturais, por moi graves que estas sexan; un plan que é flexible, con capacidade para adaptarse ás posibles circunstancias adversas que se van producindo, e as

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

medidas que a Xunta de Galicia leva tomando para axudar as familias dende que a inflación se empezou a disparar —e tamén dende antes— empezan a ter os seus resultados.

Efectivamente —xa se dixo aquí—, no Informe da Rede europea da loita contra a pobreza e a exclusión social ponse de manifesto que a taxa AROPE é a máis baixa dos últimos cinco anos en Galicia e 2,4 puntos inferior á estatal, e a taxa da pobreza infantil ten o rexistro máis baixo de toda a serie histórica. ¿Estamos satisfeitos? De ningunha maneira. ¡¿Como imos estar satisfeitos?! Nin nós, nin vostedes, nin a sociedade; mentres siga habendo risco de pobreza non podemos estar satisfeitos, pero tampouco se pode dicir que non se fixo nada. Non estamos satisfeitos, e, por iso hai medidas que van nestes orzamentos do 2024. ¡Apóienas!, pero tamén valoren, polo menos unha vez —¡polo menos unha vez!—, dean valor ao que se leva facendo; dean valor á gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos —máis de trinta mil familias, que aforran entre mil trescentos e dous mil euros ao ano—. É unha medida coa que contamos con cero euros do Goberno de España, como para case todo; unha medida que foi posta en valor polas entidades que loitan para a erradicación da pobreza.

Dicían dende o PSOE: «axudas para os libros», e, ademais, presentan unha emenda a esta iniciativa. Miren, entérense dunha vez: *(A señora Arias Rodríguez mostra unha gráfica ao resto da Cámara.)* este é o gráfico «Axudas por alumno para os libros», segundo Anele: Galicia, cento noventa e oito euros, isto é, oitenta e seis euros máis que a media estatal, setenta euros máis que Asturias e case o dobre que Castela-A Mancha, nun sistema que chega ás familias que máis o necesitan; nun sistema xusto e equitativo —non como o que tiñan vostedes de café para todos—.Pero ¡claro!, é que se vostedes seguisen gobernando non só as axudas para libros serían inxustas, senón que a maioría dos concellos xa non terían nin colexios porque —saben vostedes— vostedes pecharon en catro anos cento nove colexios; nós pechamos nunha lexislatura nove colexios. Ese é o balance. *(Aplausos.)*

E falaban da Tarxeta Básica; a Tarxeta Básica, que é unha medida que todos poñen en valor —as entidades, as administracións; todos—, naceu nun momento concreto para unha situación concreta, e sempre se dixo, dende o seu momento, que ían ser para ese tempo. De feito, como a pandemia seguiu máis do previsto ampliouse; acabouse a pandemia e retirouse ese modelo de Tarxeta Básica. Agora, ¿retiráronse as axudas, que é o que vostedes pretenden transmitir aquí? ¡En absoluto! Mire, as axudas incrementáronse nun vinte e cinco por cento, ata os trinta e tres millóns de euros; vinte e cinco por cento que se dedicou á inclusión social, pero vostedes, por algún motivo, quedaron ancorados no pasado, e seguen falando da Tarxeta Básica como se fose a única medida. Vostedes non queren poñer aquí en valor o aumento no cincuenta por cento do complemento autonómico, o Bono Social Térmico; o incremento no cinco por cento do complemento para as pensións non contributivas; o incremento no oito por cento da Renda de inclusión social de Galicia; o oito por cento nas axudas de inclusión social; o reforzamento do Programa de loita con teito contra os desafiuzamentos nas sete cidades etcétera, etcétera.

E como xa quedo sen tempo, simplemente quero dar un recado: por favor, digan ao Goberno de Sánchez que pense nas persoas e que nos transfira o ingreso mínimo vital para poder levar a cabo a nosa Lei de inclusión social de Galicia porque, tal como está funcionando, non serve: seis de cada dez galegos con dereito ao ingreso mínimo vital non o perciben; e así,

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ademais, Escrivá deixa de gastar catrocentos cincuenta e tres millóns de euros do ingreso mínimo vital. Esa é a súa xestión e esas son as súas contas, e iso é o que pasa cando un, en vez de preocuparse daquelas persoas, do seu país ou da súa autonomía, do único que se preocupa é do seu asento.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Polo grupo autor da moción, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Perda coidado, señora Arias, estea vostede tranquila que, ante a inutilidade deses vinte e sete deputados e senadores do Partido Popular en Madrid —non se preocupe—, os do BNG si que van defender o país (*Aplausos.) (Murmurios.)* diante do Goberno do Estado, goberne quen goberne; non se preocupe.

O que podía facer vostede, e o resto de deputados e de deputadas alteradas, é dicir ao seu grupo parlamentario e ao seu Goberno que, xa que aproveitan a Lei de acompañamento para reformar máis de trinta leis, máis de dez decretos, para facer unha nova lei industrial e para facer todo tipo de cambios, que nada teñen que ver coas contas, levan vostedes catro anos —con este— desperdiciados para poder facer compatible, por lei, o ingreso mínimo vital coa Risga; (*Aplausos*.) unha promesa que fixo o señor Feijóo no debate de investidura e que levan catro anos sen cumprir. ¿Por que? Por facer o numeriño, por facer o numeriño —como veu vostede aquí; ¡si, si, si!— para poder dicir: «¡Oh, *dios mío*!, ¡que malo é o Goberno do Estado, que malo é o Goberno do Estado!». Día tras día, choromicando, porque ese é o problema: que temos un Goberno que choromica e manda cartas ao Goberno do Estado, en vez de defender os nosos intereses. (*Aplausos*.) Ese é o problema, e prefiren xogar coa situación de quen peor o está pasando, no lugar de poñer solucións políticas, que é o que se pon nesta iniciativa, a cuestións concretas que, desde o autogoberno vostedes podían facer, e non queren facer. Eu doulles a benvida ao furor do autogoberno; oxalá o practicasen con máis intensidade, que nos iría mellor como país ante as negociacións do Estado.

De verdade, con que falta de respecto toman esta iniciativa, que é unha cuestión moi seria, con medidas moi concretas e que, ademais, fundamentamos en datos que se expuxeron aquí, e que algúns deles —vostedes mesmos— poñen no informe do orzamentos para vir facer de oposición ao Goberno de Sánchez, porque están absolutamente subsumidos na estratexia electoral do señor Feijóo; e que están vostedes tan desnortados, tan en tempo de desconto, que lles dá xa absolutamente igual todo. Veñen aquí xa simplemente poñer balóns fóra e nada máis, (*Aplausos*.) pero nós imos seguir facendo propostas. E antes de remarcar algunha delas, simplemente quero mencionar tres cuestións moi breves sobre o debate orzamentario, que vostede quería avanzar.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai que dar un aplauso ao Goberno do Partido Popular porque presentan os orzamentos, tendo a maioría absoluta, tendo capacidade de calcular os ingresos, e hai que aplaudirlles. Miren, señores, nesa España que tanto lles gusta, que ten oficialmente dezasete comunidades autónomas, mire, só vai haber catro comunidades autónomas —catro, de dezasete— que previsiblemente demoren os seus orzamentos e non os presenten no tempo e na forma; catro, por negociacións políticas todas, porque hai gobernos de varias forzas e non chegan a acordo. Tres delas do Partido Popular e de Vox, que están tan ocupados, quizais, recortando os dereitos das vítimas de violencia machista e practicando aporofobia, que non se deben poñer de acordo sobre canto quitan en cada unha desas comunidades autónomas. Desde logo, ten mérito cero que poidan presentar unhas contas no tempo e na forma, señores do Partido Popular. É que xa piden un aplauso por levantarse todos os días pola mañá.

Sobre a segunda cuestión, os orzamentos máis sociais da historia; sempre son os orzamentos máis sociais da historia —é unha cousa, que eu non sei de que nos queixamos—. Miren, é mentira. É que non hai por onde collelo desde o plano fiscal, cunhas medidas absolutamente lesivas e enfocadas a unha minoría privilexiada que venden a maioría social. E póñolle un exemplo: falei na miña intervención das dificultades crecentes que están tendo máis de trinta mil galegos e galegas para poder consumir carne ou peixe máis de dúas veces á semana. O aforro das rendas de menos de vinte e dous mil euros coa política do Partido Popular, nos próximos orzamentos, vai ser de vinte euros; ¡vinte euros! —¡atención!, ¿¡eh!?—, vinte euros, fronte aos máis de cincocentos das grandes rendas. Consultei —mentres estaba no meu escano— a canto está hoxe, nun popular supermercado do noso país, o prezo do quilo de tenreira: non lle daría a unha familia nin para comprar dous quilos máis de tenreira ao ano con ese aforro fiscal. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, esas son as cousas de comer.

E non son os orzamentos máis sociais da historia, e temos exemplos de sobra. Miren, falan de que teñen un orzamento con débeda cero; é o gran titular deste ano: débeda cero. Miren, en xuros de débeda imos gastar neste orzamento —que van aprobar vostedes— cento oitenta e nove millóns de euros. ¿Sabe vostede canto aumenta respecto do ano pasado o orzamento de sanidade e o de atención primaria? Pouco máis de cincuenta millóns de euros. Aumentan vostedes tres veces máis o pagamento dos xuros da débeda e seguen mantendo un recorte acumulado de dous mil millóns de euros no servizo público, que é un dos máis importantes á hora de ter igualdade social neste país —que é a atención primaria—; polo tanto, menos demagoxia.

Xa non me dá tempo tampouco a entrar en moita máis cuestión. Simplemente quero dicir que lamentamos o ton do Grupo Parlamentario Popular; lamentamos que siga sendo un muro ante propostas concretas, que seguiremos presentando. Cuestións, como pedir que o CES traballe con este Parlamento para facer un plan de emerxencia social para os seis primeiros meses do ano que vén —que se sabe que van ser complicados—, son unha necesidade; recuperar a Tarxeta Básica e favorecer medidas para acceder aos produtos frescos e de proximidade é unha necesidade; atender a carestía material no ensino público galego nun momento de récord de prezos é unha necesidade; e atender as familias afectadas pola suba das hipotecas é unha necesidade. Esa é a Galiza real que hai aí fóra e que un Goberno popular nos estertores non quere atender porque sabe que non ten a alternativa que precisa este país.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)

Respecto da emenda do Grupo Socialista —como lle trasladei á voceira—, aceptamos a segunda parte, que é de adición, e desbotamos a parte da substitución.

Grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Continuamos.

A seguinte moción é do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

O conselleiro de Facenda, o señor Corgos, acaba de presentar o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o 2024 e esa Lei de acompañamento. Tal como pensabamos, cando hai un mes o interpelabamos á vista das declaracións do presidente Rueda, o Goberno galego volta propor unha serie de novas rebaixas fiscais que benefician máis os que máis teñen sen atender os que máis o precisan; un anuncio a *bombo e plato* baixo as habituais campañas de publicidade e de propaganda, empregando os medios públicos que pagamos todos os galegos e todas as galegas, e o seu xornal de cabeceira, nos cales levan varios días dando pildoritas, pero unha vez analizado o seu contido, voltamos comprobar que, novamente, debaixo desa publicidade e desa propaganda non hai máis que márketing fiscal con medidas de maquillaxe. E explícome: a gran novidade que vostedes presentan e que nos venden é que se equiparan as deducións das familias con dous fillos ou fillas coas familias numerosas. E, ¿en que se materializa esta grande axuda para as familias galegas? Pois nunha dedución na cota íntegra de douscentos cincuenta euros ao ano; unha dedución para calquera tipo de familia, independentemente da súa situación económica. Un paradoxo, posto que, cando os socialistas solicitamos eses libros gratuítos para todo o alumnado escolarizado na educación obrigatoria —e tal como acaba de dicir a señora Arias na súa anterior intervención—, vostedes tiveron a desfachatez de dicir que a nosa medida vai en contra da xustiza social

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque vostedes din que os deputados e as deputadas desta Cámara non precisamos desa gratuidade. Cando os socialistas reivindicamos esa gratuidade nos libros de texto e no material escolar para os nenos e as nenas escolarizados, estamos falando de dereitos en condicións de igualdade para toda a cidadanía; igual que o pedimos en sanidade e igual que o pedimos na educación pública.

E eu pregúntolles, señores e señoras do Partido Popular, ¿onde está a xustiza social nesta medida de douscentos cincuenta euros ao ano para todas as familias con dous fillos —incluídas esas máis ricas; tamén esas para as que vostedes regalan o cincuenta por cento da cota do imposto sobre patrimonio—?; ¿onde está esa equidade?; ¿onde está esa xustiza social? ¿Ata onde chega ese cinismo político do Partido Popular na Xunta de Galicia?

Outro dos grandes anuncios que fixo a Xunta de Galicia —o señor Corgos— para o 2024 é sobre o imposto sobre transmisións patrimoniais. Resulta que eliminan o imposto para as compras de vehículos cualificados coa categoría ambiental de cero emisións, é dicir, para vehículos eléctricos, híbridos enchufables e os de hidróxeno; son vehículos, cuxo prezo medio ronda sobre os trinta e cinco mil euros, e que non están ao alcance de todas as familias, fundamentalmente desas familias que teñen máis dificultades para chegar a fin de mes. É verdade que é unha medida con que os socialistas non estamos en contra, que vai en consonancia coas prioridades de transición económica, pero que xa contan realmente con axudas importantes do Goberno de España, pois están exentos de pagar o imposto sobre matriculación, e, actualmente co Plan MOVES III, contan con axudas que poden chegar ata os sete mil euros ou nove mil euros, no caso de que haxa achatarramento.

Os socialistas consideramos que, ao mesmo tempo que se fai este tipo de beneficios fiscais, o Goberno galego debería implementar outro tipo de beneficios fiscais para as familias con menor poder adquisitivo; pero vostedes presentan cero euros para vehículos de cero emisións, o un por cento do imposto sobre transmisións patrimoniais para as transmisións de embarcacións de recreo e de motores marítimos, pero para os vehículos usados —os únicos aos cales poden optar moitas familias que teñen unha economía moito máis estreita—, teñen que pagar un tres por cento. Esa é a súa xustiza social e iso non é favorecer as familias máis necesitadas. (*Aplausos*.)

¿Saben vostedes, señores e señoras do Partido Popular, cantos fogares galegos chegaron con dificultade ou moita dificultade ao fin de mes, no terceiro trimestre de 2023, segundo o IGE? —sabedes que é o Instituto Galego de Estatística; supoño que non dubidarán dos datos que lles facilita— Pois o 53,77 por cento dos fogares, é dicir, o 54 por cento dos fogares galegos ¿Por que non propoñen beneficios fiscais para este tipo de familias, en vez de regalarlles trinta e catro millóns de euros no imposto sobre patrimonio aos máis ricos da nosa comunidade? (*Aplausos*.)

Se facemos unha análise sobre a realidade social da nosa comunidade na actualidade para comprobar se estes beneficios fiscais supoñen unha mellora na calidade de vida das familias, se con estes beneficios fiscais da Xunta de Galicia se está lexislando a favor desa xustiza social ou favorecendo esa cohesión social, ese eixe sobre o que pivota o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, xa lles digo eu que non. Os datos reais da nosa sociedade —os

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da sociedade galega—, os datos do IGE, da Axencia Tributaria, os informes de maior prestixio —como da Rede europea de loita contra a pobreza, da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, ou do Observatorio da Dependencia—, o que nos din é que cos beneficios fiscais que leva aplicando a Xunta de Galicia nos últimos anos, en 2022 seguiamos tendo case o vinte e catro por cento da poboación total galega en risco de pobreza ou de exclusión social. Estamos a falar de seiscentos trinta e seis mil homes, mulleres, nenos, nenas e persoas maiores en Galicia. ¿E saben que? *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento, que contén un recorte de prensa, ao resto da Cámara.)* mentres, a nosa comunidade sumou, en 2022, trescentos dezasete ricos máis, superando os oito mil quiñentos. O seu patrimonio disparouse en sete mil seiscentos millóns de euros máis, só nun ano, chegando en cartos e en propiedade aos 57.100 millóns de euros. ¿Saben canto supón iso, señores e señoras do Partido Popular? *(A señora Rodríguez Rumbo coloca o documento mencionado no estrado.)* Pois é o equivalente ao oitenta e tres por cento do PIB galego. *(A señora Rodríguez Rumbo sinala repetidamente o documento referido.)* Para estes son para os cales vostedes fan beneficios fiscais. (*Aplausos.)* É dicir, a Xunta de Galicia favorece o 0,3 por cento da poboación, que acumula o equivalente ao oitenta e tres por cento do PIB galego, fronte ao 99,7 por cento do resto da poboación galega.

¿E saben vostedes cales foron as medidas máis eficaces que evitaron que as persoas en risco de pobreza ou de exclusión social chegasen a ser o dobre na nosa comunidade? Pois as medidas implementadas polo Goberno do Estado encabezado por Pedro Sánchez. É unha pena... —¡ah!, pensei que non estaba a señora Arias—. Ese que vostede di que fai calquera cousa para estar na poltrona —¡non, calquera cousa, non!—; o que fai son paquetes de medidas para favorecer a sociedade e para favorecer as empresas, e voullas debullar, voullas debullar, e voulles tamén poñer aquí para que vostedes vexan cal foi o seu posicionamento cando se tratou de medidas para axudar a sociedade e para axudar as empresas do noso país e do noso territorio. Pois mire, os ERTE, que evitaron que as persoas traballadoras tivesen que ir ao paro, as que tiñan directa ou indirectamente as súas casas sen ingresos; ¿saben que votaron vostedes? En contra. A subida das pensións mínimas e non contributivas; ¿saben que votou o Partido Popular? En contra. O BNG abstívose. A subida das pensións nun 8,5 por cento; ¿sabe que votou o Partido Popular? En contra. E o BNG votou en contra. A creación do ingreso mínimo vital; o PP votou en contra. A subida do salario mínimo interprofesional; o PP votou en contra. O tope ao prezo do gas; o Partido Popular votou en contra. A baixada do IVE en produtos de hixiene feminina; o Partido Popular votou en contra. A reforma laboral; o Partido Popular votou en contra. E a creación do imposto ás grandes fortunas; o Partido Popular votou en contra. E non lle chegou con iso: é que o Partido Popular de Galicia presentou un recurso ante o Constitucional. *(Aplausos.) —¡Hay que tener narices! ¡Hay que tener narices!—* Vostedes sempre favorecen os que máis teñen; non sei como non lles dá vergoña. E o mesmo se falamos do Bono Social Térmico Eléctrico, da loita contra a pobreza infantil, do Bono Alugueiro Mozo. A todas esas medidas, vostedes votaron en contra. E non, señora Arias, non foron para estar na poltrona; foron para axudar os homes e as mulleres do noso país, incluídos os homes e as mulleres de Galicia.

Pois mire, a única medida eficaz para a loita contra a pobreza e a exclusión social posta en funcionamento por parte da Xunta de Galicia foi esa Tarxeta Básica; esa que era para comprar produtos básicos de alimentación, hixiene e farmacia. Dicíanos hai un momento a

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

señora Arias que fora nun momento circunstancial. ¡Claro!, como agora estamos tan ben, xa non fan falta! Esas familias xa non necesitan ese tipo de axudas. Pero tamén é verdade que as cousas cambiaron desde que temos un novo presidente da Xunta de Galicia do Partido Popular, o señor Rueda —claro que cambiaron—. ¿O primeiro que fixo que foi? Quitarlles a Tarxeta Básica aos que máis a necesitan; ¿e o segundo? Baixarlles a cota no imposto sobre patrimonio aos ricos, aos que máis teñen, a esas sete mil setecentas persoas. *(Aplausos.)* Vostedes sempre lexislan a favor dese 0,3 por cento e en contra do 97 por cento. E iso, señores do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señora presidenta—, non é casualidade, é ideoloxía —é ideoloxía—. Vostedes son neoliberais, e pensan máis nos seus amigos, nos ricos, máis que na maioría da poboación.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(A señora Rodríguez Rumbo vírase cara á presidenta, Prado Cores, e dálle o documento mencionado con anterioridade.)

É agora a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Presas Bertantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Antes de máis, xa avanzo que imos apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista que entronca co debate anterior, xa que a maioría de cuestións que propón son coincidentes con demandas que este grupo parlamentario formulaba, ben na anterior iniciativa ou noutras ocasións; algunhas delas, como a Tarxeta Básica ou como defender que se cumpra coa dación de contas que pide o Consello de Contas deste país son iniciativas sobre as cales xa quería deixar enriba da mesa dúas reflexións: por unha banda, teñen en común que fían a política fiscal e a súa relación coa igualdade ou coa desigualdade social e, por outra banda, son demandas tan elementais, que son demandas tamén dunha parte importante da sociedade; son demandas unánimes do terceiro sector, por exemplo, no caso da Tarxeta Básica, e demandas dun organismo que, presuntamente, todas e todos deberiamos respectar, como é o Consello de Contas.

Quero dicir con isto que tampouco se está pedindo nada absolutamente extraordinario. Non estamos no debate, que teremos dentro dun mes, sobre modelos fiscais alternativos, no cal eu podo entender que o Partido Popular discrepe absolutamente da proposta do BNG, pero, ás veces, cando escoitamos o Grupo Parlamentario do Partido Popular, sobre estas cuestións

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que estamos a defender, parece que case aquí imos votar o asalto ao pazo de Inverno. Eu non espero que vostedes operen un milagre neste mes e que aproben unha serie de medidas alternativas de modelo político e fiscal que proporá o BNG e que faga unha especie de outubro vermello do Partido Popular, pero é que as cuestións que se están a pedir nesta iniciativa son absolutamente básicas, e, polo tanto, apelo xa a que, polo menos, escoiten, que non estaría de máis.

Nós insistimos en que a política fiscal do Partido Popular non pasa a proba do algodón; non pasa a proba do algodón do punto de vista de quen cre que o sistema fiscal ten que axudar a redistribuír a riqueza, e tampouco pasa a proba do punto de vista da xestión económica. E eu quero insistir en algo que é importante, que ocupa o groso da iniciativa do Grupo Socialista, que é algo que temos debatido noutras ocasións, e que é que a política fiscal debe ter un obxectivo —debe ter un obxectivo—, e o Consello de Contas leva desde 2017 insistindo en que o Goberno galego non concreta unha xustificación que —leo literalmente—: «Avale o establecemento e o mantemento dos beneficios fiscais e non avalía a súa eficacia e eficiencia». Desde o ano 2017 levan dicindo isto e, desde hai bastantes anos, o Consello de Contas tamén leva apuntando a necesidade de que a Xunta de Galiza faga un informe —leo literalmente—: «Recomendando a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados e fixen obxectivos e indicadores de cumprimento cando aproben novas rebaixas de impostos».

No último ano, na conta xeral de 2021, que xa foi publicada polo Consello de Contas e que xa foi remitida á Xunta de Galiza, ¿que fixo o Goberno galego?; ¿fixo algún esforzo?; ¿dixo que o ía estudar? ¡Non!, a Atriga desbotou facer este estudo. E insistimos nisto, porque é algo que o Partido Popular intenta evitar porque demostraría dúas cousas moi elementais: primeiro, que non planifica, que é falsa esa imaxe do Goberno do rigor; e, segundo, que en realidade as rebaixas que fan e as propostas impositivas son para favorecer unha minoría elitista e, ademais, para facer propaganda de cousas que non se cumpren, como ese afamado titular dos impostos cero no rural, que é unha absoluta falacia. Vaian vostedes polo rural deste país preguntando se os galegos ou as galegas pagan impostos ou non. E, sobre todo, porque poría o foco no que deixa de ingresar Galiza para soster os servizos públicos esenciais. Este ano, cando entraron o venres os orzamentos na Xunta, eu abrín as caixas emocionada —case como se fose unha nena pequena e fose Nadal— e atopei alí unha sorpresa: *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento ao resto da Cámara.) Memoria de beneficios fiscais*. Teño que recoñecer que, por un momento, dixen: «¡vaia!, fixeron caso ao Consello de Contas. Van facer un informe sobre indicadores obxectivos sobre para que se fan as súas rebaixas fiscais, a quen benefician, que resultado dan; imos poder ver se van no bo camiño, e, se non, se cadra somos nós as equivocadas. ¡Pero non!, era demasiada a emoción. Cando pasei o envoltorio e fun vendo o contido, vin que finalmente o que había aquí era a autocompracencia de sempre; algunha xeneralidade menos da habitual, pero poucos datos e ningúns indicadores de obxectivos para seguir de forma rigorosa, como habería que facer.

En todo caso, pode valernos para intentar poñernos de acordo nalgunha cifra: o Goberno galego cifrou en seiscentos oitenta e cinco millóns de euros os beneficios fiscais, metendo aquí tamén, por exemplo, as desgravacións das taxas do ensino público. Estamos de acordo todas e todos en que son necesarias. Facendo un cálculo moi restritivo, nós estimamos que,

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aínda así, habería cincocentos millóns de euros que Galiza deixa de ingresar simplemente retrotraendo as rebaixas aos grandes ricos e ricas que fixeron vostedes cos impostos de patrimonio e cos impostos de sucesións e doazóns nos últimos anos, e iso significa que serían tantos recursos, como os que se engaden este ano no orzamento, para soster os nosos servizos públicos esenciais, e, ao final, a cuestión é que esa política para unha minoría que non o necesita, priva unha maioría que si que precisa de moitas medidas e de moitas medidas concretas, que aquí se están defendendo nesta mañá de debate. Iso, desde logo, é o contrario do que nós defendemos do modelo económico que precisa este país, porque estamos nun momento delicado, porque o aumento de prezos —insisto— leva moito tempo connosco —as galegas e os galegos levan tres anos perdendo poder adquisitivo—, e iso significa que, ademais, como a inflación foi máis intensa en Galicia que no Estado e temos, ademais, os salarios e as pensións máis baixas do Estado, nos empobrecemos máis rápido; e deses polvos estes lodos, porque falabamos antes da pobreza e de que aumentou a cantidade de persoas neste país, cento setenta mil persoas, que teñen privación material severa en moitos conceptos. Iso é gravísimo, e vostedes mentres navegan no conformismo; no conformismo de ter reducido minimamente a porcentaxe de persoas en risco de exclusión social.

Benvida esa tímida redución, pero a cuestión é que reduciron vostedes tres veces menos do que se precisaba porque a propia Rede galega contra a pobreza dixo que sería necesario reducir aproximadamente cen mil máis; polo tanto, non se cumpriron os obxectivos que vostedes mesmos marcaron, e ese non cumprimento está nunha parte moi importante de non dar o apoio social suficiente e de retirar prematuramente elementos que funcionan.

No debate anterior acusábasenos de dicir que ninguén fixo nada. Eu nego a maior: non dicimos que non fagan nada; dicimos que, por unha banda, fan reformas fiscais pensadas para os máis ricos e, pola outra banda, para unha medida en que hai consenso social, vostedes, o que fan, é retirala, que é o caso da Tarxeta Básica. En todo caso, están vostedes a tempo de rectificar: estamos diante dun debate de orzamentos que se abre esta semana, e haberá propostas alternativas concretas que se volverán formular.

O Bloque Nacionalista Galego, desde logo, coas propostas que propón hoxe o Grupo Parlamentario do Partido Socialista estamos de acordo; estamos de acordo con que se dea un papel ao CES e a este Parlamento. Desde logo, non concordamos co modelo do Partido Popular que aproveita a Lei de acompañamento para burlar esas dúas ferramentas, isto é, para burlar o CES e para burlar este Parlamento. Reclamamos —xa que están vostedes en fervor de autogoberno— que se usen, para arbitrar medidas, eses espazos de diálogo que nos regalou o autogoberno, que son este Parlamento e o Consello Económico e Social. Hai unha ralentización económica neste final de 2023 e hai unha rebaixa nas previsións de crecemento para 2024 que afectan o contexto europeo, que afectan o Estado español e que afectan Galiza. Polo tanto, hai risco tamén dunha repunta da inflación e dunha repunta dos problemas que xa existen e que se poden agravar; polo tanto, o que debería facer un Goberno responsable é abrir un debate sobre as medidas para evitar ese empobrecemento. Iso sería o responsable e o que cabería agardar. Concordamos tamén con que se anulen as modificacións que se aplicaron nestes anos respecto do imposto de patrimonio e tamén con que, ademais, está ben pintar partidas nos orzamentos, pero o mellor é executalas, e aquí se falou tamén dalgunhas que nunca se levaron a termo.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, en termos xerais, estamos de acordo. Imos dar o noso apoio a esta proposta e a todas as que cheguen neste sentido, que sexan coincidentes coas nosas.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Presas.

Antes de dar a palabra á deputada do Grupo Parlamentario Popular, dona Cristina Sanz, damos a benvida e un saúdo afectuoso aos alumnos e ás alumnas de quinto e sexto do colexio de educación infantil e primaria As Covas de Meaño. Dámoslles a benvida ao Parlamento.

E, seguidamente, ten dez minutos a deputada do Grupo Parlamentario Popular.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidenta.

Benvidos e benvidas a todas. Espero que aprendades moito nesta xornada.

Ben, bo día señorías.

Debatemos agora a segunda moción da xornada; esta vez, como consecuencia da interpelación feita ao conselleiro Corgos sobre política fiscal.

Presentan vostedes unha iniciativa que, aínda que contén nove puntos, pode agruparse en dous, isto é, política fiscal e política social e atención aos máis vulnerables.

Comezarei co segundo dos puntos ao que dedicarei menos tempo, posto que aínda que trata sobre unha das prioridades do presidente Rueda e do seu Goberno, esta materia acaba de centrar boa parte das intervencións, boa parte do debate anterior, e a miña compañeira, a deputada Raquel Arias, deixou clara a firme defensa do Goberno galego, con feitos, das persoas e das familias máis vulnerables. *(Aplausos.)*

Aínda que nunca poderemos estar satisfeitos mentres exista tan só un galego en risco de pobreza, é un dato irrefutable que os indicadores amosan unha situación mellor nesta comunidade que na media nacional; estes resultados positivos son consecuencia, sen ningunha dúbida, das numerosas medidas que o Goberno galego vén adoptando e seguirá a facer en apoio aos máis vulnerables. Falamos, por exemplo, da Risga ou das axudas á inclusión social que se van incrementar nun oito por cento; ou falamos do complemento autonómico ás pensións non contributivas, que van aumentar nun seis por cento; ou falamos do Bono Social Térmico, do Bono Social Eléctrico ou do Bono Alugueiro Social; ou falamos da gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos, unha medida pioneira que garante o acceso á educación universal dos galegos desde que nacen, e que supón máis de cincuenta e cinco millóns de euros para as arcas públicas, pero que permitirá que haxa trinta e un mil familias galegas beneficiadas, porque no noso partido —á diferenza doutros— cremos que unha

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

educación de calidade e gratuíta, desde o minuto cero dunha vida, unida ao esforzo persoal, son os elementos indispensables para saír das situacións de pobreza.

Ben, señorías, falaba antes dos indicadores. Xa saíu hoxe o Informe sobre o estado da pobreza en Galicia 2022, o índice AROPE, que sinala textualmente que «ao longo dos anos Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ao conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores». De feito —xa se dixo—, somos unha das cinco comunidades que, desde o ano 2008 —¿lembran quen gobernaba no ano 2008?—, reduciu a taxa AROPE, e na actualidade é a taxa máis baixa do último lustro. Son datos que, en modo ningún, nos permiten estar satisfeitos, pero que si nos indican que as cousas se están facendo mellor en Galicia que no resto dos territorios, e que temos camiño feito e que aínda hai por facer. No ano que estamos a piques de finalizar, o orzamento da Consellería de Política Social ascendeu a mil setenta e sete millóns de euros; trátase dun orzamento que se incrementou nun dezaseis por cento sobre o anterior e dun orzamento que duplicou os fondos destinados á política social respecto de cando o Partido Popular chegou ao Goberno no ano 2009. Toda a bancada da esquerda desta Cámara presume de Goberno progresista e alza a bandeira de defensa dos máis necesitados, pero, a realidade —a que se demostra con datos e con cartos— é que o Goberno que se senta hoxe nesta fila azul duplicou os fondos que vostedes destinaron para política social cando eran os que tiñan a responsabilidade de Goberno. *(Aplausos.)* Con esta realidade, ¿quen defende, de verdade, as familias e as persoas máis vulnerables de Galicia? Pois os que lles dedican o dobre do orzamento, o Partido Popular.

Ben, señorías, o outro bloque desta moción céntrase en propostas de carácter fiscal. Con carácter previo, señora Rumbo, respecto dos indicadores que indicaba no seu primeiro punto, quero anunciarlle —supoño que xa o saberá— que os orzamentos do ano 2024 inclúen un libro específico coa memoria de beneficios fiscais —libro que parece que á señora Presas non lle gustou moito—. Ben, se mo permiten, vou ir debullando algunhas das medidas tributarias do Goberno galego, tanto algunhas que levan anos en vigor e se consolidan como das anunciadas na presentación dos orzamentos para o ano 2024; medidas que benefician ou beneficiarán un gran número de familias, especialmente as de rendas máis baixas e as familias vulnerables. Todo o contrario do que está a facer o Goberno de Sánchez, que cunha inflación non controlada, aínda non foi capaz de explicarnos se as medidas para baixar o prezo da luz, do gas dos combustibles ou de alimentos, como o pan, o leite ou a froita, se manterán no próximo ano. Obviamente, quen máis afectadas se verán, se non as manteñen, serán as persoas con menos recursos.

Ben, afortunadamente, fronte a esa incerteza e esa parálise do Goberno central, o Goberno galego traballa con rigor, con experiencia e cunha acreditada capacidade de xestión; por eses motivos, esta Xunta leva anos sendo capaz de baixar impostos, de cadrar as contas e de mellorar —algo que é prioritario— os servizos públicos. Por iso os galegos aforraron catrocentos setenta e seis euros de media da declaración de IRPF que presentaron este ano en relación coa que presentaban no ano 2009; ou, por iso, Galicia é a terceira comunidade coa mellor tarifa no IRPF nas rendas máis baixas. ¿E como se consegue isto? Con medidas, como a adoptada xa neste ano 2023 e con efectos desde o 1 de xaneiro do 2022, mediante a cal se deflactaron os tres tramos máis baixos do IRPF, e, ademais, minorouse, ¿saben cal?, o máis baixo; deflación que o Goberno de Sánchez non está facendo coa parte estatal da tarifa

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do IRPF, e, non só é que non a estea facendo, senón que vetou o seu debate no Congreso, prexudicando, gravemente, os perceptores das rendas máis baixas polo efecto da inflación; ou con medidas, como as catro rebaixas do tramo autonómico aprobadas por Galicia desde o ano 2014, grazas ás cales, Galicia se sitúa hoxe —como lles dicía— como a terceira comunidade autónoma con mellor tratamento fiscal para as rendas de ata vinte mil euros. Hai dezasete comunidades autónomas en España e Galicia sitúase no terceiro lugar respecto da que mellor trata as rendas inferiores a vinte mil euros. ¿Iso é apoiar os ricos, señorías?; ¿un rico é quen cobra menos de vinte mil euros?

Ben, respecto do imposto sobre o patrimonio, Galicia segue o seu camiño, cunha axenda fiscal xa adoptada hai tres anos, pero vostedes seguen, ano tras ano, coa mesma teima; unha axenda fiscal que supuña ir bonificando cada ano o vinte e cinco por cento da cota, co obxectivo de que esta figura tributaria non se convertise nun factor de deslocalización de investidores, senón nun factor de dinamización económica, posibilitando o reinvestimento dos aforros fiscais na nosa comunidade. E, ademais, non podemos olvidar que estamos ante un imposto que non existe en ningún país europeo e que é cuestionado por numerosos expertos, como os que forman el Consejo General de Economistas, que recomendan a súa supresión, destacando —como xa dixen— que España é o único país da Unión Europea que mantén unha figura fiscal deste tipo. Por certo, señora Rumbo, o Goberno galego presentou un recurso contra o imposto ás grandes fortunas por motivos de defensa da nosa autonomía: non se pode defender Sánchez e defender Galicia á mesma vez; poñen en perigo o autogoberno en materia fiscal ou —como estamos vendo— en materia de litoral —tema sobre o cal a señora Presas non fixo mención—.

Ben, non podemos olvidar que, respecto do imposto de patrimonio, están facendo demagoxia, posto que están falando de dezasete millóns de euros, pero non falando da realidade, isto é, que os beneficios fiscais adoptados por este Goberno suporán seiscentos oitenta e seis millóns de euros dirixidos principalmente a beneficiar as rendas medias e as baixas. E ¿que pasa co imposto sobre sucesións? Pois, grazas ao Goberno galego, o 99,9 por cento das herdanzas por parte dun familiar directo, de pais a fillos —non un tío nin un familiar—, só de pais a fillos, non tributan no imposto; polo contrario, as persoas que perciben unha herdanza cun patrimonio superior a un millón de euros, si que tributan polo imposto sobre sucesións. Isto tamén debe ser apoiar os ricos.

Ben, ou no relativo ao ITP, o imposto sobre transmisións patrimoniais, no cal os mozos, as familias numerosas, as mulleres vítimas de violencia de xénero ou as persoas con discapacidade pagan un tipo reducido.

Con estes datos, sinceramente, non sei como se atreven a dicir que a política fiscal do PP galego apoia os ricos. Poder, poden dicilo, pero non hai un dato capaz de sustentalo; perden credibilidade, señorías.

E seguiremos avanzando nesta liña. ¿Que propostas, no ámbito fiscal, están incluídas nos orzamentos da Xunta de Galicia recentemente presentados nesta Cámara? Pois un paquete de medidas que permitirá aforrar aos galegos nesta lexislatura uns mil trescentos millóns de euros, segundo estima a Consellería de Facenda. Respecto do IRPF —como novidade na

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

declaración do ano 2024—, as familias con dous fillos poderán reducir douscentos cincuenta euros, mentres que as familias numerosas pasarán a deducir quiñentos euros e, por cada fillo, a maiores do terceiro, deducirán uns douscentos cincuenta euros máis.

En canto ao imposto sobre transmisións patrimoniais, o vindeiro ano rebáixase un punto o tipo xeral para a compra de inmobles usados, pasando do nove ao oito por cento, que se suma a outro punto, que xa se baixara no ano 2022. En definitiva, esta medida permite rebaixar nun dous por cento, nestes dous anos, o custo de adquisición dunha vivenda usada, e, os ricos —como vostedes din despectivamente— non son os que compran habitualmente vivenda usada, co que estamos de novo ante unha medida fiscal de apoio ás rendas máis modestas.

A mesma filosofía ten a baixada do ITP na compra dun vehículo usado, que baixa, nada máis e nada menos, do oito ao tres por cento. Unha baixada, señora Rumbo, que vostede menosprezaba; unha baixada do 62,5 por cento, pero parécelle pouco. ¿E quen compran os vehículos usados? Pois os vehículos usados cómpraos, tamén habitualmente, as xentes con menos recursos. Estamos falando dunha baixada fiscal que terá unha gran repercusión para os galegos, posto que Facenda estima que a rebaixa do ITP afectará unhas cento once mil operacións.

Señorías do Grupo Socialista, vostedes cuestionan unha política fiscal que funciona, que nos sitúa á vangarda das comunidades autónomas e que está pensada para favorecer as familias e os colectivos que requiren dunha atención prioritaria, pola situación que están vivindo; polo contrario, vostedes prometían en Madrid un escudo fiscal, e están facendo todo o contrario, prexudicando as familias que máis o requiren. ¿Que pasou co IVE da carne e do pescado? A nosa obriga, como galegos, é defender que baixe, primeiro, porque estamos ante un sector prioritario e estratéxico para a nosa economía —moitos galegos viven do gando ou moitos galegos viven do mar—, e, segundo, porque estamos ante produtos de primeira necesidade —si, primeira necesidade—, isto é, carne e pescado. E son vostedes os que poden facelo, pero non queren.

E, por outra parte, señora Rumbo, no seu turno de réplica, gustaríame que nos explicase como é posible dicir que defende as familias, os autónomos e as empresas galegas, mentres que o seu partido está en negociacións que inclúen unha posible condonación da débeda de Cataluña ao Fondo de liquidez autonómico, por máis de setenta mil millóns de euros, ou partidas nas cales pide que se recoñeza unha débeda histórica de catrocentos cincuenta mil millóns de euros. A tarta é a que é, e o que lles dan a eles...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: ...nolo quitarán a nós —ben, vou rematando—. Sempre defendeu os intereses do PSOE ou, máis ben, defenden a ambición persoal do señor Sánchez de ser o presidente ao prezo que sexa, aínda que sexa á custa de pisotear os intereses de Galicia.

E, por certo, un dos negociadores desta aldraxe a Galicia é o señor Besteiro. Persoalmente, penso que non debeu reflexionar ben cando aceptou o encargo porque este terá unhas

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

repercusións moi negativas para Galicia, dadas as demandas insaciables dos independentistas cataláns. Espero que non permita que lles quiten os cartos aos galegos para darllos a Puigdemont porque os galegos non somos parvos, e tomaremos boa nota de todo o que supoña prexudicar a Galicia.

Remato xa. Galicia ten...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora SANZ ARIAS: ...un modelo consolidado, xa que evitamos a subida de impostos, baixamos o que podemos, mantemos o estado do benestar, temos unha boa xestión e sentidiño, non acudimos ao endebedamento, e somos a comunidade autónoma en que menos creceu a débeda desde o ano 2008.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Vale.

Ben. Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pecha a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora Sanz, a verdade é que me fai graza algunhas das afirmacións que fixo vostede aquí.

Vostedes o que teñen son slogans, nós o que temos son medidas. *(Aplausos.)* Vostedes falan de relatos e nós puxemos medidas reais que están impactando xa na sociedade galega: nos homes, nas mulleres, nos nenos, nas persoas maiores e nas empresas do noso sector produtivo. E vostedes ao único que se dedican é a facer relatos: ir a Europa ver se non chegan os fondos europeos, falar mal do Estado para que... *(A señora Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Si, señora Sanz!, esa é a súa realidade. Nós non falamos de relatos, nós non falamos de slogans, nós falamos de realidades.

Por certo, señora Sanz, paréceme mentira que vostede me diga que aquí estamos falando de política social e non de política fiscal; é que a política social non se pode desligar da política fiscal. Parece mentira que vostede non o saiba. *(A señora Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Si!, acábao de afirmar aquí; *(A señora Sanz Arias volve pronunciar palabras que non se perciben.)* ¡si si!, dixo exactamente iso. Polo tanto, é imposible que se desliguen.

Mire, a verdade é que eu —xa o dixeron as dúas antecesoras—, cando entrou o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia, tamén levei unha alegría, señora Presas, cando vin o libriño de memoria de beneficios fiscais. *(A señora Rodríguez Rumbo mostra o documento mencionado*

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ao resto da Cámara.) Eu tamén o tiña aquí. A verdade é que si. Dixen: «¡Anda, mira!, van cumprir, por unha vez, o que pedimos nós no primeiro punto e o que vén pedindo, ano tras ano, o Consello de Contas». Pero, ¡bueno!, a realidade, señora Sanz, é que o que fixeron foi sacar da memoria e meter aquí, e facer un novo libriño, isto é, fixeron unha cuestión que vostedes fan habitualmente. Isto, isto *(A señora Rodríguez Rumbo levanta o documento coa man esquerda e móstrao ao resto da Cámara.)* non é unha análise, non é unha memoria dos beneficios fiscais, que e é o que se está pedindo continuamente á Xunta de Galicia que faga. A verdade é que, bueno, en fin, aínda teño capacidade de sorpresa; e vostedes o que teñen é un cinismo que chega a puntos realmente preocupantes en democracia.

Mire, señora Sanz, en Galicia tiñamos en 2022, catrocentas oitenta e cinco mil persoas pobres. Somos a quinta comunidade autónoma que menos incrementou o gasto en política social dende o ano 2009 —¡a quinta que menos, que menos!—, empezando pola cola. O gasto da Administración galega por dependente está lonxe da media estatal, e estes son datos que matan o relato.

Mire, a Rede europea de loita contra a pobreza dinos que ter un traballo remunerado xa non é suficiente para saír da pobreza e que o acceso a unha vivenda digna é un dos obstáculos máis importantes. E, ¿que fixo a Xunta de Galicia en política de vivenda? Pois —recórdolle— só nun ano se incrementaron en máis de dous mil os solicitantes de vivenda protexida apuntados no Rexistro da Xunta de Galicia; é dicir, temos en outubro de 2023, dezaoito mil solicitantes de vivenda protexida. En 2022 deixaron sen executar 120,5 millóns de euros do Fondo para vivenda; é dicir, sete de cada dez euros orzados deixáronos vostedes sen investir. Do Programa de acceso á vivenda só executaron o 8,8 por cento, é dicir, 4,4 millóns de euros, dos 52 millóns de euros que vostedes orzaron.

E mire, unha nova de hoxe: *(A señora Rodríguez Rumbo le un documento que contén o recorte dunha nova.)* «Os fondos da Unión Europea que chegan a través do Estado permiten a Xunta de Galicia disparar o orzamento de vivenda no ano electoral». E mire, dígolle máis: «Nas contas presentadas o venres destacan o aumento dalgunhas partidas e ámbitos, entre elas, o de vivenda, que medra case un vinte e oito por cento, tras unha década anterior en que Feijóo deixara a vivenda protexida en mínimos históricos». *(A señora Rodríguez Rumbo eleva o documento referido e móstrao ao resto da Cámara.)* Esta é a súa realidade e a súa axuda para as familias máis vulnerables e que máis protección necesitan, señora Sanz Arias.

E xa que volve vostede ao Bipartito —pois dígolle—, mire, só en dous anos do goberno Touriño se construíron en Galicia sete mil duascentas corenta e unha vivendas de promoción pública. ¿Sabe canto construíu a Xunta de Galicia nos case quince anos que leva Feijóo, e agora Rueda? Seis mil trescentas trece; polo tanto, clases, vostedes, a nós, os socialistas, en políticas sociais, ¡ningunha! —¡ningunha!— señora Arias. *(Aplausos.)*

Nós hoxe traemos unha moción cun modelo fiscal alternativo, redistributivo e no cal prime a xustiza social. Eu creo que deberan facer unha análise; algo deben estar facendo mal. Fagan autocrítica e muden determinadas políticas: aproveiten eses fondos europeos do Estado e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que foron torpedear a Europa. Traballen para acadar os seus obxectivos. O PP de Galicia, antes con Feijóo e agora con Rueda,

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non é capaz de asumir que están errados nas súas receitas, que os organismos oficiais e as asociacións de maior prestixio os veñen advertindo da realidade social de Galicia, ofrecéndolles datos e propostas de posibles solucións, que vostedes, por reafirmarse nas súas convicciónns e por ideoloxía política, rexeitan unha e outra vez, ofrecendo as mesmas receitas, e, polo tanto, tendo os mesmos resultados.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señora presidenta.

Rueda e o seu equipo non son capaces de pensar en Galicia, e Rueda perde a única oportunidade que tiña para exercer de presidente da Xunta de Galicia.

Os socialistas temos un proxecto de país que ten en conta a Galicia real, cunha aposta pola transición ecolóxica e dixital, pola cohesión territorial e social, pola igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida. Sabemos cal é a Galicia que queremos, sabemos cal é a Galicia que merecemos e sabemos como dar respostas á gran maioría das necesidades dos galegos e das galegas. E será moi pronto que o noso candidato...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—permítame, señora presidenta— José Ramón Gómez Besteiro, *(Murmurios.)* lidere o Goberno da Xunta de Galicia. Non o dubiden, e estaremos moito mellor.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día; imos ao apartado de mocións. Neste caso, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas, e, para defendela, ten o turno de palabra, por dez minutos, a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Non sei por que se alporizaron tanto agora, señorías do Partido Popular, cando a voceira do PSdeG falaba do señor Besteiro e do candidato do PSdeG á presidencia da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Eu tamén estaría moi nerviosa de estar sentada nesa bancada; xa estiveron nerviosos tamén no ano 2016 cando torpedearon esa candidatura, pero voltamos con máis

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

forza, e, agora, a verdade, é que xa verán, e, por iso están vostedes bastante nerviosos. Están vostedes bastante nerviosos.

A moción que hoxe traemos é como consecuencia da interpelación realizada no último pleno, despois de que a conselleira de Infraestruturas detectase un atraso deliberado, intencionado, do Goberno galego, nomeadamente de Augas de Galicia, na emisión duns informes que eran preceptivos para poder avanzar na A-54, nesa infraestrutura entre Lugo e Santiago. O que hoxe vimos propoñer, con toda a vontade construtiva e de diálogo, é que se pida axilidade á Xunta de Galicia nas tramitacións administrativas que son da súa competencia en obras, tanto de titularidade estatal como de titularidade local. Estamos a ver ultimamente, nestes últimos anos —porque a verdade é que a señora Rumbo estivo moi clarificadora cando dixo que vostedes ata xuño do ano 2018 estaban nunha continua procesión dos caladiños—, como, ante as aldraxes do Goberno de Mariano Rajoy do Partido Popular cara a Galicia, vostedes, no Partido Popular de Galicia, ficaban totalmente calados, ficaban totalmente coa cabeza cara abaixo e nada reivindicaban ao Goberno central da súa mesma cor política. *(Aplausos.)* Pero chegou Pedro Sánchez, en xuño do ano 2018, e a verdade é que todo foron presas da Xunta de Galicia e do Partido Popular de Galicia: todo era pedir, para xa, o que non estiveron a reivindicar nos anos anteriores. Piden esa axilidade ao Goberno central; piden esa celeridade, algo que, por certo, a Xunta de Galicia, o Goberno galego e o Partido Popular de Galicia non predican co exemplo porque non teñen esa celeridade nas obras que son da súa competencia.

Estivemos a vivir, durante estes anos, dende xuño do ano 2018, e seguimos a vivir, por parte da Xunta de Galicia, pero sobre todo, por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, unha auténtica deslealdade cara a outras administracións: cara ao Goberno central e tamén cara aos concellos, sobre todo cara a aqueles concellos que non son da súa mesma cor política; estiveron todos estes anos tratando de torpedear a xestión doutras administracións, dos concellos que non son da súa cor política e tamén do Goberno central. E todo isto, ¿por que? Antepoñendo os seus intereses partidistas aos intereses dos galegos e das galegas, promulgado mentiras co único fin de sacar un rédito electoral. E aí está a hemeroteca: poñía en dúbida a conselleira de Infraestruturas que o AVE fose chegar a Galicia, e o AVE está aí; poñía en dúbida a conselleira de Infraestruturas que fosen chegar ás bonificacións... —¡Si, si; non, mire!, volvo repetir— Aínda recordamos en Lugo cando o señor Feijóo, na campaña das eleccións autonómicas de 2009, prometía a chegada do AVE á miña provincia *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* con fondos propios da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* ¡Ai, señora Prado, cantas cousas nos prometeron na provincia de Lugo! Pode dar boa conta aquí a que está na Presidencia desta mesa; *(Murmurios.)* polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora OTERO RODRÍGUEZ: —eu non sei porque están así hoxe os do Partido Popular—.

O señor PRESIDENTE: É o tempo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Si, o tempo e as novas desta fin de semana. Eu enténdeos perfectamente.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Imos seguir, imos seguir.

Entón, eu dicía que esta moción é unha consecuencia da interpelación, polos atrasos inxustificados, por parte da Xunta de Galicia, nos informes necesarios e preceptivos desa A-54, e vostede, precisamente unha das voceiras do Partido Popular — que agora me está a entorpecer todo o tempo no uso da miña palabra—, ía tamén a Lugo e preguntábase por que non se avanzaba na A-54, cales eran os motivos polos cales non se avanzara na A-54; precisamente, ían á provincia de Lugo e a Lugo nun momento en que estabamos nunha cita tamén moi próxima coas urnas. Estabamos na campaña das eleccións xerais e dicían que —¡claro!— non ían admitir un atraso máis nesa infraestrutura da A-54, Lugo-Santiago, pero, o que non sabiamos era que a Xunta de Galicia tiña, gardadiño nun caixón, un permiso que era necesario para poder avanzar nesas obras. Coñeciamos a finais de agosto deste ano que a Xunta de Galicia —Augas de Galicia— tiña unha solicitude para unha autorización de retranqueamento dun río, que chegou á Xunta de Galicia a mediados do mes de abril, e que a Xunta de Galicia non emitiu esa autorización precisa e necesaria ata o 30 de agosto dese ano —catro meses e medio de atraso nunha autorización necesaria e preceptiva da Xunta de Galicia—, co fin de boicotear unha obra de competencia estatal, coa única finalidade de, en plena campaña electoral, dicir que o Goberno central estaba a marxinar a Comunidade Autónoma galega, cando era a propia Xunta de Galicia que estaba a torpedear e a boicotear que se puidese avanzar nesas obras porque, como dicía, estivo catro meses e medio un papeliño gardado nos caixóns de Augas de Galicia, e era un informe necesario e preceptivo para poder avanzar nesa infraestrutura da A-54; polo tanto, nós, con esta moción, o que pedimos á Xunta de Galicia é esa celeridade que pide ao Goberno central, isto é, que á hora de emitir informes necesarios en obras de titularidade estatal, e que necesiten informes da Xunta de Galicia, que non os deixen gardadiños nun caixón. Podemos poñer o exemplo da A-54, pero podemos poñer tamén moitos outros exemplos —con todos os atrancos que estivo a poñer a Xunta de Galicia á hora de emitir informes necesarios—, pois, por exemplo, nas estacións intermodais das distintas provincias de Galicia. Estivemos a ver, como é certo, que hai unha parte, que é competencia da Xunta de Galicia, e outras partes, que son competencias do Goberno central, e, incluso, algunhas, dos concellos, e a Xunta de Galicia estivo a torpedear tamén a emisión dos seus informes. En Lugo, para descatalogar esa oficina de Correos, ¿canto tempo estivo a Xunta de Galicia para emitir ese informe? Primeiro que si, que se non, que se valía desta forma, que se non, da outra. Anote, señor Balseiro, que vostede ben sabe como foi o tema. A ver agora que historia me conta cando suba vostede aquí.

Pero miren, tamén nesta parte da moción pedimos esa celeridade á Xunta de Galicia de cara a emitir os informes necesarios para as infraestruturas de competencia estatal, pero tamén as pedimos para as infraestruturas de competencia local, porque aí tamén hai atrasos por parte da Xunta de Galicia. Se quere podemos falar de cantos PXOM están bloqueados pola Xunta de Galicia. ¿Falamos do PXOM de Viveiro? Falamos do PXOM de viveiro; vai, veña que eu quería falar diso, do PXOM de Viveiro. PXOM de Viveiro, aprobado inicialmente no ano 2011; non foi ata o ano 2017 cando emitiu o informe Patrimonio —que xa sabemos que

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Patrimonio vai con moitísima celeridade nesta comunidade autónoma— e non foi ata o ano 2022 que emitiu o informe Augas de Galicia. É que quero, ¡claro que quería falar do PXOM de Viveiro, señor Balseiro! Se ata o anterior subdirector xeral de Patrimonio chegou a pedir desculpas ao Goberno local pola demora na súa tramitación. El tivo a vergoña e a cara de pedir as desculpas por esa tramitación dese PXOM de Viveiro. *(Aplausos.)*¡Si, señor Balseiro!, pero é que tamén noutras cidades, onde non goberna o Partido Popular, tamén poñen atrancos. Queremos falar deses máis de trece meses que tardaron en emitir informes necesarios para ese documento de planificación urbana, competencia municipal, pero que necesita informes da Administración autonómica; deses máis de trece meses no relativo ao caso de Vigo. Máis de trece meses no PXOM de Vigo para emitir Patrimonio un informe á Axencia Galega de Infraestruturas. Pero claro, cando non gobernan vostedes nos concellos ou no Goberno central, o único que se dedican é a torpedear. Os atrasos de Patrimonio son continuos na elaboración destes documentos de titularidade municipal. E todo isto, o exemplo de Viveiro ou o de Vigo, é coa finalidade única e dura, porque non había razóns técnicas para atrasalo, de que non chegasen estes documentos aprobados ás eleccións municipais e de que tampouco chegasen ás eleccións xerais. Podemos falar tamén, señor Balseiro, do PXOM de Lugo, dese cinco por cento que falta —outro día, outro día—. Un novo revés para atrás; primeiro, informando a prensa antes de informar o Goberno local do que sería necesario para levar adiante ese cinco por cento que falta do PXOM de Lugo; é que, a verdade, hai que ter moita cariña *(A señora Otero Rodríguez toca a cara coa man dereita varias veces.)* Primeiro, informamos a prensa e, despois, informaremos a alcaldesa. Estivo máis dun mes exposto a exposición pública no *DOG*, *(Aplausos.)* e non foron capaces de facer nada. ¡Non, home, é que, a verdade, casos temos para estar falando todo un pleno aquí!

Podemos recordar tamén que aquí son necesarios os informes preceptivos da Xunta de Galicia no relativo a algo sobre o que acadamos acordos en numerosas ocasións nesta Cámara, como é a reversión da titularidade dos terreos de titularidade portuaria, que xa non teñen uso portuario, cara aos concellos. ¿Cantas veces temos falado disto?; ¿cantos acordos acadamos? É verdade, acordos, boas palabras, pero a realidade é que no día de hoxe non hai nada disto: concellos que solicitaron que se reverta unha titularidade municipal a eses terreos que xa non están afectados polo uso portuario. ¿Que fixo a Xunta de Galicia? Buscar unha escusa: dicir que a reversión non pode ser automática dende a titularidade autonómica, dende a titularidade municipal, senón que ten que pasar pola titularidade estatal, pero o certo é que o Goberno central e o ministerio dixo á Xunta de Galicia que avanzase nese sentido, isto é, que emitise eses informes porque o Goberno central, dende logo, está a favor e trasladará eses terreos á titularidade municipal. ¿Por que non emiten eses informes?

Polo tanto, nós hoxe o que pedimos é que esa celeridade que lle piden ao Goberno central —que a nós nos parece moi ben que se reivindiquen as necesidades de Galicia cara ao Goberno central; non o facían antes, fano agora, bueno, pois alá vostedes coa súa conciencia, pero a nós parécenos moi ben—, tamén a teña o Goberno da Xunta. É que é competencia e responsabilidade da Xunta de Galicia emitir eses informes para non bloquear infraestruturas de competencia estatal. para non bloquear infraestruturas de competencia nacional. Por favor, fágolles un rogo: falen coa Xunta de Galicia para que non retrase eses informes e non bloquee estas infraestruturas. porque piden moita celeridade ao Goberno central, pero a verdade é que a Xunta de Galicia non predica co exemplo.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, hoxe esa vontade construtiva de pedir esa colaboración institucional e esa lealdade institucional —que tanto se lles enche a boca aos distintos conselleiros do Goberno galego en pedirlle ao Goberno central—, é necesario que eles tamén a manteñan coas entidades locais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e tamén co Goberno central.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Quedou aquí este bolígrafo... Bueno, eu diría que é azul, deste lado... *(Risos.)* Queda por aquí.

Hai unha coñecida canción dun grupo non suficientemente ponderado que se titula —a canción— «*Hace falta valor*»; unha obra mestra, ¿non? *(Murmurios.)* «*Hace falta valor*». Esa canción di polo medio: «*no des un paso, no des un mal paso*». E eu creo que neste debate ambas as partes deron moitos malos pasos, porque nos parece un atrevemento que traian aquí este tema, cando esta cuestión, o retraso da A-54, o incumprimento sistemático dos prazos, é responsabilidade compartida dos gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista durante máis de vinte anos, (*Aplausos.*) que nos levan prometendo esta infraestrutura. Polo tanto, menos malos pasos.

E son corresponsábeis, ademais, deste tema, pero de moitos outros, que poñen no foco da atención o abandono de Lugo en materia ferroviaria, en materia tamén de estradas, porque podemos falar da A-54, que é do que imos falar; podemos falar tamén da A-56 entre Lugo e Ourense, que só hai pouco máis de oito quilómetros construídos; podemos falar A-74, na Mariña, cero quilómetros construídos; podemos falar da autovía A-8 polo Fiouco, o fiasco do Fiouco; podemos falar da A-6, do viaduto do Castro; agora doutro viaduto en Ponferrada tamén que hai que reparar; en fin, da rede de estradas do Estado, que son das peores e das máis perigosas, as que atravesan a provincia de Lugo; e xa por non falar do ferrocarril.

Polo tanto, eu creo que deberían ter un pouco máis de humildade e empezar pedindo perdón —ambos os grupos— por todos estes atrasos e por todos estes incumprimentos, que —insisto— non son por casualidade, non son por un mal paso, non son consecuencia dunha lexislatura, son resultado de moitas lexislaturas de incumprimentos dos gobernos que levan gobernando este Estado desde o ano 1982; corenta e un anos de incumprimentos coa provincia de Lugo, do Partido Popular e do Partido Socialista. Polo tanto: «*Hace falta valor*», claro que fai falta valor.

E, claro, agora o último episodio é esta especie de escaramuza por este viaduto, no treito entre Arzúa e Melide, polo desvío do cauce dun río, que non sei se é ironía do destino, pero este río chámase río Ladrón —ás veces a historia, e a toponimia tamén, fan estes actos de xustiza poética—. Un río, por certo —nisto coincido coa conselleira— que debe levar aí

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

centos ou miles de anos, e parece que se acordaron no ano 2022 de que había que modificar o trazado deste río, o cauce do río. Por certo, eu creo que o máis lóxico sería modificar o trazado da autovía, pero acordáronse de que había que modificar o curso do río para facer o viaduto.

E, a ver, o problema non é o río Ladrón; eu diría que tampouco o problema é que Augas de Galiza tardara unhas semanas máis ou menos en emitir un informe —que son informes que levan o seu tempo, que teñen as súas pautas. e hai que cumprir unha serie de requisitos, entre eles o da información pública, que non me parece tampouco un exceso esta tardanza—; o problema non é este do que se está falando, o problema é que uns e outros, Partido Popular e o Partido Socialista, estiveron sistematicamente retrasando esta obra durante anos, e aos feitos nos remitimos, porque da autovía entre Santiago e Lugo, neste momento, falta por facer case un terzo, cando foi comprometida no ano 2000, para ser rematada no ano 2007. É dicir, que levamos quince anos de atraso. E o primeiro treito que se fixo, que foi o treito entre Lavacolla e Arzúa, tardou nada máis e nada menos que dez anos. Foi adxudicado no ano 2009 e rematouse no ano 2019. ¿E quen tivo a máxima responsabilidade nese retraso? Pois o Goberno do Partido Popular, da señora Ana Pastor como ministra de Fomento, que sistematicamente fixeron modificado; suspendeuse a tramitación e fixeron modificacións das anualidades e modificacións orzamentarias ata en sete veces. Fíxense se fixeron tantas modificacións e tantos retrasos que houbo unha sentenza da Audiencia Nacional que condenou o Goberno do Estado a pagar máis de 7 millóns de euros á construtora por todos estes retrasos. Entón, ¿de que nos están falando? ¿Como se atreven a vir aquí...? Porque, claro, vostedes o que fan moi ben é intercambiar os papeis: dependendo quen goberne en Madrid, pois aplauden ou critican; aplauden os seus e critican os contrarios. É un perfecto e preciso intercambio de papeis.

E falemos agora deste treito en cuestión, do do río Ladrón, que está no treito entre Arzúa e Melide. Fíxense, o Partido Popular fai manifestacións, concentracións, en campaña electoral, denuncias do retraso desta obra, que non vai estar en 2023, que non vai estar en 2024 e que non vai estar en 2025. Pois, ¿saben quen licitou esta obra? A ministra de Fomento, Ana Pastor, no ano 2015. ¿Saben cando se adxudicou esta obra? No ano 2018; tardaron tres anos en adxudicar unha obra. É dicir, sacaron a licitación, retiraron o proxecto porque estaba mal feito, volveron facer o novo proxecto, volveron licitala e tardaron tres anos en adxudicar esta obra. E agora atrévense a criticar o retraso; que, efectivamente, hai retraso, pero é retraso que é consecuencia de decisións duns e doutros, dos dous gobernos, do Partido Popular e do Partido Socialista, e deben asumir as súas responsabilidades e pedir desculpas á cidadanía por este maltrato á provincia de Lugo. Deberían facer iso en primeiro lugar.

E, claro, dito isto, temos que falar tamén doutra cousa, porque, claro, isto o que fai é desviar a atención sobre os incumprimentos do Goberno central,nas obras —que eu xa citei moitas delas— da provincia de Lugo, que teñen un sistemático retraso na súa execución e que falan dese maltrato a Lugo, a toda a provincia, sobre todo á cidade, que está nun absoluto illamento, fóra do mapa, das infraestruturas tanto ferroviarias como viarias.

Pero falemos un pouco tamén da Xunta, falemos dos incumprimentos e dos retrasos da Xunta —que disto, por certo, falaremos proximamente tamén—, falemos do Plan Move, por

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exemplo, do famoso Plan Move, aprobado no ano 2010, que contemplaba unha serie de vías de alta capacidade —despois chamadas vías de altas prestacións— e tamén unha serie de circunvalacións.

Mire, voulle ler algúns exemplos porque, efectivamente, fai falta moito valor: variante de Portosín, previsto o remate no 2015, sen facer; variante de Muros, previsto o remate en 2015, sen facer e sen iniciar; variante da Laracha, no 2015, sen facer, sen iniciar; variante de Melide, o mesmo; variante de Carballo, o mesmo; variante de acceso ao porto de Ribeira, o mesmo; mellora da conexión entre Boiro e Noia, o mesmo; conexión co porto seco de Monforte, no Plan Move, señor Balseiro, 2013, sen facer, sen rematar; variante de Ponteareas, no 2017, sen facer, sen iniciar; vías de altas... Bueno, xa non digamos a rolda leste de Lugo, que daría para outro capítulo. Fixeron vostedes unha campaña absolutamente burda e infame nas pasadas eleccións municipais e agora tiveron que recoller aparello, porque, claro, rompía pola metade unha zona verde; agora tiveron que volver sacalo a información ambiental.

Vías de altas prestacións: Santiago-A Estrada. Desde 2008 está sen facer un só metro, e agora presumen de que van facer uns poucos quilómetros, cando estaba previsto chegar ata Forcarei con esta infraestrutura. Segundo: VAC Costa Norte, a maior parte sen facer, estaba previsto rematala en 2017; VAC Carballo-Fisterra —e non falemos da autovía da Costa da Morte, que é unha auténtica vergoña o que fixeron vostedes con esta obra: está modificado o contrato mediante a Lei de acompañamento aos orzamentos de 2015, reducíndoo, e está sen facer nada máis; está totalmente paralizado desde hai anos, cando comprometeran rematalo no 2015—; VAC Brión-Noia —a previsión de remate era no 2015, e está o desdobramento sen facer; agora volven outra vez sacalo con esa Santa Compaña, a procesión dos orzamentos, que repiten as partidas ano tras ano e non executan—; VAC Santiago-Costa da Morte. Esta é unha especie de obxecto infraestrutural descoñecido, porque nunca chegou a facerse nin sequera un proxecto, un trazado, nin nada; non hai nada desta obra. E así sucesivamente: Sarria-Monforte, Pontevedra-Vilagarcía, un novo vial desde o enlace de Curro ata Vilagarcía, que tamén desapareceu do mapa; e así sucesivamente. Polo tanto, vostedes debían, sobre todo, estar calados porque non son exemplo de nada.

E miren, remato citando o xornal *El Progreso*, que publicaba recentemente: «A A-54 simboliza o desprezo coa provincia de Lugo no ámbito das infraestruturas». Verdade, pero fáltalle a segunda parte: o desprezo polos gobernos centrais do Partido Popular e do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Otero, visto que nesta Cámara os socialistas galegos se converteron nos máximos defensores dos intereses do Goberno de Pedro Sánchez contra Galicia, vai sendo hora de que respondan unha vez, e respondan alto e claro, unha pregunta que lles vou facer: ¿que máis ten que pasar na autovía A-6, na autovía do Noroeste, para que Sánchez tome en serio o seu arreglo? Señorías, respondan. ¿Pero que máis ten que pasar para que vostedes tomen en serio esa obra?

O principal acceso a Galicia polo noroeste está cortado desde hai máis dun ano; os viadutos que se desplomaron están sen construír, cando prometeron facelo de urxencia e de xeito simultáneo; un desvío pola antiga Nacional VI é unha auténtica chapuza vulnerable e que non serve como alternativa á circulación. Agora veremos como coa chegada do outono —e xa non lles digo do inverno—, coas primeiras chuvias, día tras día, se destaparán as carencias desta autovía, cun asfalto nun estado lamentable, que, por outro lado, é a característica común de todas as estradas de titularidade estatal en Galicia. (*Aplausos*.)

Vímolo hai uns días cunha sucesión de incidentes máis ou menos importantes, que acaban por supoñer caos para o tráfico rodado para os veciños, para os turistas e para os transportistas que circulan por esta zona. Vólvolles facer outra pregunta: ¿que máis ten que pasar para que vostedes, os socialistas galegos, e o Goberno de Pedro Sánchez reaccionen?

E, señorías, non pretendo botarlle a culpa á Moncloa de que se produza un desprendemento de terra, aínda que poderiamos analizar máis polo miúdo se estes episodios son resultado do abandono do Ministerio das tarefas de conservación e mantemento. Pero o que si podo facer é pedirlles aos socialistas, mentres conserven a responsabilidade de goberno, un pouco máis de dilixencia nas súas obrigas, porque non pode ser que teñan as estradas estatais como as atopamos, cheas de fochancas, e tampouco pode ser que se eternicen, por falta de vontade e por falta de orzamento, na execución das obras de reparación, como pasa na autovía A-6, ou como pasa, señora Otero, no socavón da vergoña na nosa comarca da Mariña lucense e noutros moitos puntos de Galicia.

Supoño que o señor Sánchez, señorías, estará aforrando cartos; probablemente está aforrando cartos nas infraestruturas en Galicia para entregárllelos aos independentistas cataláns. *(Murmurios.)* Si, si, xa saben vostedes aquilo dos 450.000 millóns da débeda histórica. *(Risos.)* O peor de todo... A vostedes dálles a risa; aos galegos, non, ¡eh! Ao Partido Socialista e aos deputados do Partido Socialista que representan os galegos e as galegas dálles a risa na máxima institución de Galicia, no Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)* E o peor de todo é que van vostedes permitir que lles impoñan a dedazo un señor como candidato á Xunta —ao que facía referencia a señora Otero—, o señor Besteiro, que é o arreglador e o negociador dese desfalco a Galicia e que negociará ese desprezo á unidade de todas as comunidades autónomas.

Pero volvo facerlles outra pregunta: ¿de verdade non son vostedes conscientes de como teñen as estradas estatais na nosa comunidade? ¿Pero de verdade despois lles sorprende a vostedes...? Señora Otero, vostede debía ser un pouco máis humilde, porque vostede veu aquí e puxo como exemplo un candidato fracasado, e sabe que en Lugo diso sabemos, e vostede tamén. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Sabe que en Lugo diso sabemos e vostede tamén.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.) Digo que moi mal teñen que andar no Partido Socialista para que teñan que escoller vostedes un candidato como cabeza de lista que o único beneficio que tivo nas xerais foi perder o 50 por cento da representación que tiña o Partido Socialista na súa provincia. É dicir, sacou trinta e pico mil votos menos que o Partido Popular, trinta puntos por debaixo do Partido Popular nesa provincia, e vostede, que ía de segunda, pois ao mellor podía darlle un vistazo a esta autovía, porque vostede non pasou de Pedrafita, que é onde está o problema. *(Aplausos.)* É dicir, foi onde tiveron vostedes o peor resultado de Galicia. Foron a novena provincia, despois das catalás e despois das vascas —e non lle vou explicar eu o que pasa en Cataluña e o que pasa no País Vasco—, co peor resultado de España, e veñen vostedes presumir á tribuna do Parlamento. O presidente da Xunta... En Lugo estamos supertranquilos con esa decisión. *(Murmurios.)* Sabemos como se gañan as eleccións, porque levamos moitos anos sen perder ningunha, e tamén coñecemos o señor Besteiro. Polo cal, tranquilidade absoluta deste grupo, tranquilidade absoluta en Galicia, tranquilidade absoluta deste goberno e, sobre todo, tranquilidade absoluta na provincia de Lugo, que sabemos como se traballa e como se gañan as eleccións. Teñen moito que aprender vostedes. *(Aplausos.)* E eu diríalles que basta xa, que teñan vostedes un mínimo de respecto e que teñan vostedes un mínimo de agarimo pola súa terra ¡home!, por Galicia.

Señorías, non entendo como se atreven vostedes, señora Otero, a vir aquí falar de bloqueo da Xunta ante as infraestruturas estatais. Puxo vostede aquí varios exemplos. Mire, eu voulle poñer o exemplo de dous organismos que tardan calquera deles máis de dous ou tres anos en dar un informe e que son do Goberno central, chámese a Hidrográfica ou chámese Costas. Sábeno ben, calquera deles, e están vostedes aquí cuestionando un informe que tardou catro meses.

Mire, esta moción é unha proposta demagóxica e, sobre todo, é unha proposta oportunista, porque vostedes non teñen de que falar e trouxeron isto, que o único que intenta é tapar a incompetencia do Goberno de Sánchez e o retraso na execución da autovía A-54. Quedou tan claro durante a resposta da conselleira de Infraestruturas durante a interpelación, quedou tan suficientemente acreditado, que a solicitude de autorización para intervir no río Ladrón en agosto —¡en agosto!, cinco anos despois, señorías, cinco anos despois de que se iniciasen as obras; mire cando se acordaron da A-54— foi unha mala e pobre escusa; unha escusa á que vostede, señora Otero, se prestou para xerar ruído, para desviar o foco sobre o que realmente é importante: os retrasos nas obras na A-54, da autovía Lugo-Santiago, e un novo incumprimento dos prazos avanzados polo Goberno de España.

Señora Otero, non hai que ir moi lonxe. Na reunión co secretario de Estado de Transportes a principios de mes confirmou que só un tramo dos dous pendentes estaría no 2024. E xa veremos se iso é así. Confírmase unha nova demora nas obras, e a autovía non poderá estar completa, cando menos —¡cando menos!—, ata o ano 2025.

Señorías do Partido Socialista ¿cando van tomar en serio as obras da autovía Lugo-Santiago? E señorías do Bloque Nacionalista Galego, non sobreactúen vostedes, señor Bará, porque despois vostedes regalan os seus votos a Sánchez a cambio de nada. Son os seus socios. Critícao moito vostede na tribuna deste Parlamento, e son vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, os socios. A señora Pontón deulles o apoio a cambio de nada. Xa é demasiado longa,

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

señorías, a lista de exemplos sobre como entende o Goberno central a palabra «colaboración».

E, antes de rematar, señora Otero, mire, do PXOM de Viveiro, teño que dicir que levan vostedes vinte anos gobernando e que o Partido Popular o deixou listo e aínda non foron capaces de sacalo. E respecto do PXOM de Lugo, deixe vostede de intoxicar, ¡deixe vostede de intoxicar! A alcaldesa de Lugo xa coñecía no ano 2019 as correccións que ordenaba a Confederación Hidrográfica; por certo, unha administración do Partido Socialista, ¿E que fixo todo este tempo? Nada. Vostedes poñen a venda antes da perda, e o PSOE é unha rémora para Lugo. E para que a vexa, déixolle ao señor presidente do Parlamento a xustificación para que lla deixe a vostede. *(O señor Balseiro Orol entrégalle un documento ao presidente do Parlamento.)* Nós somos serios, nós non vimos á tribuna do Parlamento a falar por falar, nós vimos á tribuna do Parlamento con documentación.

Señora Rodríguez Rumbo, alégrome moito de escoitarlle a vostede que o Partido Popular votara en contra de non sei cantas cousas. Revise vostede a documentación. O Partido Popular, de todo canto dixo aquí, non votou nin ao 30 por cento en contra *(Risos.)* Vostedes non están en condicións de nada, porque votar en contra é ter criterio; o que non é ter criterio é o que fai o Partido Socialista en Galicia, que é votar aquí unha cousa e a mesma cousa votala ao contrario en Madrid.

Polo cal, señores do Partido Socialista e señores do Bloque Nacionalista Galego, efectivamente, estamos a acabar unha lexislatura, e os galegos non son parvos, levan anos demostrando a confianza ao Goberno de Galicia, levan anos demostrando a confianza ao grupo maioritario de Galicia, que é o Grupo Popular. Son catro maiorías absolutas, e con este candidato, non se preocupen vostedes que imos sacar a quinta e a primeira de Alfonso Rueda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Polo grupo autor da moción, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora Rumbo, debían de estar aínda os do Partido Popular nesa procesión dos Caladiños, porque cando dicía o señor Balseiro que desas medidas que votaron en contra... Señor Balseiro, votaron en contra, *(Aplausos.)* porque, incluso, claro, todos recordamos, nesta campaña das eleccións xerais, cando o candidato que nunca chegou a ser presidente do Goberno de España, o señor Feijóo, dicía que claro que o Partido Popular votara a favor de revalorizar as pensións conforme o IPC. E ía de plató televisivo en plató televisivo dicindo que o Partido Popular votara a favor de revalorizar as pensións conforme o IPC. ¡É que hai que ter caradura, e hai que mentir! Vostedes pensan que contando unha mentira mil veces se vai converter en verdade, pero é que non é certo. *(Murmurios.)* ¿Votaron ou non votaron en contra de revalorizar as pensións conforme o IPC? *(Aplausos.)* É que nunca, cando tiveron posibilidades, cando tiveron responsabilidades de goberno, foron capaces de incrementar as pensións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pero cómpre recordar cando dicían que iso se podía incrementar conforme o 0,25 por cento porque non había marxe para subilas doutra forma. Revise, revise a hemeroteca, señor Pazos.

Están vostedes moi nerviosos. Vostede, señor Balseiro, moito dicía: estamos moi tranquilos no Partido Popular de Lugo, estamos moi tranquilos no Goberno galego e estamos moi tranquilos na Xunta de Galicia. Pois eu a verdade é que esa tranquilidade non a vexo. E di vostede que sabe como se gañan as eleccións na provincia de Lugo. Non, é que, claro, moito teñen que explicar vostedes o que fixeron na provincia de Lugo nese ano 2016. Por iso están tan nerviosos co candidato, co magnífico candidato que temos á presidencia da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Falaremos dentro duns meses, falaremos dentro duns meses.

Empezaba o señor Bará falando dunha canción. Pois eu voulle dedicar outra ao Bloque Nacionalista Galego e, sobre todo, ao señor Bará; unha de Amaral: «*Sin ti, no soy nada*», señor Bará. *(Risos.)* Porque a verdade é que a súa intervención... Se hoxe non existira o PSdeG, e incluso o Partido Popular, non tiñan argumentos para subir a esta tribuna. Se non existiramos neste momento o PSdeG e o Partido Popular, non tiña argumentos vostede para falar.

Entón, subiu aquí dicir que todo era culpa do Goberno central, subiu criticar o Goberno central, despois incluso subiu falar de obras das que podemos estar falando durante moitísimo tempo, de todos os incumprimentos da Xunta de Galicia coas obras que son da súa competencia... Claro, falaba o señor Bará da VAC da Costa Norte, da da Costa da Morte, da do porto seco de Monforte —que temos falado en moitas ocasións dese tema—, pero non vai disto esta moción.

Eu creo que vostede hoxe, señor Bará, non leu a moción. A moción o que pedía era pedirlle axilidade á Xunta de Galicia á hora de emitir os informes precisos e necesarios para poder avanzar nas obras de titularidade estatal, e tamén esa celeridade neses informes preceptivos, para que, nese marco de colaboración e lealdade institucional, as entidades locais poidan avanzar en infraestruturas da súa competencia. Eu non sei se están a favor ou en contra de pedirlle á Xunta de Galicia esa celeridade para con estas obras, tanto de ámbito estatal como de ámbito autonómico.

Claro, o señor Balseiro dedicouse tamén a falar do viaduto do Castro, da A-6..., e claro dicía despois: bueno, claro, non podo culpar A Moncloa dese corremento de terras, dese derrubamento do viaduto da A-6. Pois, ao mellor, pode culpar A Moncloa, pero non a este presidente que está agora na Moncloa. Pode culpar o presidente Aznar, cando estaba na Moncloa, porque foi baixo a súa responsabilidade cando se fixeron estes viadutos. ¿Ou foi baixo a presidencia do Goberno de Pedro Sánchez? Polo tanto, si que pode mirar cara á Moncloa, pero cando estaba habitada por outro presidente, por un presidente do Partido Popular.

E incluso chegou a sacar aquí tamén o tema do socavón da N-642. Claro, é unha obra de titularidade estatal. Eu aí non estou a culpar a Xunta de Galicia de que estea a retrasar esa

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

infraestrutura porque sexa preciso un informe do Goberno galego. Pero temos falado en moitas ocasións diso, e eu teño pedido ao Goberno central axilidade na reconstrución desa estrada e teño pedido desculpas neste Parlamento —eu, nomeadamente— por non ter feito nada cando o Partido Socialista estaba a gobernar en Madrid nesa A-74, na autovía da Mariña, tan necesaria para a nosa comarca. Eu teño pedido perdón, pero non escoitei o señor Balseiro pedir perdón cando nin o Partido Popular nin o Partido Socialista puxeron nin un centímetro —xa non un quilómetro, senón nin un só centímetro— en funcionamento. Polo tanto, estou segura de que agora, se Pedro Sánchez segue a ser presidente do Goberno, se licitarán máis pronto que tarde os treitos necesarios nesa A-74. Pero a ver que fan vostedes coa VAC Costa Norte —¡que ben que está o presidente da Xunta de Galicia aquí!—. Necesitamos a A-74, pero necesitamos a VAC Costa Norte. E cómpre recordar que os únicos dous treitos que están postos en funcionamento —un na provincia de Lugo e outro na provincia da Coruña— serían inaugurados polo Goberno autonómico do Partido Popular, pero foron licitados por un goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. *(Aplausos.)* E nada fixeron vostedes en catorce anos pola VAC Costa Norte. *(Aplausos.)* A A-74 pedímoslla ao Goberno central, pero a VAC Costa Norte, tamén. *(Aplausos.)*

Polo tanto, hoxe, dentro desa lealdade institucional, dentro desa colaboración institucional, dentro desa axilidade que lle pide o Goberno da Xunta de Galicia ao Goberno central coas infraestruturas que son de titularidade estatal, pídolle axilidade para as que son de competencia autonómica e tamén pídolle axilidade na emisión deses informes, porque non é certo o que din vostedes da A-54. Cando pediu autorización o Goberno central para poder facer o retranqueo dese río, foi unha obra imprevista, e vostedes tardaron máis de catro meses e medio en emitir o informe, e cunha única finalidade, porque estabamos a falar de que estabamos en datas de eleccións municipais e despois de eleccións xerais. Vostedes miden todo en termos electorais e de sacar tallada política. E vimos como non lles funcionou moito nesas eleccións xerais.

Polo tanto, pedímoslle axilidade á Xunta de Galicia para que elabore eses informes que son preceptivos e necesarios para poder avanzar tanto en obras de titularidade estatal como en obras de titularidade local. E o que eu lles dicía: moito lle piden ao Goberno central, pero a Xunta de Galicia non predica co exemplo.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das mocións, procedemos á súa votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Acéptase a segunda parte como engádega.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)

¿Perdón? ¿Si, señora Rodríguez Rumbo?

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Que punto quere separar?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O punto número 4.

O señor PRESIDENTE: ¿O catro? *(Asentimento.)*

Votamos, entón, en primeiro lugar, o punto número 4.

Votamos.

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto número 4 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2, 3 e 5 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións.

Continuamos coa orde do día, co punto 4, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das ofertas públicas de emprego que afectan o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Os incendios forestais son cada día de maior envergadura, sendo cada vez maior o risco para as vidas das persoas e os seus bens. O pasado xoves 12 iniciábase un lume no municipio de Trabada dunha duración de tres días que arrasaba 2.300 hectáreas —concretamente, 2.326—; unha nova traxedia para Galicia. Nesa mesma semana, en Foz ardían 234 hectáreas; en Vilariño de Conso, 213; no parque natural da Baixa Limia-O Xurés —que arde ano si e ano tamén— 11; ardía o monte en Chantada, 89 hectáreas, e en Avión, 71; un total de máis de 3.000 hectáreas arrasadas.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A alcaldesa de Trabada, dona Mayra García, cualificaba a situación de terrible, con vento e lume incontrolado preto das casas, e recoñecía que era a peor experiencia á fronte da alcaldía. Sinalaban os alcaldes das zonas afectadas que —textualmente— «vai levar anos recuperar todo» e que quedaba un traballo de varios anos por diante. Quero transmitirlles a solidariedade dos socialistas ás alcaldesas e alcaldes afectados polos lumes destes días e aos veciños e veciñas que viviron esta terrible situación e, en particular, aos que tiveron que ser desaloxados das súas vivendas. É unha experiencia moi difícil de esquecer, dende logo. *(Aplausos.)*

Aproveitamos tamén esta iniciativa para instar o Goberno galego a estar á altura das circunstancias e a que con inmediatez se reúna cos alcaldes e alcaldesas que mentabamos —que aínda o conselleiro de Medio Rural non se reuniu con eles— e dea os pasos precisos para a recuperación das zonas afectadas polos lumes.

Os incendios —como dicía— constitúen unha das principais preocupacións para a sociedade galega no respectivo á propia seguridade pública. Son unha lacra que xa non só aparece na época estival. Recordemos en marzo deste ano o incendio en Baleira, que arrasaba 1.000 hectáreas, e no que tivo que declararse tamén a situación 2 pola proximidade aos núcleos de poboación.

Este grupo parlamentario ten incidido en que vivimos xa situacións que desbordan o dispositivo contra incendios, e por iso está máis que demostrada a necesidade de realizar unha política activa de prevención dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens. E para iso necesítase, señores e señoras do Partido Popular, un servizo de prevención e extinción profesional único, dependente da Xunta de Galicia. Certo é que se deron pasos para iso —e hai que recoñecelo—, incrementando os contratos do persoal de 3 meses ata 6, e os de 9 a 12, pero foron pasos lentos e insuficientes para a magnitude do problema ao que nos enfrontamos, señorías. E en cada ocasión que os grupos da oposición presentamos iniciativas en positivo nesta área, o grupo que sostén o Goberno e o propio Goberno galego rexéitaas. Pero o que é peor é que di que facemos política dos lumes e que non valoramos o dispositivo antiincendios, que as nosas reivindicacións se entenden como un ataque persoal ao propio Servizo de Prevención de Incendios Forestais; unha afirmación perversa e cínica, dado que o que estamos pondo en cuestión, señorías do Grupo Popular, son as decisións dos responsables políticos, a política que está empregando o Goberno galego en materia de montes, en materia de medio ambiente, en materia de prevención de incendios e en materia de persoal. Estamos, señorías, pondo en cuestión unha política integral e transversal para o medio rural que está a ser un fracaso. A despoboación e o éxodo cara ás urbes provocan a desaparición das aldeas. Son poucas as oportunidades profesionais no rural, cada vez hai menos servizos públicos e a aposta polas infraestruturas é escasa. É un problema moi serio que se cualifica xa polos expertos como unha catástrofe demográfica provocada por unha serie de omisións ou accións políticas que afectan directamente o territorio, converténdose nun dos principais problemas socioeconómicos da Galicia actual. E, señoras e señores do Partido Popular, non valen declaracións de intencións titular tras titular, senón que é urxente un plan integral que aborde esta problemática.

E, derivado desta situación que fai que o monte estea xa nos pobos, é preciso que as medidas preventivas no tocante a incendios se leven a cabo todo o ano, en especial na época anterior

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ao alto risco de incendios. E por iso presentamos esta iniciativa sobre o persoal do Servizo de Prevención, que insta o Goberno galego a que reverta a situación de eventualidade excesiva que o Servizo de Prevención de Incendios vén arrastrando na última década e a que se adopten as medidas precisas á maior brevidade para que se alcance un grao de estabilidade laboral admisible. Entre outras: a realización do concurso de traslados, tomas de posesión e demais trámites pendentes aínda das ofertas de emprego de 2016 a 2019; a que de forma paulatina se comece xa neste ano 2024 e se proceda á ampliación das contratacións do persoal de 6 meses a 12; e a continuar incrementando a reversión en públicas das brigadas helitransportadas.

Certo é que, cando se produce un incendio forestal, os profesionais do Servizo de Prevención de Incendios, tamén os contratados polos concellos ou os traballadores que son contratados por empresas privadas como traballadores das brigadas helitransportadas, se poñen a dar o mellor de si mesmos para que os lumes que se controlen antes de alcanzar a superficie dunha hectárea sexan unha alta porcentaxe. Contamos cun servizo con moita experiencia, eficaz, pero, señores e señoras do Partido Popular, o que non pode acontecer, o que non debe acontecer, é que hoxe sobre as dúas terceiras partes do persoal do servizo teña unha vinculación laboral de carácter temporal. A ver se se remata ese proceso selectivo e esta cifra se incrementa. Hai un atraso inexplicable e difícil de xustificar en relación coa finalización dos procesos selectivos nos que ata o de agora non lles deron solución á estabilización e consolidación dos postos de traballo, nin ao aumento de labores durante a totalidade do ano, co fin de que se realicen as tarefas preventivas antes da tempada de alto risco, tales como queimas prescritas, podas, puntos de auga, etcétera. De feito —temos que dicilo—, a xestión da Dirección Xeral de Función Pública dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública é nefasta, *(Aplausos.)* ¡totalmente nefasta! Facemos un relatorio das OP pendentes aínda de finalización en relación con este persoal: 2016 —estamos no 2023—, persoal laboral de promoción interna. En setembro do 2017 convocábase o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna e cambio de categoría en prazas —e digo as categorías convocadas—: bombeiro forestal condutor de motobomba, 30; bombeiro forestal, 22; bombeiro forestal condutor, outras 22; vixilante fixo de defensa contraincendios, 10; emisorista de defensa contra incendios, 10; na actualidade encóntrase en provisional —e falamos de 2016—. OP de 2019: persoal funcionario, acumulación das ofertas de emprego, 16, 17 e 18 para emisoristas e bombeiros forestais. A convocatoria realizábase pola Orde do 28 de febreiro de 2019 —estamos no ano 2023— para cubrir 269 prazas deste servizo, 66 por promoción interna e 5 para discapacidade.

Os pasos que deron desde aquela: acreditación de méritos, o 5 de abril de 2022; baremación provisional, o 13 de marzo de 2023; baremación definitiva, o 21 de xullo de 2023; modificación do baremo definitivo, o 29 de setembro do 2023. E ata o pasado 13 de outubro, que se publicaba a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo. Encóntrase agora na fase de entrega da documentación, titulacións, experiencia, etcétera. Entón, pregúntome, a toma de posesión ¿cando se vai producir? Antes das eleccións, imaxino; agora creo que lles entrarán as présas. Pero con anterioridade deben realizar —para os funcionarios— a convocatoria de todas as vacantes en concurso de traslados e resolver de forma definitiva as distintas OP que están en provisional que antes citei. A este grupo parlamentario gustaríalle coñecer que van facer coas 150 ou 180 prazas que están en

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

adscrición temporal prorrogada que finalizaban o venres 13 de outubro. ¿Vanos deixar nesta situación tamén ata a convocatoria electoral? Non o sabemos.

En resumo, se temos en conta a data da convocatoria da OPE —4 de marzo de 2019—, vemos que levamos catro anos e sete meses de desenvolvemento do proceso selectivo sen que estea rematado, polo momento, e, se temos en conta a OPE de promoción interna, aínda máis. Isto é unha situación incrible; esta é unha situación excepcional e anómala en comparativa a calquera outro proceso similar e coetáneo, como poden ser os dos corpos administrativos xerais. A fase de concurso superou o ano dende a súa convocatoria ata a baremación definitiva, algo inexplicable cando máis do 75 por cento das persoas participantes eran ou son traballadores da propia Xunta, tendo, en teoría, esta o seu expediente electrónico informatizado e actualizado.

A segunda proba de actitude física realizouse hai máis dun ano. O día 6 de novembro aínda está fixado o exame do seguinte proceso selectivo, que é de carácter extraordinario, derivado da Lei 20/2021, de estabilización do emprego público.

E ante esta nefasta xestión considera o grupo parlamentario que o desinterese do Goberno galego en relación co persoal do Servizo de Prevención e Incendios Forestais está afectando a prestación dun servizo esencial para a seguridade das persoas e os seus bens. Tendo presente que Galicia é dende sempre a comunidade autónoma máis afectada do Estado por incendios forestais, tanto en aspectos de porcentaxe de superficie afectada en número de incendios e número de grandes incendios forestais, está máis que demostrada a necesidade de realizar unha política activa de prevención dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e a asegurar as vías de comunicación na época estival, que é cando as poboacións teñen moita máis afluencia polo turismo.

Continuarei con máis argumentos mañá na miña segunda intervención, falando das brigadas helitransportadas e da situación que están a vivir, xa que son uns traballadores de segunda para a Consellería do Medio Rural. Entón, creo que o que deben facer é aprobar esta iniciativa, e así co sistema de prevención, loxicamente, aínda que deron pasos ao efecto —que xa o recoñecín—, ten que seguir avanzando nesta dirección.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Moura.

O señor LOURENZO MOURA: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señoras deputadas e señores deputados.

Como todas e todos sabemos, tense falado moito neste Parlamento ao longo desta lexislatura e das anteriores das cuestións vinculadas ao modelo de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por establecer un punto de partida, cómpre dicir que a gravidade dos incendios forestais en Galiza está determinada por tres factores principais, tal e como se recolle no documento do grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento galego celebrada en xuño do ano 2019. Pois estes tres factores principais son: en primeiro lugar, a ausencia dunha acaída planificación e ordenación do territorio; en segundo lugar, o cambio da morfoloxía do monte galego, que se acentúa na segunda metade do século XX, como consecuencia da repoboación masiva e desordenada das masas mono-específicas de alta combustibilidade, nomeadamente o eucalipto e o piñeiro; e, en terceiro lugar, o abandono progresivo durante as últimas décadas da actividade no sector agrogandeiro, causando a desaparición dos cultivos agrícolas na fase interurbana e permitindo o avance do monte até os núcleos habitados a través das fincas abandonadas. Este último factor, ademais, está na base do despoboamento do rural e do avellentamento dos seus habitantes, agravando o problema incendiario como consecuencia da enorme vulnerabilidade dos núcleos rurais, cheos de xente dependente e dispersa nun número notable de aldeas indefensas.

Esta situación de partida exixe de medidas que sitúen o desenvolvemento do medio rural no centro das políticas económicas do país. Pero para centrar o asunto que se debate, destes factores determinantes que lles acabo de nomear extráese o perigo potencial dos incendios forestais; un perigo que se ve agravado pola nova tipoloxía dos lumes, asociada a fenómenos meteorolóxicos adversos e ao cambio climático. Neste sentido, os episodios incendiarios dos últimos anos indícannos unha evolución cara a lumes de alta intensidade e de grandes dimensións —os megaincendios—, facendo moi difícil o ataque do dispositivo de extinción.

Coincidiremos todas e todos en que esta problemática é tan importante que a solución é ter un Servizo de Prevención e de Extinción profesional e profesionalizado como único mecanismo para facerlle fronte a esta nova tipoloxía de lumes

Dende o BNG temos defendido que precisamos un servizo profesional estable e activo os 365 días do ano e que teña un mando único. Por desgraza, a situación laboral das traballadoras e dos traballadores do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais está moi lonxe da estabilidade desexada.

Dende o noso grupo temos denunciado en múltiples ocasións a precariedade laboral a que a Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular, ten sometido este servizo, fundamental no noso país, e que ten na actualidade unha taxa das temporalidades e precarizacións dos empregos máis altas de toda a Administración galega.

Con datos deste ano 2023, alén dos traballadores que xa superaron o proceso de funcionarización, vemos como dun total de 2.352 traballadores e traballadoras teñen contrato de seis meses 357 e de doce a nove meses 1.395. Isto é, o 40 por cento do persoal ten contratos de seis meses —¡o 40 por cento!—, unha taxa altísima de temporalidade que só se pode ler como gravísima precariedade laboral e inseguridade que padecen os traballadores do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Un ano máis asistimos a unha campaña na que preto de mil traballadores e traballadoras que fan parte do servizo continúan cun contrato de seis meses, e a súa incorporación faise na segunda quincena do mes de maio. Son as propias bombeiras e bombeiros os que teñen denunciado publicamente a falta de previsión, un ano máis, no que non se contou cos case mil traballadores para realizar labores preventivos e así no verán poder mitigar os efectos do lume. Resulta especialmente grave esta falta de previsión e a perda de tempo ao longo do inverno para poder executar labores de prevención.

Ante esta situación, é incomprensible que a Xunta de Galiza reincida na súa política de non profesionalización do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e persista nos contratos en precario de seis a nove meses, mantendo como traballadores fixos descontinuos un persoal que debería estar traballando durante os doce meses do ano e ocupando boa parte dese tempo en labores de prevención.

A Administración galega tería que ser exemplificadora nesta materia e ser realmente proactiva na limpeza da biomasa, en lugar de manter unha actitude que só pretende ser impositiva cos particulares e responsabilizalos case en solitario do mantemento dun territorio abandonado e con graves dificultades de supervivencia. Botando a vista atrás, un pouco atrás, sabemos perfectamente que a crise incendiaria de outubro no ano 2017 visualizou en todos os estratos sociais a capacidade destrutora do lume como unha ameaza real á poboación. Pois ben, deste feito o Goberno galego tomou nota e constituíu nesta casa unha comisión sobre incendios forestais, acompañada dun grupo de expertos de apoio a esa comisión. De aí saíron unha serie de documentos, de análise e unhas recomendacións, en xullo do ano 2019; recomendacións que foron consensuadas e asumidas pola Consellería do Medio Rural, pero non executadas.

Pois ben, cómpre lembrar que deste documento xeral de análise e recomendacións sobre o Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Galiza —repito, asumido pola Consellería do Medio Rural— se extraía —e leo textualmente—: «A Xunta de Galicia debe encamiñar os seus esforzos a conseguir a curto prazo os seguintes obxectivos para o sistema: reducir a temporalidade e a precariedade laboral». Máis de tres anos despois a pregunta é: ¿que fixo a Consellería? E como está a mañá tamén de cancións, a min vénme á cabeza aquela que dicía: «A vida segue igual».

Non vale constituír comisións e grupos de expertos para salvar o titular da prensa despois dos incendios para parecer que se está facendo algo. O Partido Popular ten que asumir que de nada serve constituír comisións e chegar a acordos mínimos de melloras se despois o Goberno galego non os executa. Non é só unha perda de tempo e de recursos, senón que tamén é unha falta de respecto ao traballo da xente e ao desta institución.

En definitiva, o Bloque Nacionalista Galego mantivo ao longo dos anos unha postura estable no relativo ao sistema organizativo que ten que manter de xeito idóneo o Servizo Galego de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. Neste sentido temos defendido que este servizo ten que ser, como dicía, estable, profesionalizado, activo os 365 días do ano e de mando único.

Un servizo público tan asentado xeograficamente como é este e ademais recoñecido como un dos máis efectivos no territorio estatal precisa que o seu persoal propio manteña unhas

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

condicións dignas de traballo, tanto sociais, económicas como laborais. Facemos esta defensa coa convicción de que sobre esta forma de estruturar un servizo tan importante para o conxunto da cidadanía é sobre a que se pode artellar un sistema eficiente e con garantías, mais tamén coa seguridade de que só rachando coa precariedade laboral insostible que está a sufrir o persoal daremos resposta ás exixencias que nos fai a historia, aos tempos de emerxencias climáticas e á cidadanía deste país no seu conxunto.

É por iso que dende o BNG imos dar apoio a esta proposición non de lei presentada polos socialistas, pois recolle o espírito do que dende o BNG defendemos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Lourenzo.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor José Antonio Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, imos sumarnos tamén, por suposto, á solidariedade con todas as persoas afectadas por esta vaga de lumes que tivemos recentemente, e por suposto tamén quero resaltar que o Goberno galego —sinto dicilo, non estou de acordo— si que estivo á altura —sempre está á altura, xa o demostrou e segue demostrándoo—, e testemuño diso pódenllelo dar os diferentes alcaldes desa comarca, que tiveron a ocasión de estar co conselleiro do Medio Rural en todo momento.

Lástima tamén que algún concello desa zona, por exemplo, esa da que estabamos a falar da costa, renunciara á súa brigada. A verdade é que creo que llo habería que preguntar ao Concello de Trabada. Non dicimos que porque renunciase, loxicamente, se tivesen eses lumes, pero si que é algo que realmente di máis ben pouco.

E, por suposto tamén, aquí sempre pomos en valor eses profesionais que forman parte do operativo, que é exemplar e que nós entendemos que é un colectivo que temos que coidar e mimar. E froito diso é que esta iniciativa que aquí hoxe se nos presenta fala de diferentes procesos selectivos dende, por exemplo, o ano 2016 —e supoñemos que non se estarán referindo á convocatoria do ano 2017—; uns procesos nos que todas as persoas que os superaron foron nomeadas persoal laboral fixo nas correspondentes categorías o día 9 de xullo do ano 2021.

E permítanme que teña que ler, porque, evidentemente, quero ser o máis exacto posible nas datas e sobre todo nas accións. Estes postos adxudicáronse no prazo dun mes, contado a partir do 1 de outubro do ano 2021. Polo tanto, estas persoas afectadas levaban traballando con vínculo fixo, nos postos adxudicados, máis de dous anos.

En canto á convocatoria do ano 2019, con procesos nas categorías de emisorista vixiante, bombeiro forestal e bombeiro forestal condutor, estes procesos selectivos foron convocados no ano 2019 e non puideron celebrarse ata ben entrado o ano 2021. E o número de procesos

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sen tramitación, xunto co volume de participantes, así como as restricións de aforo e as condicións para a súa celebración, exixidas pola autoridade sanitaria —lembrará vostede que aí nos afectou a covid—, durante o estado de emerxencia, provocaron un atraso no inicio das probas, e o dito atraso afectou tamén a fase de concurso, pois foi necesario resolver previamente a fase de concurso de todos os procesos que estaban en tramitación e tiñan rematada con anterioridade a fase de oposición, elección que se realizou atendendo, por suposto, a orde de celebración.

Por outra banda, a fase de concurso dos procesos selectivos vinculados ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais foi especialmente complexa polas súas peculiaridades, xa que no mérito da experiencia profesional foi preciso valorar o tempo en suspensión de contratos e os traballos fixos descontinuos, a diferenza do que sucedeu co resto das escalas ou categorías baremadas, así como tamén tiveron que ser motivo de valoración as puntuacións acadadas nas administracións locais nas mesmas categorías.

Este aspecto, xunto co alto volume de participantes na fase de concurso e o número de alegacións presentadas contra o baremo definitivo, levaron a que a relación de aprobados non puidese publicarse con garantías e seguridade xurídica ata o mes de outubro do ano 2023.

Creo que vostede xa sabe que o día 13 deste mes se publicou a relación de aprobados no *Diario Oficial de Galicia* e que o día 16 se iniciou o prazo para a presentación da documentación xustificativa dos requisitos de acceso, que rematará o 15 de novembro deste ano 2023. E, rematado este prazo, e logo de comprobar a documentación aportada, procederase a realizar o acto de elección de destino das escalas afectadas e seguidamente o nomeamento como funcionarios de carreira e a súa toma de posesión. No mes de decembro —repito, reitero, no mes de decembro—, está previsto que se reduza a temporalidade no Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios co nomeamento de 269 novos funcionarios de carreira, de xeito que o número de prazas ocupadas por traballadores fixos no Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais derivadas das súas convocatorias anteriores acadará as 363 persoas.

En canto ao concurso de traslados do persoal do servizo público por parte da Dirección Xeral de Función Pública, estase a traballar nel, e, segundo nos informan, será o primeiro dos concursos de Administración especial da Xunta de Galicia. Creo que o Goberno galego ten demostrado sobradamente que o dispositivo este é o que necesita Galicia, porque Galicia nunca tivo un dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais tan público, único, estable e profesional. Este goberno emendou, por exemplo, moitas das cousas que vostedes fixeron durante aquela época do Bipartito. Pero cinguíndome agora ao tempo que nos ocupa, este goberno tamén asumiu a xestión directa do persoal de tres novas brigadas públicas helitransportadas —como vostede ben sabe—, que foron a do Barco de Valdeorras, a do Xurés e a de Queimadelos, que se suman a tres que se asumiran previamente, que eran as que estaban no Campiño, en Pontevedra, en Marroxo, en Monforte, e en Vilamaior, en Verín. Isto reflicte unha realidade que deixa unha vez máis claro o dispositivo. É unha realidade única e, sobre todo, un dispositivo máis público que nunca.

Vostedes propoñen unha data concreta para un novo incremento do tempo do traballo do persoal descontinuo, algo que saben que comporta unha gran dificultade por diversos

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

motivos, entre eles os relacionados cos orzamentos, e porque a intención deste goberno tamén é clara: deben rematarse os procesos selectivos pendentes, entre os que se inclúen os de estabilización, os cales son de enorme alcance e complexidade; e, posteriormente, deberán abordarse cuestións como as que hoxe vostedes propoñen aquí. Saben que esa é a liña marcada e agradecemos que compartan a intención deste goberno e, sobre todo, que nesas estratexias e decisións que estamos adoptando vostedes tamén estean de acordo.

Porque este goberno é plenamente consciente do contexto actual de desestacionalización, da maior virulencia e das novas tipoloxías de incendios, e como resposta a isto está a darse un intenso proceso de profesionalización do Servizo de Prevención de Incendios Forestais baseado na tecnificación, na formación, no equipamento do seu persoal, pero tamén nun incremento de tempo do traballo, tal e como se fixo recentemente.

Vostede ben sabe que aquí houbo un compromiso por parte do presidente Rueda de que as brigadas pasarían de nove a doce meses, e así o fixeron. As brigadas tamén estaban no seu momento en tres meses, e pasáronse a seis. Así se fixo. Isto é facer, non é falar; isto non son anuncios, son realidades. E, por suposto, tamén o que quero deixar moi claro é que, se agora mesmo vostedes gobernasen, moito temo que seguramente ese servizo público de extinción de incendios sería privado. E explico por que: porque, cando vostedes tiveron esa etapa tan marabillosa que era a do Bipartito, resulta que un terzo do servizo se pasou a un ente que vostedes crearon que se chama Seaga. *(Murmurios.)* Polo tanto, ese era o condicionante, ese era o camiño que estaban a seguir vostedes. E, bueno, perdón por falar da palabra «privatizar», creo que é externalizar, descúlpenme.

Por suposto, tamén me gustaría matizar un par de cousas máis. Creo que vostedes recentemente visitaron unha base de helicópteros, e para isto quero pólos diante dun espello. Explícome: vostedes estiveron visitando unha base onde había unha brigada helitransportada. Moi ben, pois espero que vostedes tamén vaian visitar as bases helitransportadas onde están as BRIF. ¿Iso de quen depende? Do Estado. ¿E quen estivo gobernando os últimos cinco anos? Creo que o Partido Socialista. *(Murmurios.)* ¿Sabemos —ou sabe alguén— se se propugnou tamén, por parte do Goberno español, que esas brigadas se convertesen en públicas? Eu penso que non.

Polo tanto, eu creo que non se trata só de predicar, creo que tamén se trata de repartir trigo. E, por suposto, tamén me gustaría incidir en que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en recoñecer a categoría de bombeiro forestal. ¿E por que falo desta categoría de bombeiro forestal? Porque vostedes saben e coñecen perfectamente que hai un estatuto, que é o do bombeiro forestal, que durante estes últimos cinco anos tivo aproximadamente tres borradores, pero vostedes non foron capaces nin foron quen de sacar adiante este estatuto que o que vai facer é redundar na mellora das condicións da xente que se dedica ao servizo público de extinción de incendios; e nomeadamente, por exemplo, desas brigadas municipais das que vostedes falan, e tamén desas brigadas helitransportadas das que vostedes falan.

Permítame un pequeno chascarrillo, porque dentro do que foi a argumentación que facían nesta proposición non de lei, poñan unha frase de algo así como: «ti vai facendo a ver se cola». Quizais sexa unha frase un pouquiño máis axeitada, ao mellor, para o autor do

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

manual de resistencia, porque, evidentemente, nós o de «vai facendo, se cola», non; eu creo que é máis ben ese señor, o que pretende ser agora presidente, o que di: se cola, que cole. Iso é o que hai. (*Aplausos*.)

Entón, mire, o que agora mesmo lle podo dicir é que nós apoiamos un presidente e un goberno que é serio, e que —como relatei— cumpre cos seus compromisos, pero coa responsabilidade dos feitos. Creo que non se pode negar o compromiso que hai co persoal, coa xestión que ten que ver con el, cos medios materiais e cos equipamentos, coas accións de formación consensuadas cos sindicatos de diferente ideoloxía, e, por suposto, tamén eses dous millóns de euros nos últimos cinco anos que se dedicaron á formación para 3.000 persoas do dispositivo, así como tamén a aposta que estamos a facer decididamente por algo pioneiro, que é o centro de loita integral contra os incendios forestais, que vai ser un exemplo, xa non digo a nivel nacional, senón a nivel europeo e case me atrevería a dicir que mundial. En definitiva, feitos e non palabras.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor ARMADA PÉREZ: Nós estamos…

Gustaríanos saber se vostedes, coma nós, van facer os deberes.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno para o peche da autora da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Pois a verdade é que tiñan razón as miñas compañeiras do Partido Socialista de Galicia que hoxe me precederon no uso da palabra en que si que están nerviosos, porque falar de incendios, falar dun manual de resistencia e falar de Pedro Sánchez… É que Pedro Sánchez é o seu presidente hoxe en día, o presidente do Goberno. (*Aplausos*.) Si, si, si… Con todo, o presidente do seu partido, o señor Feijóo, resulta que quería ser investido presidente, e xa saben como acabou a historia, ¿non? Entón, pois eu creo que esas manifestacións se dan, porque si que é certo que esta fin de semana se puxeron vostedes un pouco nerviosos (*Murmurios*.) e están todos mirando cara a Madrid para desviar a atención, para desviar a atención de Galicia, pero aínda estamos aquí (*Aplausos*.) e estaremos aquí, obviamente, loitando porque Galicia mude, e mude tamén na política de incendios forestais.

Porque falaba vostede tamén da xestión do Bipartito. ¿Pero quen está recuperando figuras xurídicas do Bipartito? Estaas recuperando agora o Partido Popular. Aplaudimos esas iniciativas, pero estanas recuperando, e tivéronas sete anos pechadas nun caixón, señor Armada. Entón, claro, os argumentos creo que deberían ir por outro lado. Porque eu si que recoñecín os avances que había en política forestal, pero vostede non coñece todos os medios

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de prevención e extinción de incendios que veñen do Goberno do Estado e que vostedes poñen no Pladiga, e despois dan un titular para que pensemos todos que temos máis efectivos en Galicia; efectivos que tamén, moitos deles —e vostede seguro que incluso sabe a cifra—, veñen do Goberno do Estado, do Goberno de Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Manual de resistencia, léao.

E pareceume de mal gusto —teño que dicilo— falar dunha alcaldesa, como a alcaldesa de Trabada, que, como dicía, pasou un dos peores días do noso mandato —e vostede enténdeo, ou teno que entender, porque foi alcalde—. Dicir que non constituíu as brigadas municipais é un ataque frontal, cando vostede sabe que do 2016 ao 2023 temos 112 brigadas municipais menos —¡112!—, pero é que resulta que 78 concellos do Partido Popular non foron quen de constituír as brigadas. Entón, non me diga agora que a culpa deste incendio...; non di exactamente que fose a culpa, pero botouno en cara. Entón, creo que deben de rectificar —como dixemos moitísimas veces neste Parlamento— e aplicar unhas condicións laborais dignas, que non son. Dende logo, é unha precarización ter un traballo de tres meses cunhas condicións totalmente precarias. Por iso os alcaldes do PP tampouco constitúen estas brigadas, porque hai falta de traballadores. Hai falta de traballadores para que poidan os concellos... Entón, pareceume tamén de bastante mal gusto.

Mire, aquí hai un claro desinterese do Goberno galego en relación coas ofertas de emprego público, concretamente na Dirección Xeral de Función Pública. Falamos de oposicións dende o ano 2019. E vostede fala agora dunha lentitude, concretamente referida á seguridade xurídica. Bueno, xa serán outras causas.

E quero falar dos brigadistas que prestan servizos para as brigadas helitransportadas. Si que fomos hai quince días visitar unha base. Teño que agradecer a todo o persoal da Consellería, que nos atendeu moi amablemente... E vostede, se quere, cando poida e teña tempo, vaia tamén ver unha BRIF, a de Laza, por exemplo, que non lle queda tan lonxe. Ademais, as condicións laborais son bastante máis... —si, si, si—, moi superiores, tanto en salarios como en horarios como en todo o que poida dicir, que as súas.

Mire, as brigadas helitransportadas en Galicia, as que están en mans de xestión privada ou, como dicía vostede, externalizadas, esas sete bases que xestionan son: Castro Maior, Lomba, Becerreá, Portomarín, Toén e San Xoán de Río, de Silleda. Eses traballadores contratados por empresas privadas realizan as mesmas tarefas que o persoal de servizo contra incendios forestais, e en moi peores condicións laborais e salariais, que tamén son mellorables, por suposto. Creo que a Xunta non pode manter un sistema así de precarizado, cunhas condicións de traballo extremas, así como unha retribución insuficiente totalmente para o risco que corren, porque non sei se sabe que salario perciben. No ano 2022, era: salario base, 1.000 euros; plus de perigosidade, 33,3; e parte das extras, 166,67. Pero é que este ano 2023 perciben un salario de 1.080 euros, unha prorrata de pagas extras de 180 e un total bruto de 1.260, coas pagas extras. Líquido: 1.100, coa paga extra incluída e co desconto do IRPF do 2 por cento. Mire, suprimiuse o plus de perigosidade e suprímense os incentivos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:... —si, si, xa termino—. Soben o salario base e diminúen outros incentivos. A roupa de traballo, os EPI, xa denunciaron os traballadores que ás veces eran entregados en mal estado, debendo lavar e coser os propios brigadistas os uniformes... Bueno, unha situación que vostedes si que é certo que... Agora temos tres bases helitransportadas máis, pero temos que seguir e continuar nese obxectivo.

E, miren, para loar o traballo dos traballadores deste servizo, que vostedes o fan tantas veces, aproben esta iniciativa. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Suspéndese a sesión plenaria, que será reanudada ás 16.00 horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaoito minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión. Volvemos ao punto 2 da orde do día.

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre o inicio do curso escolar na etapa de 0 a 3 anos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes a todos.

O ser humano inicia a súa aprendizaxe dende o minuto un da súa chegada ao mundo. Non existe unha data, nin unha idade nin un fito que marque todo este proceso. Comezamos a aprender cos primeiros choros, coas primeiras experiencias e cos primeiros estímulos. Comezamos a aprender cos obxectos e con todo o mundo que nos rodea e comezamos a aprender das persoas que nos acompañan nestes primeiros momentos. A curiosidade e as ganas de coñecer son calidades intrínsecas ao ser humano; nacemos con elas, crecemos grazas a elas e xa non nos abandonarán no que nos queda de vida.

A etapa de 0 a 3 anos resulta, polo tanto, decisiva para o desenvolvemento dunha persoa. Trátase do terreo das primeiras veces, dos nosos primeiros pasos vitais e tamén da primeira folla en branco que escribimos. Organizacións como Save The Children levan anos reclamando unha maior implicación por parte das administracións competentes nesta etapa. Unha demanda que xustifican en que é un dereito, tal e como recolle o artigo 28 da Convención sobre os dereitos do neno; en que axuda a un mellor desenvolvemento dos máis pequenos, o que se traduce nunha mellor traxectoria escolar posterior; en que permite reducir a fenda educativa e evitar desigualdades de orixe social. E xustifican esta demanda tamén en que axuda á natalidade, reduce o risco de pobreza e favorece a conciliación familiar.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Goberno galego considera que esta xustificación resulta máis que suficiente para facernos reflexionar sobre a importancia desta etapa vital. Resulta máis que suficiente para que poñamos todo da nosa parte e lle deamos a todos os nenos a educación que merecen e aos pais o apoio que necesitan.

O Goberno galego atendeu esta xustificación na construción dunha Galicia mellor. Durante os últimos anos a etapa de 0 a 3 ocupou un lugar moi destacado na nosa acción política. Na Galicia do ano 2009, a taxa de escolarización nesta etapa era tan só do dezanove por cento. O número de recursos de conciliación no rural era reducido ou era inexistente e a gran maioría dos pais consideraban que ir a unha escola infantil era un privilexio que tiñan as familias das cidades. Mentres, na Galicia do ano 2023 ir a unha escola infantil é un xesto habitual para calquera familia galega, sexa do tipo que sexa e viva onde viva. Isto non sería posible sen unha aposta decidida por parte da Xunta de Galicia.

Neste tempo levamos recursos de conciliación aos lugares menos poboados da nosa xeografía. Neste tempo intentamos que o número de escolas infantís de titularidade autonómica chegase ata as case cento setenta. E neste tempo impulsamos medidas pioneiras que nos permitiron situarnos á cabeza a nivel nacional no apoio nesta etapa educativa.

Un dos fitos máis destacables deste percorrido tivo lugar no ano 2016, cando a Xunta impulsou as denominadas «casas niño». Este novo recurso, co que os galegos xa estamos todos familiarizados, supuxo un antes e un despois para centos de aldeas e de pobos de Galicia. Municipios como Navia de Suarna, a Veiga ou Chandrexa de Queixa, que nunca antes tiveran un recurso de conciliación, puxeron en marcha este tipo de recursos de atención para un máximo de cinco nenos. Uns recursos que promovemos con axudas para o acondicionamento das instalacións e tamén para o seu funcionamento diario.

Nestes sete anos as casas niño tiveron unha acollida inmellorable por parte de todos os axentes implicados e por parte das promotoras, a súa gran maioría mulleres, que atoparon nestas axudas unha maneira de desenvolver o seu proxecto profesional no mundo rural. Tamén tiveron unha gran acollida por parte dos máis pequenos, que contan coas mesmas oportunidades que nas cidades para poder crecer, socializar e iniciar o seu propio desenvolvemento. E tamén unha gran acollida por parte dos pais, que xa non teñen que elixir entre a súa vida laboral e a familiar. O curso pasado rematou con noventa e cinco casas niño en funcionamento na nosa comunidade e este mesmo ano poñeremos en marcha oito casas máis, de tal xeito que imos superar neste ano 2023 a barreira das cen casas niño. Son máis de cincocentas prazas totalmente gratuítas de atención á etapa de 0 a 3 anos. Dinamizan tamén os municipios máis pequenos do rural galego e favorecen que o lugar de nacemento non sexa nunca un impedimento para desenvolver unha vida plena. *(Aplausos.)*

Nese mesmo ano, 2016, a Xunta de Galicia volveu idear unha axuda única en España para apoiar economicamente os fogares con nenos de 0 a 3 anos, a Tarxeta Benvida. A Tarxeta Benvida naceu como un impulso para aqueles pais con recén nacidos, para que puidesen facer fronte aos gastos destes primeiros anos de vida. O seu importe oscila entre os mil douscentos euros ao ano e os tres mil euros para familias numerosas e que vivan no rural. Trátase dunha axuda que xa chegou a máis de cen mil familias galegas durante estes anos e

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

á que imos destinar preto de douscentos millóns de euros no que levamos de todo este tempo.

Tal e como anunciou o presidente da Xunta de Galicia durante o Debate do estado da Autonomía, a Xunta vai seguir mellorando esta axuda para facilitar o seu acceso e que cada vez chegue a máis familias. A Tarxeta Benvida pasará a concederse automaticamente no ano 2024 a todos os fogares que cumpran os requisitos, que actualmente son ao redor do oitenta por cento, para que cada vez as familias conten con máis facilidades, para que poidan desfrutar da crianza dos seus fillos sen ningún tipo de preocupación burocrática.

Pero a Tarxeta Benvida non é o único apoio económico co que contan as familias galegas para o coidado dos seus pequenos. O Goberno galego pon á súa disposición o Bono Concilia Familia, un recurso destinado a aqueles fogares nos que os dous proxenitores traballen e teñan nenos pequenos con menos de doce anos. Trátase dunha axuda entre os douscentos e os cincocentos euros por neno, para o pago dun campamento, dunha ludoteca ou tamén para a contratación dunha persoa empregada no fogar.

Nos últimos anos, o interese por parte dos pais por este Bono Concilia Familia non fixo máis que incrementarse. De feito, este mesmo ano duplicamos o número de solicitudes, ata superar as trece mil duascentas. Un dato que demostra que cada vez son máis os pais que confían neste tipo de axudas; axudas que son útiles para as familias e que atenden ás súas necesidades diarias. A Xunta ampliou o orzamento destinado a este bono en novecentos mil euros para este ano, para poder atender todas as solicitudes que cumpran cos requisitos.

A Xunta de Galicia é o goberno que máis se parece aos galegos, porque escoita sempre as súas preferencias, escoita as súas necesidades e escoita as súas peticións. Por iso, no ano 2020 demos un paso valente, decidido e sen precedentes de cara á gratuidade do primeiro ciclo de educación infantil. Implantamos a gratuidade de todas as escolas infantís, independentemente da súa titularidade, para segundos fillos e sucesivos. Foi un feito histórico que non se implantara en ningunha outra comunidade autónoma a nivel nacional e que nos permitiu comezar a perfilar o sistema que temos na actualidade. Abriunos o camiño para aplicar un sistema de financiamento nas cincocentas cincuenta escolas de Galicia, tanto públicas como privadas, de iniciativa social e tamén municipais. Permitiunos acompañar as familias con máis necesidades, como son as numerosas e aquelas con máis dun neno.

Foi no curso académico 2022-2023 cando se ampliou esta gratuidade a todos os nenos en todas as escolas infantís de Galicia. Máis de trinta e unha mil familias que non pagan nada pola atención educativa dos seus nenos de 0 a 3 anos *(Aplausos.)*, o que supón un aforro para todos estes fogares de máis de dous mil euros por cada curso. Galicia converteuse nunha comunidade líder a nivel nacional ao implantar unha medida de tal calibre. En ningún outro lugar de España os pais contan con centros cen por cento gratuítos para todos os nenos ata oito horas ao día e durante once meses ao ano. Distintas comunidades autónomas de distinta cor política amosaron o seu interese pola implantación desta medida. Pero, aínda que outros territorios trataron de imitarnos, no día de hoxe seguimos sendo os únicos, en Galicia, en ofrecer unha atención gratuíta para todos os nenos e con esta intensidade horaria.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Goberno galego propuxo a aplicación desta medida histórica na Lei de impulso demográfico, aprobada precisamente nesta mesma Cámara no ano 2021. Así figuraba —se o recordan— no artigo 49 desta normativa, coa que tamén nos convertemos en pioneiros a nivel nacional. Unha lei que blinda as medidas en materia de conciliación e que se atopou —coma normalmente— co voto en contra do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Vostedes, que sempre presumen de estar no lado bo da historia, votaron en contra dunha medida que marcará o rumbo da nosa sociedade, pero tamén das xeracións do futuro. Unha medida que chegou para quedar e que muda para sempre a primeira etapa da educación infantil. Unha medida que permite rachar coas desigualdades sociais das familias e que favorece unha igualdade de oportunidades real para os máis pequenos. Unha medida que, ademais, xa comezan a dar os seus primeiros froitos.

Galicia converteuse no pasado curso en líder nacional na escolarización de 0 a 3 anos. Así o recollen os datos oficiais do Ministerio de Educación e Formación Profesional. En concreto, a nosa comunidade rexistra na actualidade unha taxa de escolaridade do cincuenta e seis por cento, polo que incrementamos en dez puntos a media nacional e nos situamos amplamente por riba do trinta e tres por cento recomendado pola Unión Europea.

No primeiro ano de implantación, a gratuidade das escolas infantís permitiunos —como dicía— situarnos á cabeza a nivel nacional na escolarización desta importante etapa. Melloramos en case nove puntos a nosa taxa de escolarización con respecto ao curso 2018-2019, antes da gratuidade, e estamos moi por riba dese dezanove por cento que había no ano 2009 e ao que me refería ao inicio da miña intervención. Son datos que nos sinalan que imos polo bo camiño, que en Galicia se está a facer todo o necesario para que as familias teñan todas as facilidades para poder conciliar e tamén que os máis pequenos conten co mellor sistema educativo de todo o Estado.

Para facer isto posible non abonda con boas palabras; é necesario implicación e vontade política, pero sobre todo é necesario financiamento. A Xunta de Galicia destina cada ano cincuenta e cinco millóns de euros á gratuidade de todas as escolas infantís. Colaboramos tamén estreitamente cos concellos, para axudalos a facer gratuítas o cen por cento das súas prazas, aquelas que non se financiaban ata o de agora e que supoñen un investimento de 7,7 millóns de euros. Financiamos tamén o resto de centros da nosa comunidade, para que os pais poidan elixir libremente a onde levar os seus fillos.

Nesa gratuidade está, polo tanto, presente o compromiso de todos os concellos galegos e da Xunta de Galicia. E vostedes supoño que se preguntarán: ¿que achega realiza o Goberno central para esta medida tan significativa para as familias? Pois a resposta é ben sinxela: cero euros. *(A señora conselleira de Política Social e Xuventude fai un xesto que simula un círculo cos dedos da man dereita.)* Pese á insistente demanda do Goberno galego, o compromiso do Goberno do Partido Socialista e do señor Pedro Sánchez é de moita palabra, pero de ningún feito. Facilitamos o acceso ás familias e seguimos creando máis prazas por toda Galicia para que cada vez sexan máis as familias que poidan e que queiran levar os seus fillos a un destes centros.

Este mesmo curso inauguramos unha nova escola infantil na Cidade da Xustiza de Vigo, que pasa a formar parte das máis de cento setenta escolas que forman parte da rede pública

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autonómica. Son corenta novas prazas para os traballadores destas instalacións, pero tamén para a veciñanza da cidade. E seguimos impulsando axudas para que os concellos creen novas escolas infantís de titularidade municipal, tal e como nos reclaman os concellos. Unha orde cuxo prazo de solicitude acabamos de pechar e que permitirá a creación de preto de mil novas prazas de atención a nenos de 0 a 3 anos, como non podía ser doutro xeito.

Ademais de crear máis prazas, seguimos mellorando tamén as instalacións da nosa rede pública autonómica. Deste xeito garantimos que, ademais de contar cuns excelentes profesionais, estas instalacións presten a atención da máis alta calidade. Este curso 2023-2024 destinaremos un orzamento de tres millóns de euros en obras de melloras en distintos centros da nosa comunidade.

Como poden observar, a Xunta de Galicia está a facer os deberes. Está a atender esta primeira etapa de educación de 0 a 3 anos para apoiar as familias, para atender os nenos e para favorecer a conciliación familiar. É obriga de todos continuar construíndo un mundo máis xusto, no que exista unha verdadeira igualdade de oportunidades. É obriga de todos crear servizos accesibles para todos os nenos, vivan onde vivan e nazan na familia que nazan. *(Aplausos.)* É obriga de todos promover medidas de apoio á natalidade que nos axuden a frear o declive demográfico. É obriga de todos crear servizos de conciliación para que ningún pai nin ningunha nai de Galicia se vexa na obriga de elixir entre ter fillos ou realizarse profesionalmente. É obriga de todos, pese a que Galicia e o resto de comunidades autónomas sigamos dando pasos en solitario para apoiar esta etapa de 0 a 3 anos.

O Goberno galego vai seguir traballando para que este segundo curso dende a implantación da gratuidade sexa igual de satisfactorio que o primeiro. Seguiremos mellorando a súa implantación. Seguiremos impulsando medidas pioneiras que nos axuden a crear de Galicia un mellor lugar no que vivir. Seguiremos apostando por todos os galegos dende as súas primeiras aprendizaxes e descubrimentos ata os últimos. Seguiremos apoiando os galegos dende o berce ata o bastón.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos Grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señor presidente.

¡Que bonito todo, señora conselleira! ¡Que mundo marabilloso ten na súa consellería! *(Aplausos.)* Parece que non existisen outros problemas dos cales nos fixemos eco dende a oposición neste Parlamento. Parece que vive noutro mundo. Pero agradecemos a súa presenza. Benvida e, máis ca nunca, agradecémoslle a súa presenza, porque lle custa bastante comparecer nesta Cámara. Non é costume pola súa parte. De feito, a pesar de acontecer unha pandemia e de que no epicentro do virus estiveron as residencias de maiores,

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das cales vostede é a máxima responsable, ou a pesar da crise de prezos pola inflación derivada da guerra de Ucraína vostede é das consellarías que menos comparece, aínda que lle dea a risa. Nesta Cámara o pasado ano estiven vendo os datos e a Consellería de Educación e Cultura, por exemplo, compareceu o triplo que vostede e a Consellería de Sanidade catro veces máis que a de Política Social, por poñer dous exemplos de consellerías socialmente moi relevantes, como a que dirixe vostede. Ou sexa, dito doutro modo: non lle gusta moito render contas á cidadanía.

De feito, e como exemplo, entre xaneiro e xullo de 2022 o cincuenta e sete por cento das preguntas que formulamos quedaron sen resposta e nas que responderon non responderon ao que dicíamos. Entendo que teñan unha maioría absoluta, pero iso non lles dá dereito a estar por riba do ben e do mal. Porque o endeusamento do poder, señora conselleira, non pode cegar o deber no cumprimento que teñen coa cidadanía que lles outorgou a súa confianza. Polo tanto, aproveito para pedirlles máis humildade, máis traballo e sobre todo cumprir coa normativa que os obriga a respostar as cuestións que lles formulamos os representantes lexítimos da cidadanía.

Hoxe vén falar das escolas de 0 a 3 nun intento de estirar o máximo posible o titular en vistas das eleccións autonómicas, porque novidade non deu ningunha. Un xesto máis que amosa como escapa de falar doutros temas que a incomodan un pouquiño máis —¿verdade, señora conselleira?— e que son urxentes e graves. Pero dende o Grupo Socialista sempre deixamos claro que apoiamos unha medida como a gratuidade de 0 a 3. De feito, sempre apostamos pola universalidade desta etapa. E tamén sempre defendemos, así mesmo —aínda que lle dea a risa—, a gratuidade dos libros escolares. Porque en Galicia cambiouse a costa de xaneiro pola de setembro. Aínda que lle dea a risa, aos pais e nais non lles dá a risa cando teñen que apoquinar os cartos que lles custan os libros de texto por non facelos gratuítos, como lle pedimos dende o noso partido. *(Aplausos.)* ¡Non lles dá a risa!

Agora ben, despois de escoitar o autobombo da conselleira e o mundo de algodón de azucre no cal parece que vive o Goberno galego, hai varios problemas enriba da mesa do Goberno galego sen resolver nesta materia. As escolas privadas de iniciativa social sempre foron financiadas pola Xunta. O problema é que antes estaban reguladas por un baremo que agora coa nova orde desaparece, como sabe. E aquí vén o problema, porque se por exemplo unha familia fai unha solicitude para as públicas e queda fóra da admisión, ao ter que recorrer ás privadas ten que facer fronte ao custo do comedor. Entón, xa non falamos de gratuidade, porque no artigo 1.3 especifícase que «exceptúase da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor e as actividades extra á atención educativa que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil». Entendo que isto sábeo, señora conselleira, non sei por que pon cara de sorpresa. Coñecerá o decreto que vostede formulou. E este baleiro na norma, intencionado ou non, pode recaer no lombo das familias sen recursos con menores a cargo. E isto preocúpanos. Porque, por exemplo, hai concellos onde non existen escolas infantís públicas, ou onde si que existen pero quedan fóra de praza ao carecer de baremo e ter que optar ás privadas. Nestes casos terían que facer fronte aos gastos de comedor si ou si, teñan rendas altas ou teñan rendas baixas.

Esta é a letra pequena que a cidadanía ten o dereito de coñecer. Porque, ao igual que cando imos a un banco firmar unha hipoteca temos que ler ben a letra pequena, cando o Goberno

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

galego fala da gratuidade das escolas infantís tamén hai que ler ben a letra pequena que non nos están a contar. Outro problema desta letra pequena é a peregrinaxe burocrática que teñen que vivir as familias para asegurar a admisión dos seus fillos, sobre todo cando viven en cidades ou vilas grandes, tendo que realizar solicitudes en todos os centros. Cando este problema, señora conselleira, se solucionaría de inmediato se o Goberno galego establecese un decreto que regule a admisión de alumnado nas escolas mediante unha única solicitude por familia nunha única lista que concorra a todos os centros mediante baremo.

Outro problema é a falta de prazas públicas que temos en Galicia. Noticias como a de abril deste ano en Oleiros, con decenas de familias que fixeron noite na rúa ante unha escola infantil para optar a unha praza, son algo indecente que tería que facer caer a cara de vergoña ao Goberno galego, señora conselleira. *(A señora Ortega Otero amósalles unha fotografía aos membros da Cámara).* Esta é a foto das familias durmindo con mantas na rúa, facendo noite; non é xente facendo cola para conseguir unha entrada para un concerto dos Rolling Stones. Son familias durmindo na rúa para conseguir unha praza para os seus fillos, á cal deberían ter dereito se o Goberno galego fixese o seu traballo, que para iso recibiu —o cal vostede nega, que iso é mentirlle á cidadanía—fondos inxentes do Estado para a creación de novas prazas públicas en escolas infantís, aínda que o director xeral da súa consellería dixese nunha reunión coa Fegamp literalmente: «*En el momento en que haya una financiación por parte del Gobierno central para las comunidades, la Xunta pondrá a disposición de los ayuntamientos estos fondos*». Ou sexa, anuncian a gratuidade simulando non poder facer fronte a ela para que paguen outros, neste caso os concellos, e llelo quiten aos seus veciños doutras cousas, porque lembremos que é unha competencia da Xunta de Galicia.

Pero é que ademais menten, porque din que o Goberno de España non aporta para este tipo de causa, cando é todo o contrario. *(A señora conselleira de Política Social e Xuventude pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, claro que si, señora conselleira, gobernar España para... Voulle dar o dato concreto. Para facilitar a escolarización de 0 a 3 e mellorar a conciliación das familias, especialmente daquelas con menos recursos, estableceu no Programa de Cooperación Territorial, incluído en concreto no compoñente 21 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, un total de 670,1 millóns de euros a tres anos para todas as comunidades autónomas. En Galicia un total de 3.417 novas prazas, para o cal transfiren 34 millóns. Ou sexa, que se quere pódese facer uso para poder crear novas prazas, que é o que lle está a pedir á cidadanía, e non ter que facer colas e durmir na rúa, como estes pais e nais.

E, para máis inri, o Goberno galego non ten debidamente atendidas as escolas públicas. Moitas caen a pedazos, señora conselleira, por falta de investimento: grietas sen arranxar, lavadoras de uso doméstico para máis de cen usuarios e dezasete traballadores, por poñer un exemplo. Ademais das lamentables condicións laborais que ten o persoal das escolas infantís en folga na actualidade, pese a que vostede, señora conselleira, non se dignase na súa primeira intervención nin a falar destas traballadoras que pertencen á súa consellería.

Parece que vostedes, o Goberno galego, non entenden que a calidade laboral das traballadoras e traballadores condiciona o benestar dos usuarios. Non sei por que pon esa cara. ¿Non están de folga as traballadoras das escolas infantís? *(A señora conselleira de Política Social e Xuventude, García Martínez, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿E vostede non ten

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a obriga de velar polo convenio laboral e interceder tamén polas condicións laborais desas traballadoras? ¿Está dicindo que pasa olimpicamente desas traballadoras? ¿Por que recorren a vostede? ¿Por que non as atende? ¿O mesmo que coas residencias de maiores? ¿Tampouco atendeu as traballadoras das residencias de maiores cando estiveron en folga? Non pode desatender o que lle toca, señora conselleira. Parece que non vai con vostede, e así van as cousas.

De igual xeito que os grandes titulares que venden á custa da gratuidade deberíanos compartir cos concellos, que están a sufragar unha parte fundamental do custo das escolas infantís municipais. E, unha vez máis, o Goberno galego á súa custa practica o «eu invito, ti pagas». Se o Goberno galego, en vez de vender como propia a medida, liberase da carga os concellos, que, como saben, entre as escolas infantís e o servizo de axuda ao fogar están afogando as súas propias arcas municipais...

Tendo en conta a media de comparecencias non podemos evitar aproveitar tamén para falar de temas que sei que a vostedes a incomodan. Pero queremos saber se dende a súa consellería van investigar a denuncia pública da Asociación Galega de Inspectores onde se falaba de chivatazos das visitas da inspección a algunhas residencias. Xa que vostede dicía que se preocupan dende o berce ata o bastón, queremos falar tamén das persoas maiores e queremos saber se é certo que, en vez de abrir unha investigación sobre o denunciado, se está a atacar os denunciantes. Porque nos están indicando que parece ser que existen actuacións previas a expedientes disciplinarios. Queremos que nos aclare isto.

E agradecemos, así mesmo, a convocatoria de novas prazas para a inspección, tras tres anos solicitándollo por ser a comunidade autónoma que peor ratio de inspectores temos para vixiar os dereitos das persoas maiores. Queremos saber, así mesmo, se recibirá os traballadores de residencias e tamén das escolas infantís dos cales renega tras as folgas reiteradas polas súas condicións laborais, así como todo o colectivo que dependa directa ou indirectamente da súa consellería e reclame unhas condicións dignas salariais.

E, por suposto, e por encima de todo —e xa hoxe falamos de menores— sería irresponsable pola nosa parte esquecernos dos máis vulnerables, os que están en risco ou desamparo ou tutelados pola Xunta. En nome dos dereitos e benestar deses menores pedimos que se explique e se reverta o proceso de privatización dos centros de menores en Galicia, así como que se revisen de inmediato as condicións laborais do persoal dos mesmos —que tamén dependen de vostede, aínda que indirectamente; aínda que o privaticen, tamén dependen de vostede—, así como as condicións nas que viven a todos os niveis estes menores.

Por último, tamén queremos resaltar a urxencia tras os datos do informe de EAPN sobre a pobreza, onde se destaca a especial incidencia na pobreza infantil e, concretamente, das familias monomarentais. E queremos insistir en que é urxente que tomen medidas de calado para combater a pobreza alá onde os estudos nos indican que temos que actuar: nas familias monoparentais e tamén no caso da pobreza infantil.

E, por último e non menos importante, en nome das persoas con discapacidade queremos saber cal é o motivo da falta de comunicación pola súa parte nos últimos meses en relación

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cos inaceptables atrasos na tramitación do concerto social do cal depende en boa parte a supervivencia da maioría das entidades que traballan día a día polos dereitos das persoas con discapacidade e co que o Goberno galego xa leva dezaseis meses de atraso respecto ao que establecera o decreto.

Non sei por que lle dá a risa sobre isto, señora conselleira. Véxoa hoxe moi feliz, pero supoño que é unha felicidade en certo modo tamén un pouco imposta, e non crible coa cantidade de problemas que ten sobre a súa consellería e que intenta ocultar, pero que non vai poder.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.

Moi boa tarde, señora conselleira, grazas por este magnífico relato que acaba de facer vostede da realidade; por este relato tan agradable que a verdade é que real, real..., fáltanlle así algúns matices para achegarse plenamente. Pero debo dicirlle que fixo unha sobremesa agradable, aínda que lle faltasen así algunhas cuestións a comentar.

Antes de nada, permítame tamén trasladarlle que agardamos que fose proveitosa esa inauguración da Residencia do Castiñeiriño que vai axudar a atender tantas persoas deste concello, desta comarca, que tanto o precisan. A ver se a súa consellería continúa esta senda e atende as necesidades das persoas maiores, das persoas dependentes e a ver se incluso o chegan a facer sen depender da fundación Amancio Ortega, como neste caso.

É positivo que veña vostede comparecer sobre o tema das escolas infantís, aínda que oxalá se lembrase vostede de facer algunha mención ao persoal que se están mobilizando e que mañá ten prevista unha nova xornada de mobilizacións *(Aplausos.)* O persoal das escolas infantís privadas ou de xestión indirecta, que está mobilizándose para reclamar un convenio digno e uns salarios xustos. Un sector que agrupa a unhas dúas mil persoas e uns douscentos centros na Galiza, cunhas traballadoras que no día de hoxe teñen os seus salarios conxelados por debaixo do salario mínimo interprofesional por mor dunha patronal inmóbil que non é quen de negociar estas melloras. E, fronte a iso, unha Xunta de Galiza, unha Consellería de Política Social, que adopta un rol totalmente pasivo, non sei se de observador ou sen nin sequera chega a observar, como se non tivese algo que dicir neste asunto. Vaia en nome do Bloque Nacionalista Galego todo o apoio a estas traballadoras nas súas xustas reclamacións e tamén para o resto do profesorado de etapas posteriores que hoxe baleirou as aulas do noso país.

Xunto cos datos do inicio do curso vostede esqueceuse de comentar outros pequenos detalles: en Galicia existe un déficit evidente de prazas en escolas infantís, especialmente públicas.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Un déficit que se fixo aínda máis visible despois de aprobarse a gratuidade nos centros de 0 a 3 anos. As escolas infantís son, ante todo, un recurso educativo para as crianzas, pero tamén temos que ter presente que supoñen un servizo de conciliación que resulta esencial para moitas familias que teñen que facer auténticos malabares para poderen coidar e traballar. Como digo, contamos cunha rede de escolas infantís claramente insuficiente: tan só 147 centros que responden á realidade de que en Galiza temos 63.377 nenos e nenas menores de tres anos.

Falou vostede das corenta novas prazas da escola infantil da Cidade da Xustiza de Vigo. ¿Cantas son as prazas novas que se crearon, ademais destas da cidade da Xustiza? ¿Cantas novas galiñas azuis hai nos últimos cinco anos, por exemplo? ¿Teñen motivo para sacar tanto peito como parece? Porque a rede que temos no día de hoxe, a rede que depende da súa consellería, que depende da Xunta de Galiza, confórmana cento corenta e sete escolas infantís da rede Galiña Azul, vinte e sete centros dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e cento tres casas niño, en total pagadas con cartos da Xunta de Galiza ao pé de once mil prazas de 0 a 3 anos que non chegan a cubrir o dezaoito por cento da poboación desta idade. E que ademais, se lle sumamos a estas prazas as doutra titularidade, as prazas das escolas municipais e privadas, chegamos ás 30.240 prazas. A cobertura non chega aínda ben á metade da poboación de 0 a 3, nun país onde ademais temos unha taxa de natalidade preocupante e un peso da infancia na demografía xeral bastante baixo, algo que tamén reflicte o Consello Económico e Social na súa memoria do ano 2022.

E esta non é unha problemática sobrevida, unha problemática nova derivada desa gratuidade na matrícula. Segundo os datos da propia Xunta de Galiza, no ano 2017 había 11.473 familias solicitantes e só se puideron admitir practicamente tres mil cincocentas. É dicir, xa antes de ofrecer a gratuidade das escolas infantís quedaban máis de sete mil setecentas persoas fóra. É dicir, antes de ofrecer a gratuidade xa estaba constatado o grave déficit de prazas nas escolas infantís. ¿Que vemos agora? Que este problema se agudizou.

Vostede vén comparecer hoxe, 24 de outubro, para falar do comezo do curso, pero o certo é que tamén puido vir falar das escolas infantís en marzo ou en abril para dar resposta a esta falta de prazas, cando había familias que estaban acampando na rúa para poderen matricular as súas crianzas. Familias que denunciaban que, a pesar de necesitaren unha praza nunha escola infantil, quedaban fóra ao non seren o suficientemente rápidas. Familias de Vigo que acababan en listas de agarda no seu concello ou en concellos da contorna —en Nigrán, por exemplo— porque non tiñan a posibilidade de conciliar. O Goberno do Partido Popular veu implantar unha medida que, se ben de inicio ou sobre o papel é unha medida positiva ou unha medida interesante, vostedes déixana a medio gas.

Que este é un importante recurso educativo para as crianzas e que é un recurso de conciliación para as familias é innegable, pero vostedes fúrtanlles a posibilidade a miles de crianzas e familias que non poden acceder a unha praza nunha escola infantil. E non só iso, senón que afogan os concellos que teñen unha escola infantil municipal. Concellos que están a asumir, primeiro, unha competencia que non lles é propia, que asumen pola súa propia inacción, pola falta de capacidade da Xunta de Galicia. E vostedes impóñenlles uns prezos, uns convenios, que resultan asfixiantes para os orzamentos de moitos municipios. E a

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fegamp xa llelo vén advertindo desde hai tempo, o sobrecusto que lles supón aos concellos esta gratuidade. Vén criticando que a Xunta está a financiar a gratuidade dos centros privados cun máximo de trescentos euros, mentres que o máximo que se lles dá aos concellos para as súas prazas sexa de cento sesenta ou cento setenta euros, mentres que o resto o teñen que sufragar os municipios. Vaia diferenza de criterio ten a Xunta de Galicia no que se refire ao financiamento das prazas das escolas privadas e das municipais, porque parece que hai unha parte que gaña substancialmente fronte á outra.

Resulta indecente, señora conselleira, que continúen afondando na falta de asunción das súas propias competencias e, aínda por encima, promovendo a asfixia económica dos concellos. Vostedes anuncian, promoven e presumen dunha gratuidade que, por unha parte, non chega á totalidade da poboación e, por outra, se sustenta en que vostedes non asumen competencias e que outras entidades, como por exemplo os concellos, o fagan.

Desde o BNG vimos defendendo desde hai tempo unha serie de medidas para mellorar a educación infantil de 0 a 3 anos, a comezar pola ampliación da rede de escolas infantís. Unha ampliación que é máis que necesaria, por exemplo en comarcas con alta taxa de poboación, como pode ser a comarca da Barbanza, e en áreas urbanas e periurbanas; que fixe e que atraia poboación ao rural en vez de desertizalo cada vez máis pola falta de servizos públicos; e que atenda as contornas laborais para favorecer a conciliación familiar.

Nesta última liña, no que se refire ás contornas laborais, existiron durante uns anos unhas liñas de axuda para a construción de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e contornas laborais, pero a Xunta de Galiza deixou de convocalas no ano 2019. Desde o BNG temos demandado recuperar este tipo de axudas, conxuntamente cunha ampliación total da rede de escolas infantís, abrindo novas prazas en novos centros en resposta a unha demanda que vemos que é real. Temos concellos sen escola infantil ou concellos con prazas que son claramente insuficientes. Temos concellos, como por exemplo o concello de Verín, cabeceira de comarca con catorce mil habitantes, que non ten no día de hoxe unha escola infantil pública; a única cabeceira de comarca na provincia de Ourense que non conta cunha escola infantil pública. Unha ampliación desta rede de escolas infantís da que o Partido Popular vota en contra unha e outra vez.

Defendemos tamén desde o BNG que a educación de 0 a 3 anos se considere como o que é, como un tramo educativo máis; que se incorpore á Consellaría de Educación, porque estamos a falar, ante todo, do dereito incontestable das crianzas á educación. E, novamente, defendemos que se garanta a súa cobertura desde o sistema público, proposta á que tamén o Partido Popular, para non variar, vota reiteradamente que non. Agardamos, entón, que na súa segunda intervención poida atender estas cuestións que lle comentei e poida afondar un pouco máis na situación real da educación de 0 a 3 anos, que vaia un pouco máis lonxe deste relato bucólico e idílico que vostede marcou ao inicio desta comparecencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias Rodríguez.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Unha Galicia, un pobo, que pensa nos máis pequenos é un pobo que pensa no futuro. Nun futuro que non ve nada claro a oposición neste Parlamento, especialmente o PSOE. A señora Ortega xa é reincidente en minusvalorar a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3, o cal resulta altamente sorprendente cando todas as entidades que están a traballar a prol da erradicación da pobreza poñen mesmo isto como un exemplo que axuda a que diminúa ese risco de pobreza. ¡Por favor, un pouco de seriedade! Porque, por moito que se diga mil veces e se lle queira sacar importancia a algo que a ten, non a vai perder. E a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 é unha medida única en España valorada por todas as familias, valorada polos formadores e valorada polas entidades. ¡É que é incrible que vostede que tanto se queixa de que a conselleira non vén comparecer perdese o seu tempo falando de non sei que cousas! Bueno, perdese o seu tempo falando de cousas importantes sobre as que, por certo, a conselleira xa compareceu e xa puido falar con ela nese momento. Pero iso é o importante e do que estamos a falar hoxe, da gratuidade de 0 a 3. Tamén é importante. É francamente importante.

E, mire, se realmente o Estado lles dá tantos cartos a todas as autonomías para que monten escolas infantís, ¡non sei por que Galicia é a única que as ten gratuítas! Imos ver, ¡moi mal deben de aproveitar os cartos as outras comunidades! *(Aplausos.)* Moi mal o deben de facer.

En fin, conselleira, vostede, fronte aos que ven todo negro e escuro, aos que nada lles parece ben, veu hoxe aquí falar de futuro; a falar dunha Galicia con posibilidades. Unha Galicia consciente de que hai problemas, pero que ten solucións para eses problemas e para afrontalos. Unha Galicia optimista, en definitiva. E veu falar aquí tamén dos orzamentos. Porque, en definitiva, non poderiamos ter a gratuidade se non tivésemos os orzamentos, eses cincuenta e cinco millóns de euros que van nos orzamentos deste ano para a Xunta de Galicia. Uns orzamentos que falan de igualdade, de igualdade en termos de xénero pero tamén de igualdade entre todos os galegos, poñendo o foco naqueles que máis o necesitan cun bono social universal de cinco mil euros para todos os dependentes coidados nas súas casas; cun bono para residencia de mil douscentos euros para aqueles que leven os seus anciáns ás residencias que prefiran; cun carné +65 para que todas as persoas de máis de sesenta e cinco anos teñan descontos en distintas compras; cunha educación infantil —xa o dixemos— de 0 a 3 anos gratuíta para todas as familias que queiran levar os seus nenos a calquera escola infantil; ou cun bono Deporte, porque o deporte é fundamental para o desenvolvemento das persoas en xeral e, sobre todo, dos máis pequenos. Contar con ese bono fai posible tamén que as familias máis desfavorecidas poidan acceder a el e poidan ter o deporte dentro da formación dos seus fillos.

En definitiva, a gratuidade das escolas infantís para todos os nenos e nenas en todas as escolas é unha medida pioneira en todo o Estado. Xa sei que o dixemos moitas veces, ¡pero é que segue sendo pioneira despois de varios anos e témolo que seguir dicindo! Favorece de maneira especial as familias máis necesitadas. Porque axuda a todas, pero hai moitas familias que necesitaban un recurso de conciliación e que non podían afrontar o pago do mesmo e, por tanto, atopan aquí unha saída para esa conciliación, para que poidan mellorar ou buscar un posto de traballo e para que os seus nenos estean coidados.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero o Bloque e o PSOE, que primeiro reclamábana, logo cando se introduciu na Lei de demografía votaron en contra e seguen poñéndolle peguiñas pouco a pouco. Sempre hai unha pega que poñerlle. Por certo, señora Carreira, alégrome de que vostede veña hoxe preocuparse polos traballadores das escolas privadas. Nós preocupámonos por todos os traballadores, pero é curioso que vostede se preocupe por eles cando o que queren é pechar todas as escolas privadas e non queren que haxa ningunha.

En fin, falaban tamén de que hai concellos como o de Oleiros onde había ringleiras de xente esperando pero que, sen embargo, o seu alcalde non solicitou —polo menos o ano pasado; non sabemos se este ano— unha escola infantil para o seu municipio. Igual que o de Verín. Eu teño que, dende aquí, agradecer aqueles alcaldes que si se preocupan polas familias dos seus municipios e si aceptan a colaboración da Xunta de Galicia para montar escolas públicas infantís. *(Aplausos.)*

E miren, o que para vostedes é unha eiva para min é unha oportunidade. Porque falar de que temos o cincuenta e seis por cento de taxa de escolarización de nenos de 0 a 3 anos, a máis alta de toda España, para min é unha fortaleza. ¿Que queren que lles diga? E iso cambiou coa escolarización gratuíta de 0 a 3 anos e xa empezou a cambiar de 0 a 2 anos, posto que dende 2020 incrementamos 13.14 puntos. Pero é que, miren, temos trinta e cinco puntos máis que no ano 2009. Que agora vostedes se veñan queixar tanto de que non hai prazas de escolas infantís cando temos o vinte por cento máis de prazas que tiñan vostedes... Perdón, perdón, perdón, que ata me equivoquei nos números; vostedes tiñan o 13,14 por cento e nós temos o 56 por cento. Esa é a diferenza. Así que que veñan vostedes queixarse disto cando menos, home, é sorprendente. Xa lles digo que van ter que cambiar o libro se queren aprobar este exame, porque queixarse sempre do mesmo non lles vai facer que a conta lles saia mellor.

Diciamos que non poñía nada o Goberno do Estado. Hoxe acabamos de ver un acordo que acaban de asinar Sumar e o PSOE. O candidato do PSOE en Galicia sae moi fachendoso dicindo que está encantado de que por fin se asine este acordo. Un candidato ao que, por certo, en Galicia lembramos porque cando foi delegado do Goberno o primeiro e o único polo que se coñece é porque quixo tombar a lei do litoral e ao final conseguiu que se reclamase e puxo en perigo centos de postos de traballo. Por iso é polo que se coñece e tamén porque anda por Cataluña por non sei onde negociando non sei que cousas para a investidura. A nós, de verdade, gustaríanos moito máis que viñese a Galicia e se preocupase das cousas dos galegos. *(Aplausos.)* Aínda que xa sei que chegar a Lugo é moi complicado. É moi complicado para todos e tamén se ve que é moi complicado para o señor Besteiro. Deuse boa conta cando se presentou ás eleccións e sacou os peores resultados que sacara o PSOE na provincia de Lugo en moito tempo.

En definitiva, conselleira, traballar pola igualdade, traballar pola conciliación, traballar polas persoas, polas familias, por quen máis o necesita. Ese é o camiño que leva a Xunta de Galicia de Alfonso Rueda, que leva a súa consellería coa gratuidade das escolas infantís. Pero non só iso. Con máis de cen casas niño, como vostede dicía. Eu teño que felicitala como persoa que vive no rural por que cada vez haxa máis casas niño no rural para que, tamén, a conciliación chegue a todos os puntos independentemente de onde se viva e ademais creen postos de traballo.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A tarxeta Benvida da que vostede falaba, o Bono Concilia Familia ou en educación. Falábase aquí en educación de que había que aumentar as axudas para os libros. Posiblemente hai que aumentalas; nunca son suficientes. Pero, mire, o que está claro é que o noso sistema é moito máis bo e moito máis equitativo que o que vostedes tiñan, porque o que vostedes tiñan era igual para todos. Nós favorecemos as familias que máis o necesitan e se de axudas se trata... *(A señora Arias Rodríguez amósalles un gráfico aos membros da Cámara.)* Xa llelo ensinei á mañá pero, como o volven sacar, teño que volvelo sacar eu tamén. Miren, estes son: Galicia é a comunidade con máis axudas para libros por alumno, oitenta e seis euros máis que a media estatal, setenta euros máis que Asturias e o dobre que Castela-A Mancha. *(Aplausos.)*

E xa remato. Polo que respecta ás familias monoparentais, é unha pena que a lei de familias que ía facer o goberno socialista nos pasados anos non chegase a levarse a cabo. Pero menos mal que non se levou, porque esa lei de familias o que propoñía era que dúas mil familias monoparentais de Galicia quedasen sen ese recoñecemento. Iso a quen prexudica fundamentalmente é ás mulleres, porque o noventa e nove por cento de familias monoparentais recoñecidas son mulleres. Vostedes pretendían que se tiñan recoñecida algunha pensión de alimentación ou dalgunha outra cousa, aínda que non a cobrasen, en ningún caso fosen xa familias monoparentais. Nós recoñecémoslles ese dereito tamén a través da Lei de impulso demográfico, e desde que se aprobou duplicouse o número de familias monoparentais que, por certo, en Galicia xa teñen un amparo legal dende hai máis de dez anos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Réplica. Conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas.

¡Que pena! ¡Que lástima! A verdade é que é curioso que unha medida que sitúa Galicia como un líder e como un referente a nivel nacional, unha medida que apoia máis de trinta e unha mil familias galegas que non pagan nin un só euro por levar os seus fillos a unha escola infantil, mereza o voto en contra dos dous grupos da oposición, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, nos orzamentos do ano 2023; que mereza o voto en contra dos dous grupos da oposición na Lei de impulso demográfico; e que mereza que escoitemos hoxe todas esas críticas que acaban de facer vostedes a un goberno que o único que está facendo é poñendo fondos, cincuenta e cinco millóns de euros, á disposición de todas as familias para que cada familia —coa falta que fai agora coa subida de prezos— poida aforrar eses dous mil euros ao ano. ¡Que pena! ¡Que pena, señoras deputadas! *(Aplausos.)*

Eu, a verdade, non sei de que me estraño, porque xa estamos moi acostumados. Eu penso que todos os galegos estamos moi acostumados a ver que canto mellor lle vai a Galicia peor

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lle parece ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista. Menos mal que os galegos son listos e cada catro anos os volven sentar nos mesmos asentos nos que están, nos asentos da oposición, e nos deixan gobernar a outros. *(Aplausos.)* Eu espero que vostedes lles expliquen a esas trinta e unha mil familias galegas que se benefician cada ano da gratuidade das escolas infantís os motivos que os levan a vostedes a votar en contra dunha medida que é histórica, que é necesaria e da que están moi agradecidas as familias de Galicia. Pero eu xa sei que vostedes non lles van contar ás familias que están en contra desta medida, porque vostedes tamén utilizan o sistema do señor Sánchez: primeiro a votar e despois cada un xa fará o que considere necesario.

Mire, señora Ortega, eu creo que é unha falta de respecto subir a esta tribuna e enganar os galegos, porque vostede é unha representante duns poucos galegos. Polo tanto, subir aquí e dicir hoxe que o goberno do Partido Socialista e que o goberno do señor Sánchez financian a gratuidade da educación infantil é mentirlles á cara a todos os galegos. ¡É mentirlles á cara! *(Aplausos.)* Veña vostede aquí e demóstrelles a todos os galegos cun documento que financia o Partido Socialista do señor Sánchez na gratuidade da educación infantil. Veña vostede aquí e demóstremo. Así os galegos xa sairán de dúbidas e saberán ben quen financia a gratuidade da educación infantil.

Mire, señora Ortega, vostede fala deses millóns de euros que están non sei onde. O Goberno, o Ministerio de Educación, o que financia é a construción de escolas infantís en Galicia; non financia a gratuidade da educación infantil. A ver se nos entendemos, señora Ortega. *(A señora Ortega Otero pronuncia palabras que non se perciben.)* E miren, o que financia o Goberno de España para a construción de escolas infantís non chega nin para facer a cimentación dunha escola infantil. Así que vostede faga o favor e fale co seu goberno do Partido Socialista para que se poña a pé de rúa, que fale cos veciños, que fale cos alcaldes e, por favor, que sexa coñecedor do que fai falta nunha comunidade e do que custan as cousas para poder construír escolas infantís e para poder financiar unha gratuidade da educación infantil.

A orde que nós sacamos para a construción de escolas infantís está á disposición de todos os concellos; tamén do Concello de Oleiros do que vostede fala. Pero, como dicía a señora portavoz de Política Social do Partido Popular, esas colas eran nunha escola infantil privada. O propio alcalde de Oleiros dixo moi claro que non eran necesarias máis prazas nese concello.

Vostedes falan tamén, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, dese convenio laboral pola folga dos traballadores. Mire, é unha negociación de carácter nacional, na que está negociando unha patronal estatal e os sindicatos a nivel nacional. Unha folga que é en toda España; non é en Galicia. ¿Non pensarán vostedes, señoras deputadas, que é competencia da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia desbloquear o que está pasando? ¡Fagan o favor!

E vostedes falan tamén do financiamento das escolas infantís municipais. Dende a Xunta de Galicia estamos financiando con 7,7 millóns de euros a gratuidade das escolas infantís municipais. O que lle estamos aportando a todos os concellos de Galicia é o que os pais deixan de pagar por levar os seus fillos a esas escolas infantís municipais. Non estamos financiando

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un novo sistema de financiamento municipal; estámoslles aboando aos concellos o que os pais deixan de pagar por levar os seus fillos a esas escolas infantís municipais.

Señora Ortega, fala vostede tamén do servizo de axuda no fogar. Dende a Xunta de Galicia o que estamos facendo é incrementando ese financiamento ano tras ano. Vostede quéixase de que é unha competencia municipal. ¡Pero se o fixeron vostedes na lei de servizos sociais cando gobernaban! Fixeron vostedes que o servizo de axuda no fogar fose competencia municipal. *(Aplausos.)* Señora Ortega, vostede debería ler a Lei de servizos sociais, porque vexo que non a coñece.

E, por último, señora Ortega, fala vostede da discapacidade. Coma sempre que vén aquí, suele tocar de oídas e aquí cóntanos moitos contos. Pero a verdade é que eu estiven con todos os presidentes de todas as federacións da discapacidade a semana pasada rendéndolles contas e falando de como estaba nestes momentos o concerto social de Galicia. Eles saben moi ben como está. Polo tanto, pídolle que cando suba a esta tribuna e fale para todos os galegos se informe un pouquiño máis.

Mire, señora Carreira, vostede falábame hoxe tamén da creación de escolas infantís autonómicas. Mire, nós estamos traballando nesa gratuidade das escolas infantís autonómicas, pero tamén estamos creando centros que están repartidos por toda a xeografía galega. Máis concretamente —doulle datos—, dende o ano 2009, setenta novos centros repartidos por toda Galicia. Os últimos: falabamos da cidade da xustiza en Vigo, pero tamén na Guarda, en Paderne de Allariz, en Vilagarcía de Arousa... Cincocentas novas prazas repartidas por todo o rural a través desas casas niño e tamén novas liñas de axudas para crear novas escolas infantís de carácter municipal.

Pero eu hoxe estoulle especialmente agradecida de que fale da miña comarca; de que fale da comarca do Barbanza. Pero que vostede veña aquí e diga que fan falta prazas de escolas infantís na comarca do Barbanza, cando acabamos de poñer en marcha unha nova convocatoria para construír novas escolas infantís, trinta e catro millóns euros, e o alcalde de Ribeira do Bloque Nacionalista Galego anda a chorar polas súas redes sociais que «a Xunta de Galicia non me fai caso» e non constrúe esa escola infantil prometida en Aguiño... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois ben, o alcalde... ¿Presidente?

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Bueno, hai que aguantar. Xa saben que ás veces hai que aguantar. Isto é o parlamentarismo. *(Murmurios.)* Despois dáse, pero hai que aguantar. Non se pode ter mandíbula de cristal, para estar nun parlamento. Hai que aguantar. Veña, imos alá.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): O alcalde de Ribeira, como dicía, do Bloque Nacionalista Galego, que hai pouco se reuniu a señora Pontón tamén con el alí en Ribeira, que diga que a Xunta de Galicia non fai esa escola infantil que prometeu no pobo de Aguiño... É unha vergoña que o alcalde de Ribeira non se presentase a esta convocatoria de trinta e catro millóns de euros para construír unha escola infantil municipal. *(Aplausos.)* ¡Que vergoña, señora deputada, que vergoña! O alcalde de

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ribeira do Bloque Nacionalista Galego está privando toda a veciñanza de Ribeira e todos os pais de Aguiño de poder ter aos seus fillos nunha escola infantil municipal na súa parroquia. Iso é non saber xestionar. Pero vir aquí falar de que non hai prazas públicas no Barbanza ao mesmo tempo que os seus alcaldes non se presentan ás convocatorias da Xunta de Galicia é ter pouco respecto de cara aos galegos.

Miren, señoras deputadas, a gratuidade da educación infantil é unha referencia a nivel nacional queiran vostedes ou non queiran. Unha medida que puxo en marcha a Xunta de Galicia e que beneficia trinta e unha mil familias galegas e na que a Xunta de Galicia inviste do peto de todos os galegos cincuenta e cinco millóns de euros cada ano. Unha medida que conta co apoio dos máis pequenos, que sacian a súa curiosidade dende as idades máis temperás. Unha medida que propicia que os pais poidan compatibilizar a súa vida persoal e laboral. Unha medida que conta co apoio, co respaldo e co recoñecemento de todas as escolas infantís de Galicia e de todo o tecido asociativo. E, por suposto, unha medida que conta co apoio económico da Xunta de Galicia, que vai seguir investindo cada vez máis cartos e máis financiamento para favorecer o que nós queremos, que son familias, axudalas no seu día a día e sobre todo axudalas na crianza dos seus fillos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Os aplausos non son medibles.

Grupo Parlamentario Socialista na rolda especial de aclaracións. Señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Bueno, a medida que vai avanzando a comparecencia vemos que á señora conselleira se lle foi acabando ese momento *zen* e *happy* que tivo ao principio. Falabamos de decenas de pais que pasaron a noite en Oleiros, fixo referencia a iso. Parece que unha vez máis, ao igual que coas traballadoras das escolas infantís, que a maioría son mulleres, sexan privadas, de iniciativa social ou públicas, vostede ten que estar atenta ese tipo de cuestións, recibilas e tratalas.

E ao mesmo tempo que falo deste caso... É un exemplo moi extremo, pero que pasou en moitísimos lugares, decenas de pais que fan noite nunha escola infantil, durmindo na rúa, para poder conseguir praza para os seus fillos, porque non hai prazas públicas suficientes. Hai un déficit evidente, do cal non estamos para presumir, señora conselleira.

Pero bueno, si que me alegro dunha cuestión que eu quero poñer en valor, que a señora conselleira é a primeira vez que recoñece en tres anos case —dous anos e pico— que efectivamente o Goberno de España fixo un plan de recuperación e transformación no compoñente vinte e un, no cal se destinaron seiscentos setenta millóns para todas as

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comunidades autónomas e recoñece que Galicia recibiu un total de 3.419 prazas que poden facer á súa disposición, transferindo máis de trinta e catro millóns. Lamentamos moito que se queixe de que isto non é suficiente. Sen embargo, presumen de que lles dan 7,7 millóns aos concellos e din que lles están dando moito aos concellos e que trinta e catro millóns de euros que lles transfire o Goberno de España non serven nin para construír os cimentos dunha construción. ¡Constrúen ben caro, vostedes, dende a Xunta de Galicia! ¡Caramba, constrúen ben caro!

Bueno, parece que ata que chegaron vostedes as escolas infantís eran un privilexio das cidades, dicían. Mire, eu vivo nun pobo e no meu pobo xa tiñamos unha escola. Ademais pública, por sorte. Unha escola infantil pública dende hai moitos anos. o que si que queremos e botamos en falta é que a Xunta se faga cargo do seu mantemento. E tamén botamos en falta que defendan as condicións laborais das traballadoras, que son unhas profesionais que teñen que ser valoradas doutra forma, non como as está valorando o Goberno galego.

Señora conselleira, non pode vender a gratuidade cando hai familias que, a pesar de ter baixos ingresos, teñen que facer fronte aos custos do comedor. Disto non me falou. Quero que fale desta situación. Non se pode falar de gratuidade cando gran parte das escolas dependen dos concellos, que están afogados nas súas arcas municipais.

E que pena, señora conselleira, que dicía vostede «que pena»... Que pena me dá a min que escape de asuntos tan importantes. Polo menos a voceira do Partido Popular tivo a decencia de darlle importancia a eses asuntos e vostede desprezounos absolutamente; nin falou o máis mínimo deles. Que pena que as súas últimas comparecencias sexan de campamentos ou de escolas infantís, cando tiña que falar tamén doutros asuntos que son moi graves e que está na actualidade sufrindo moitísima xente. *(Aplausos.)* Dende menores vulnerables en risco de exclusión ata persoas maiores que viven en residencias, agora mesmo con persoas que son pacientes de psiquiatría menores de sesenta e cinco anos e están vivindo nas residencias de maiores. E estannos negando os datos, que o saiba a cidadanía. Estannos negando os datos dende a Xunta de Galicia, que pedimos xa en dúas ocasións e non nos queren dar eses datos. E preocúpanos moito que non nos queiran dar eses datos, porque entón tememos que os datos poidan ser preocupantes.

Venden un novo modelo de residencias que nunca chega. É que é todo así. Eu non sei se coñecen unha cuestión bastante vella e coñecida en socioloxía, que se chama *cortina de fume*. ¿Coñécea, señora conselleira? Que se define como «o conxunto de feitos ou circunstancias coas que se pretende ocultar a realidade ou desviar a atención da xente». Iso é o que fai o Goberno galego continuamente e, sobre todo e nomeadamente, a súa consellería. Vende un novo modelo de residencias que nunca chega. Venden axuda aos coidadores de persoas dependentes despois de recortarlles a prestación; ou sexa, primeiro quítanllelo para vender que logo llelo volven dar. Venden un plan para a soidade non desexada para as persoas maiores e prometen un concerto social para sustentar as entidades que no día de hoxe non chega. Vostede di que falo de oídas. Vostede falou e estivo coas entidades hai unha semana e eu falei onte, señora conselleira. Non falo de oídas. Eu falo con eles habitualmente e vostede sábeo, que que tamén me chegan recados pola súa parte.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Promete un concerto social que —repito— non chega. Fala moito das escolas infantís, pero pouco dos menores máis vulnerables. Increméntase o número de menores tutelados e ¿que fixeron ante isto? Pois privatizar os centros de menores. Néganse a dar os datos de pacientes psiquiátricos menores de sesenta e cinco anos nas residencias de maiores. Os funcionarios de inspección da Xunta denuncian irregularidades en supostos avisos á inspección e vostedes, en vez de ir investigar os feitos, investigan os que se atreven a alzar a voz.

Este é o resumo da xestión do Goberno galego en materia de políticas sociais, señora conselleira. Como diría o señor Balseiro, que non está presente agora mesmo e quería renderlle unha homenaxe: «menos pico e máis pala».

A quen dana vostede con esta cortina de fume é aos máis vulnerables, dos que moitos non poden alzar a voz. Porque estamos a falar de que a súa consellería se debería de preocupar e ocupar das persoas con dependencia, con discapacidade, das persoas maiores, daquelas que viven nas residencias, das persoas maiores que viven en soidade, dos nenos máis vulnerables, nenos e nenas, esa infancia, eses menores tutelados que non teñen un pai e unha nai detrás que vele polos seus intereses. Pero, en nome de todos eles, para iso estaremos nós sempre.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Señora conselleira e tamén señora Arias —porque tamén fixo vostede mención, se non me trabuco, na súa intervención—, criticaban vostedes o voto en contra aos orzamentos de 2023 por parte do Bloque Nacionalista Galego, porque a priori seica estamos en contra da gratuidade da educación de 0 a 3 anos.

O venres imos debater os orzamentos para este presente ano. Se quere divagamos máis sobre como se formula o voto á Lei de orzamentos, ou sobre que outras cuestións van recollidas neses orzamentos das que o BNG está frontalmente en contra. Pero á demagoxia tamén podemos xogar. ¿Vostedes están en contra da ampliar a rede de escolas infantís? ¿Parécelles que ampliar a rede de escolas infantís públicas é unha mala proposta? É unha boa proposta. O Partido Popular votou en contra varias veces. Varias veces. Non unha, non dúas. Ah, vale. Entón, asumir as competencias propias, deixámolo para despois. Ah vale, ben. *(Aplausos.)*

Nós dixemos en varias ocasións tamén que a educación de 0 a 3 anos é unha medida positiva, pero que non vale facela de calquera maneira. Vostede dicía que é unha medida pola igualdade real, se collín ben as súas palabras literais. É unha medida positiva, pero a igualdade real non está garantida. Non está garantida desde o punto de vista xa de partida, que o 47,7 por cento das crianzas son as únicas que poden acceder a unha praza nunha escola infantil. De todas esas prazas só o 17,7 por cento son prazas da Xunta de Galiza. Non son datos meus; aparecen recollidos, por exemplo, na memoria do Consello Económico e Social do ano 2022. É dicir, unha igualdade que non é real, que é de palabra, pero non de

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

feitos. Falaba tamén do porrón de prazas se crearon desde que o Partido Popular está na Xunta de Galiza. Máis de cincocentas prazas. En catro anos, trinta e cinco prazas por ano. Un despiporre, un dispendio de prazas nas escolas públicas.

Falando das escolas municipais... Imos falar das escolas municipais. Eu quéixome dunha ringleira que se deu diante dunha escola en Oleiros, da falta de escola infantil en Verín, da falta de escolas infantís na Barbanza. Seica a culpa é dos alcaldes destes concellos por non asumir unha competencia que non é deles, que é súa. É unha competencia que é propia da Xunta de Galiza. Ademais, presume da gran partida que se lles dá para sufragar os gastos destas escolas infantís municipais: 7,7 millóns, que é o prezo que sufragaban as familias. Vostede sabe que ese prezo xa non cubría os custos reais. É dicir, vostedes mantéñense anclados nuns prezos que xa non cubrían, aínda por riba nunha competencia que non é súa.

É dicir, eu agora podo facer un ademán de dispendio e quedar de marabilla e dicir que convido todos os presentes a cear hoxe, ao remate desta sesión plenaria, ao meu piso. Que setenta persoas veñan cear, que pago eu, invito eu. Iso si, no meu piso collen quince persoas apretadas; as outras esperan fóra. Iso si, teño a decencia de tirarlles algo de comida pola ventá e despois dígolles que son unhas desagradecidas porque non aceptan esas cousas que eu lles tiro pola ventá despois de convidalas a cear de balde no meu piso. ¡Veña, non me fastidie! *(Aplausos.)*

Podemos falar do caso da Barbanza, se quere. Se quere falamos tamén do Concello de Boiro; falamos da residencia pública que estaba prometida no caso de que o Partido Popular chegase a gobernar o Concello de Boiro. Vemos que, entón, Boiro non vai ter residencia pública. ¿Vaina ter Ribeira? Tampouco. Ah, Ribeira xa tampouco. ¡Ah, vale!

Entón vostedes o que fan é utilizar os servizos públicos, que son necesarios para persoas maiores; como o caso da residencia prometida en Boiro, que non consignada nos orzamentos. Utilizan as escolas infantís tamén para facer notas de prensa, anuncios a bombo e prato e campaña electoral. Porque despois, ¿como se efectivizan estas medidas? ¿A cambio dun voto nunha selección, simplemente? Porque o que non pode é vostede simplemente dicir que a gratuidade da educación de 0 a 3 está garantida en toda Galicia e despois, aínda por encima, botarlles a culpa aos concellos por non asumir esa competencia que non é súa, cando vostedes tampouco achegan o orzamento preciso para mantela. Porque iso non. Iso é botarlle moito peito e moita cara dura. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iria Carreira.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Conselleira, en temas de demografía está claro que, como en temas de apoio ás familias e como en tantas outras cousas, Galicia é un referente. É un referente a nivel estatal e é un referente tamén, en moitas ocasións, a nivel europeo. Por iso, cada vez resulta máis anacrónica esa fotografía que a oposición nos quere presentar; esa fotografía —que eu xa

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mencionaba na miña intervención— triste, dunha Galicia que realmente xa non existe. É que eu entendo que o BNG xa quedase ancorado no momento en que a súa lideresa chegou ao Parlamento. Pero ¡home!, poden saír de vez en cando; poden ver o que está pasando en Galicia. Ao PSOE viríalle moi ben; viríalles moi ben polo menos ver o que fixeron eles. *(A señora Arias Rodríguez amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Porque mire aquí, señora Ortega, as competencias en servizos sociais comunitarios básicos son dos concellos: *«competencias de los ayuntamientos».* Asina o señor Touriño. Que eu saiba non é presidente do PP; é presidente dun goberno bipartito do Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Pero, para que quede claro que fai cadaquén, eu voume limitar simplemente a partir deste momento a dar datos. Mire, educación infantil de 0 a 3. Xa quedou aquí dito moitas veces e ímolo repetir: única comunidade de España coa educación infantil gratuíta de 0 a 3. Cincuenta e cinco millóns de euros que pon en exclusiva o Goberno de Galicia, cando é unha competencia de todas as administracións. E nós o que dicimos é que cando o Goberno de España se digne a cooperar... O Bloque deberíallo de estar pedindo xa nas negociacións a Sánchez e vostedes tamén. Entón, cando Madrid nos axude con esa financiación, nós axudaremos con máis cartos os concellos. Nós tiñamos claro que se quen gañou as eleccións gobernase, se Feijóo gobernase, ese apoio iámolo ter, porque xa o demostrou aquí en Galicia. O único que sabemos é que Sánchez nos deu cero e moi probablemente nos seguirá dando cero. Aínda que oxalá me equivoque e, efectivamente, empece a colaborar.

Miren, a ratio das escolas infantís, a ratio de escolarización —xa llelo dixen antes— cando vostedes gobernaban era do vinte e un por cento; agora mesmo é do cincuenta e seis por cento. ¡Pero é que é o máis alto de España, dez puntos por enriba da media nacional! Escolas infantís. Cando vostedes gobernaban, doce mil setecentas prazas; agora, trinta e dúas mil. Cunha diferenza: que agora son gratuítas, antes había que pagalas. Moitas das persoas, as máis vulnerables, naquel momento non podían asistir a unha escola infantil; hoxe poden asistir todas.

Casas niño. Vostedes cero; nós, máis de cen. Ademais, nas aldeas, no medio rural, onde máis se necesita. Servizos que vostedes tiñan absolutamente olvidados. Moito falar do rural, pero nada de atención para os pequenos e nada de atención para os maiores. Casas niño e casas do maior totalmente gratuítas. Tarxeta Benvida. Vostedes cero; nós, noventa e dúas mil cincocentas. Tamén con máis axudas para as familias que viven no rural. Bono Concilia Familia, vostedes cero; nós, trece mil douscentos este ano. Colexios de Primaria. Vostedes pecharon cento tres en catro anos; nós, nove nunha lexislatura. Vostedes no único que son campións é no peche de escolas onde vostedes estiveron gobernando. *(Aplausos.)* É no único no que son campións. Récord de peche de escolas deste século, señorías. En canto a servizos de maiores, podería falar de moitos deles, como multiplicar por cinco a atención a dependentes, multiplicar por tres o número de prazas de residencia, multiplicar por sete a atención ao SAF ou multiplicar por seis os centros de día.

Pero quero acabar cunha fotografía. Estas medidas que vostedes tanto critican, estas medidas que vostedes din que non serven para nada fixeron, sen embargo, que Galicia resistise moito mellor que as comunidades do seu contorno o declive ou o novo momento demográfico. De

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

feito, Galicia perdeu a metade de poboación que Asturias ou Castela e León e melloramos as previsións de poboación en sesenta mil persoas. Conseguimos reter máis de sesenta mil habitantes respecto das previsións que tiñamos hai unha década.

Pero, ademais, as cifras do INE demostran que aqueles que afirman que os mozos marchan de aquí por miles menten absolutamente. O número de emigrantes galegos descendeu dende o ano 2009 en 23.751 persoas. Ademais, dende o 2009 ata o 2021, que son os últimos datos a ano pechado, entraron en Galicia oitenta e seis mil persoas máis das que saíron.

E o saldo tamén é positivo se falamos de mozos entre dezaseis e trinta e catro anos: entraron máis de vinte mil mozos máis dos que saíron. ¿Vostedes teñen outro récord? Eu dicía que tiñan o récord de peches de escolas, tamén teñen o récord de mozos que abandonan Galicia. O ano 2007 foi o ano que máis mozos abandonaron Galicia. Agora Galicia é un país de acollida. Estamos contentos diso, seguiremos traballando e, conselleira, en hora boa polas medidas, en hora boa a un goberno que vai presentar, que xa o presentou no Parlamento e que vai ter en disposición de gastar o 1 de xaneiro o orzamento máis grande da historia, pero tamén o máis social da historia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Ortega, grazas. Grazas por recoñecer aquí hoxe ante todos os deputados deste Parlamento de Galicia, ante todos os galegos, que o señor Sánchez non paga nin un só euro pola gratuidade da educación infantil. *(Aplausos.)* A ver agora se Sumar os inspira un pouco máis e camiñan cara a esa universalización da educación infantil, pero aínda así é unha medida que non chega nin tan sequera á nosa. Falan algúns dos seus posibles socios desa universalización, desa gratuidade, que chegue a todos os nenos de dous anos. En Galicia a gratuidade é unha realidade para nenos de 0 a 3 anos, para todas as familias de Galicia, para todas as escolas infantís. Vostedes, pese o que lles pese, non o queren recoñecer, porque é unha medida que puxo en marcha o Goberno galego e que é financiada integramente co peto de todos os galegos.

Mire, señora Ortega, o que si debería de axudarme vostede é a mediar co seu goberno nacional, co Goberno do Partido Socialista, que volve facer de novo esa Lei de familia. Se non recordo mal tiña dezaseis tipos de familia. Vostede, que está tan preocupada cada vez que sobe a esta tribuna polas familias monoparentais, pídalle ao señor Sánchez que modifique o que está a facer coa lei de familias, porque iso implica directamente que lle temos que anular os títulos de familias monoparentais a tres mil familias galegas. Tres mil familias quedarían sen título por esa lei de familia que quere poñer en marcha o Goberno do señor Sánchez.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E mire, señora Carreira, eu por suposto que estou a favor da creación de escolas infantís públicas. ¿Non lles acabo de dicir que puxemos en marcha unha nova convocatoria de trinta e catro millóns de euros? Precisamente para que os concellos constrúan esas escolas infantís e nós posteriormente financiarlles esa gratuidade a todos os pais, que están nestes momentos custeando e sacando do seu peto mes a mes eses cartos para ir a unha escola infantil. Nós queremos que todas as escolas infantís sexan gratuítas e por iso puxemos en marcha esa gratuidade en Galicia.

Pero dígallo vostede tamén ao alcalde de Ribeira. Se fan falta prazas nas escolas infantís, ¿por que non solicitou financiamento do Goberno galego para construír unha nova escola infantil en Aguiño? ¿Por que o seu alcalde do Bloque Nacionalista Galego está privando a todos os ribeirenses e a todos os veciños de Aguiño de poder ter os seus fillos nunha escola infantil na súa parroquia? Mire, señora Carreira, paréceme que non é serio solicitar unha cousa aquí e que os seus alcaldes fagan unha cousa moi distinta alá onde gobernan. Eu supoño tamén agora que en Ribeira goberna o Bloque Nacionalista Galego, tras o despacho coa señora Pontón, que tamén aproveitarán para municipalizar a escola infantil de Ribeira, que era de xestión externa, que vostedes sempre din que é unha cousa moi mala e que ten que ser todo o persoal público. Veremos nas próximas semanas que acontece.

Mire, por suposto que a Xunta de Galicia vai continuar cumprindo con todos os concellos. Imos continuar cumprindo con todas as familias e imos continuar cumprindo con todas as persoas maiores. Porque o Goberno galego é un goberno que ten palabra. Polo tanto, dígolle que si; que a Xunta de Galicia vai construír esa residencia de maiores en Ribeira con dez millóns de euros. Porque os ribeirenses merecen esas prazas residenciais e todos os veciños do Barbanza se van poder beneficiar desas cen novas prazas públicas. *(Aplausos.)*

Pero miren, señoras deputadas, volvendo ao asunto que nos ocupa hoxe, que é ese inicio do curso nas distintas escolas infantís de Galicia, eu teño que recoñecer que hai moitas medidas que poñemos en marcha e que teñen que pasar por ese tribunal do tempo para poder ser xulgadas na súa xusta medida. E precisamente iso está ocorrendo con esta gratuidade das escolas infantís, das cincocentas cincuenta escolas infantís que hai en Galicia, que están a ser gratuítas. Galicia fixo historia, iso non hai quen o negue. Galicia deu un paso pioneiro e un paso valente de cara a esa gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos. Fixémolo, primeiro, implantando —como vostedes ben saben— esa gratuidade para segundos fillos e sucesivos dende o curso 2022-2023, con esa gratuidade total para todos os nenos en todas as escolas infantís de Galicia.

Eu xa sei que non podo pedir que os grupos da oposición se alegren. Nin tan sequera que recoñezan que é unha medida que fixo historia, porque é unha medida que bebe precisamente na súa integridade da vontade política da Xunta de Galicia. Pero o que si me gustaría pedir hoxe é un pouquiño de altura de miras, un pouco de transcendencia política e un pouco de visión de futuro. Galicia puxo esa pedra para a construción dunha Galicia máis familiar, dunha Galicia que vela polo coidado de todos os nenos, pero que tamén vela pola conciliación de todas as familias. Galicia apostou —sendo o referente a nivel nacional— por unha etapa que, non sendo obrigatoria, ten demostrado —e así llo trasladei na miña primeira intervención— a súa valía para continuar avanzando como cidadanía e para continuar progresando.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende Galicia non miramos a ninguén, senón que abrimos camiños que nunca antes foran explorados, por iso nos chaman continuamente dende todas as comunidades autónomas para saber como puxemos en marcha unha medida deste calibre, pero sobre todo facendo algo moi importante: non soamente financiando esa gratuidade, senón favorecendo que os pais non teñan que tramitar nin un só documento para solicitar esa gratuidade para os seus fillos. Pero faltará tempo —como lle digo— para que esta medida sexa valorada como se merece. Neste primeiro ano de implantación xa estamos recollendo eses primeiros froitos que motivan enormemente a nosa satisfacción: convertémonos en líderes nacionais na escolarización de 0 a 3 anos ao rexistrar a maior taxa de todo o Estado. Iso quere dicir —e entenderano vostedes— que hai moitas familias que antes non levaban os seus fillos a unha escola infantil e, tras a posta en marcha da gratuidade, agora si que levan os seus fillos a unha escola infantil.

Imos seguir traballando para continuar derrubando desigualdades e para que todos os nenos de Galicia, con independencia de onde nazan e da capacidade económica dos seus pais, poidan acudir a un centro educativo. Imos continuar derrubando desigualdades, exactamente igual que cando puxemos en marcha esas casas niño, creando eses primeiros recursos de conciliación no rural galego; imos continuar derrubando desigualdades, como cando creamos a Tarxeta Benvida para axudar economicamente os pais na crianza dos seus fillos; e imos continuar derrubando desigualdades, exactamente igual que cando puxemos en marcha ese Bono Concilia Familia para os momentos en que os pais teñen que seguir traballando pero os nenos están de vacacións. E todo isto, por suposto, fóra de triunfalismos, pero recoñecendo sempre o que levamos feito e o moito que ten avanzado Galicia.

Son consciente de que por diante quedan moitos retos por conseguir e moitas desigualdades que derrubar. Pero, miren, eu estou plenamente convencida de cal é o Goberno que fai e fará todo o que estea na súa man para alcanzar todos estes fitos e de quen son —e queda hoxe patente— os que votan en contra do avance de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Agora toca debater a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que manifeste o seu rexeitamento ante a situación en que se atopa o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda que presentou o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a manifestar o seu compromiso polo necesario respecto institucional e, en consecuencia, trasladar ao grupos parlamentares das cortes xerais a urxente necesidade de que proceden á inmediata renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe vimos falar aquí dunha anomalía democrática —que é un termo que lle gusta moito ao Partido Popular; síntome un pouco como a señora Gamarra neste momento—: *(Murmurios.)* 1.784 días de bloqueo dunha institución que é un piar do noso Estado democrático de dereito, como é o Consello Xeral do Poder Xudicial. O próximo 4 de decembro de 2023, o Consello Xeral do Poder Xudicial cumprirá cinco anos, máis de 1.800 días, sen renovar, bloqueado como consecuencia da negativa do Partido Popular a acadar un acordo. A pesar de que esta renovación é un mandato constitucional, de que a Constitución e a lei establecen un período de vixencia improrrogable de cinco anos, o PP sempre bloquea esta renovación cando está na oposición. Fíxoo entre 1995 e 1996 durante oito meses; fíxoo entre os anos 2006 e 2008, durante dous anos; e agora faino dende hai case cinco anos. ¡Cinco anos de bloqueo! Dende o ano 2018, o Partido Socialista tentou acadar co Partido Popular un acordo en numerosas ocasións ao longo destes cinco anos, primeiro co Partido Popular de Pablo Casado e agora co Partido Popular de Alberto Núñez Feijóo; Partido Popular que puxo innumerables escusas co único obxectivo de non renovar o Consello Xeral do Poder Xudicial. ¿Cantas escusas puxeron? Pois miren, un informe publicado na prensa falaba de ao redor de vinte escusas nestes cinco anos. Así que, agora mesmo, calquera artimaña que utilicen para apuntar a principal razón vaise converter nun chiste. Levan catro anos e once meses colaborando para que se incumpra —como dicía— a Constitución e a lei, mediante a súa insubmisión, para que uns señores sigan ocupando de xeito ilexítimo cargos que xa non lles corresponden.

E, ¿por que? Pois é fácil, imos facelo un pouco pedagóxico, imos falar das competencias do Consello Xeral do Poder Xudicial, como di a lei: garantir a independencia dos xuíces e maxistrados e maxistradas, xestión última da Administración de xustiza; tamén son competentes para propor o nomeamento do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial; nomear os maxistrados do Tribunal Supremo e presidentes de tribunais e salas; nomear o vicepresidente do Tribunal Supremo, o secretario xeral, o vicesecretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial, o promotor da acción disciplinaria e o xefe de inspección

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de tribunais; e, así mesmo, nomear tamén o director da Escola Xudicial, o director do Centro de Documentación Xudicial ou o director do Gabinete técnico do Consello Xeral do Poder Xudicial. E aquí temos o porqué: porque así controlan o resto dos tribunais e das altas maxistraturas. Se fose un órgano irrelevante, un órgano de mera xestión administrativa, pois non terían ningún problema en renovalo. E, ¿por que non quere renovalo o Partido Popular? Pois precisamente por iso: porque na actualidade o controla. O Partido Popular controla a designación dos xuíces daquelas cámaras, tribunais e xulgados, que teñen especial relevancia porque lles convén. ¿E por que o controlan? Pois aquí imos ao quid da cuestión: porque aínda que a nosa Constitución, orixinariamente, establecía un sistema de elección dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial —que se respectou nesa Lei do Consello Xeral do Poder Xudicial de 1985— que establecía que eran oito membros elixidos polas cámaras, ¿que pasou despois? Pois que ao Partido Popular, no ano 2013, cunha maioría absoluta das cámaras, 186 escanos no Congreso —¡que tempos aqueles, señorías do Partido Popular!— lle pareceu unha boa idea, unha idea —digamos— moi independente, modificar a Lei orgánica do poder xudicial, establecendo que os vinte membros fosen elixidos polas cámaras.

Gallardón —que foi moi bo ministro, con moi boas ideas, unhas ideas moi imparciais— modificou a Lei orgánica do poder xudicial. ¿Que fixeron despois no ano 2013, unha vez modificada? Nomearon, entre outras cousas, presidente a Carlos Lesmes, un excargo do Goberno de Aznar. Tamén elixiron a maioría da Sala do Penal do Tribunal Supremo e, miren que casualidade, é unha sala onde se xulgan —¡que casualidade!— os delitos de corrupción, unha sala na que nese momento había doce maxistrados conservadores e catro progresistas e na que, baixo a presidencia do señor Marchena, se coñeceron asuntos como o caso Atutxa, as irregularidades do máster de Pablo Casado, a condena a Baltasar Garzón polas escoitas da Gürtell, ou os indultos do *procés*. ¡Que casualidade! (*Aplausos*.) Esa é a temática do Partido Popular, esa é a forma de actuar do Partido Popular: priorizar sempre os seus intereses particulares; facíano antes e agora ségueno a facer. As maiorías existentes dende 2019 non lles conviñan e, polo tanto, vostedes queren mudar as regras do xogo. E, mentres ¿que fan? Pois bloquean, sen importarlles nada que este bloqueo que estamos a sufrir afecte gravemente o funcionamento da Administración de xustiza, impactando directamente na cidadanía, xa que están a provocar que haxa vacantes sen renovar, demoras nos procesos xudiciais e unha maior carga de traballo para os xulgados.

O Tribunal Supremo neste momento áchase minguado con máis dun 30 por cento dos seus efectivos, e iso fai que algunhas das súas salas estean colapsadas. Trátase dun maquiavélico plan do Partido Popular, que vulnerou durante estes catro anos a soberanía popular. Non aceptan vostedes a vontade maioritaria da cidadanía dun país con maioría progresista. ¿Por que, señorías? En democracia hai que asumir a vontade da cidadanía, aínda que non lles guste. Recoñézano, señorías do Partido Popular, non gobernan dende o ano 2018 e, novamente, tras o resultado do mes de xuño, tampouco van volver gobernar durante, como mínimo, estes catro anos. Casualmente —como dicía ao inicio—, este bloqueo sempre acontece cando vostedes están na oposición, porque o problema é a súa concepción patrimonialista da xustiza, do poder e de España; a concepción de que España é do Partido Popular, de que España é da súa propiedade. Non aceptan as regras do xogo democrático, só as aceptan cando lles serven para manterse no poder e, cando non, modifícanas —ou inténtanas modificar—, porque cren que, se non ocupan o poder, ese poder é ilexítimo.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Durante todo este tempo, o Partido Popular sostivo como refén o Consello Xeral do Poder Xudicial, chantaxeou a democracia, sede da soberanía popular, e non cumpriu nin coa lei nin coa Constitución. Se non cumpren as súas exixencias, vostedes preténdenas mudar, como ese neno pequeno ao que se non lle gusta o xogo colle o balón e lévao. Iso é que o fixo o Partido Popular a través dunha estratexia —dicía antes— maquiavélica, porque o que pretendían vostedes era gañar tempo ata as seguintes eleccións e, despois, convencidos de que gañarían cunha maioría suficiente para poder renovar con esa maioría absoluta o Goberno dos xuíces, faríano. Pero non foi así, e o Partido Popular foi incapaz de obter na Cámara o apoio suficiente que lle permitiría gobernar. Así van estar os próximos catro anos: na oposición. Asúmano e acépteno, (*Aplausos.*) e comecen por non seguir instrumentalizando as institucións; porque a situación na que nos atopamos non só é unha anomalía democrática —como dicía ao inicio—, unha anomalía constitucional, senón que tamén debilita o funcionamento das institucións e degrada a calidade democrática.

Os resultados acadados nas urnas o pasado mes de xullo polas diferentes forzas políticas representan a vontade da cidadanía española e ten que ser reflectida nesa nova renovación. A vostedes enchéselles o peito cando falan de España; enarbóranse en bandeiras. Dean mostra, polo tanto, dese españolismo e cumpran a Carta Magna. Iso é que lles pedimos nesta iniciativa: rexeiten o incumprimento da Constitución e da Lei orgánica do poder xudicial; cesen con ese bloqueo; manifféstenlles aos grupos políticos con representación nas Cortes a obriga do cumprimento inmediato desa Carta Magna; e non sigan vostedes con escusas. Cumpran a lei e a Constitución —como lle dicía ao inicio—.

E xa máis nada, por agora. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señor presidente, señorías.

Vaia por diante o noso voto favorábel. A nosa emenda entendemos que non desvirtúa senón que amplía incluso o que é a iniciativa, pero fagan o que queiran, acéptena ou non, nós votaremos a favor. En todo caso, gustaríame facer unhas reflexións, e agardo que me dea tempo.

En primeiro lugar, a separación de poderes nun Estado social de dereito non implica que os tradicionais poderes —lexislativo, executivo e xudicial— sexan departamentos estanco, carentes de controis recíprocos ou de contrapesos. O poder executivo está sometido ás leis e, aínda que non o pareza e a Xunta de Galiza non o cumpra moito, ao control político tamén. Tamén ao control do poder xudicial, encargado de administrar xustiza en nome do pobo soberano, do que emanan os poderes do Estado e que está representado polos parlamentos.

Asemade, a independencia do poder xudicial tampouco significa a ausencia de control e de regulación. A independencia do poder xudicial ten dúas vertentes: unha externa e outra interna. Esta segunda refírese á protección fronte a presións, ameazas, ordes ou instrucións

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dende dentro que pretendan condicionar ou influír nas decisións xurisdicionais, nos asuntos que coñezan ou mesmo na distribución dos asuntos que coñezan, nas sancións disciplinarias, evitando a súa arbitrariedade, no acceso á Administración de Xustiza ou nos ascensos que se produzan, sempre por razóns obxectivas e transparentes. Igualmente, a independencia do poder xudicial exixe evitar a contaminación por presións ou influencias externas, tanto dende as institucións como dende os poderes mediáticos, políticos ou económicos, garantindo que o exercicio da xurisdición non estará condicionado por outras cousas máis que a estrita legalidade.

Segundo, neste Estado, como instrumento —que nin é o único nin o principal— para que o goberno do poder xudicial salvagarde a súa independencia no exercicio da maxistratura optouse pola creación dun órgano propio: o Consello Xeral do Poder Xudicial; órgano que non existe en todos os estados, nin sequera en todos os estados europeos, nin sequera en todos os estados da Unión Europea; órgano que, naqueles estados nos que existe, non en todos ten as mesmas funcións, nin ten idéntica composición, nin son iguais as normas do seu funcionamento, nin tampouco as normas de nomeamento dos seus membros.

O certo é que na Unión Europea non existe norma que impoña a creación dun órgano específico para o goberno do poder xudicial. Na Unión Europea non existe a exixencia de que teñan que ser os xuíces ou as xuízas as que escollan os integrantes dese órgano, nin en todo nin tampouco nunha parte maioritaria ou menos maioritaria. Non existe tal imposición na Unión Europea nin tampouco ningún pronunciamento do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que diga outra cousa.

Para efectos ilustrativos do que veño de dicir, indicar que, por exemplo, o Consello de Venecia, un órgano consultivo do Consello de Europa en materia de dereito constitucional, por exemplo nun informe de 2007 recoñece que en Europa non existe un modelo único para os nomeamentos xudiciais, considerando que será o grao de consolidación dos valores democráticos o que deberá determinar a existencia dun órgano de goberno do poder xudicial propio, sendo máis recomendábel naqueles estados que non teñan unha tradición democrática consolidada. Xa que logo, a xuízo deste grupo de expertos, o risco principal para a independencia xudicial non está tanto na existencia dun sistema, na existencia dun órgano de goberno dos xuíces específico, senón na ausencia de valores democráticos dese estado.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, previsto en 1978, está regulado esencialmente por unha norma de 1985, e ten como funcións esenciais —ás que xa se aludiu anteriormente— informar proxectos normativos, propor medidas de mellora da Administración de xustiza, a inspección dos órganos xudiciais e o exercicio do poder disciplinario e o nomeamento discrecional de maxistrados ou maxistradas para o Tribunal Supremo e dos presidentes dos tribunais e das salas.

É, sen dúbida, a atribución desta competencia —insisto: discrecional— para os nomeamentos dos membros dos principais órganos xurisdicionais e a carencia de valores democráticos o que, xa no ano 1996 e no 2008 —sempre, curiosamente co PP na oposición—, provocou o bloqueo da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. Mais nada comparable coa actualidade. O Consello actual, cun mandato, como xa se aludía anteriormente, previsto para cinco anos e non renovábel, vai cumprir dez anos.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O bloqueo na renovación provoca que un trinta por cento das prazas do Supremo estean vacantes e sen cubrir; que sete presidencias de tribunais superiores de Xustiza estean vacantes e sen cubrir; que vinte prazas de presidencia en audiencias provinciais estean igualmente vacantes; e que nas salas do Social e no Contencioso estean a ditarse 1.230 — aproximadamente— resolucións menos cada ano.

Este bloqueo institucional non só está comprometendo o funcionamento da Administración de xustiza en todas as instancias, senón que tamén está transmitindo unha imaxe preocupante, tanto no interior como no exterior do Estado, da calidade do sistema democrático. O informe do Greco —Grupo de Estados contra a Corrupción— cualifica como de preocupación crítica o bloqueo da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. O informe de 2023 —e tamén os anteriores— sobre o Estado de dereito nos estados da Unión manifesta que a falla de renovación segue a ser preocupante. Só un trinta e catro por cento da cidadanía e das empresas cren que o nivel de independencia xudicial é bo ou moi bo; é o nivel máis baixo dos últimos anos, só foi inferior no 2016.

A situación de deterioración e degradación da imaxe institucional era tan grande que ata o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, persoa por certo vencellada a todos os ministros e ministras de Xustiza do Partido Popular, decidiu dimitir.

Durante estes anos as desculpas para xustificar o bloqueo da renovación do órgano do Goberno dos xuíces e das xuízas foron múltiples e diversas, empezando por vetos persoais, seguindo por impor reformas legais, ou por exixir a non realización de reformas legais sobre materias que nada teñen que ver co Consello Xeral do Poder Xudicial.

O certo é que o sistema de elección actual é esencialmente o de sempre; o aplicado no 1980, non o previsto senón o aplicado no 1980, pero, dende logo, o vixente dende 1985, en virtude da denominada emenda Bandrés —en lembranza de que foi plantexada polo daquela deputado de Euskadiko Ezkerra Juan Mari Bandrés—, que segue a ser o mesmo dende 1985.

Este sistema de elección foi conservado polas diferentes reformas, tanto a de 1996 como a de 2001, como á que se aludía anteriormente do 2013, coa maioría absoluta do Partido Popular e, por certo, sen ningún voto a favor de ningún grupo parlamentario ou organización política. É dicir, este precepto, este sistema de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, foi tocado en diferentes ocasións mais, dende 1985, nunca, para establecer un sistema esencialmente diferente ao que rexe na actualidade.

Realmente, ¿cales son as razóns para a non renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial? Pois penso que a mellor maneira de ilustralo é lembrar esas manifestacións do daquela voceiro do Senado do Partido Popular, o señor Cosidó, cando dicía «*imos controlar a Sala Segunda dende atrás*», presidindo a Sala do artigo 61. A Sala do artigo 61 é unha sala especial do Supremo que decide, por exemplo, sobre a ilegalización de partidos políticos ou sobre a responsabilidade de altos cargos da xudicatura. Penso que esta expresión, esta manifestación de quen segue a ser cargo de confianza do Partido Popular, ilustra abondo as razóns deste bloqueo. Se non, en todo caso, tamén serían ilustrativas as conversas entre o exministro Zaplana e o expresidente da Comunidade de Madrid, o señor Ignacio González —en ambos

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os casos coa condición de imputados—, ou tamén as do excomisario Villarejo co —tamén imputado— exministro Fernández Díaz.

Esas son realmente as razóns para o bloqueo institucional deste órgano de goberno dos xuíces. Mais a realidade é que o sistema actual non condiciona a independencia do poder xudicial. Iso si, exixe de convicciónns democráticas e de respecto institucional, e de acreditar realmente na necesaria independencia xudicial. Noutro caso, se non temos esas convicciónns democráticas ás que aludía a Comisión de Venecia, se non temos ese respecto institucional e se non acreditamos realmente na necesaria independencia do poder xudicial, poderán uns e outros seguir negociando por atrás cotas que sirvan para perder a credibilidade das altas instancias xudiciais a cambio de controlar, pola porta de atrás, os nomeamentos do Tribunal Supremo.

Por certo, do Tribunal Supremo eu estou convencido de que non atinxe nin á Sala do Social, nin á Sala do Militar, nin á Sala do Civil, senón á Sala Segunda, na que se substancian os delitos por corrupción dos aforados e das aforadas; é dicir, que amigos e amigas xulguen a amigos e amigas. Tamén controlan a Sala Terceira, na que se revisan os grandes contratos, proxectos administrativos ou concesións a empresas, ou tamén as concesións ou as prórrogas destas concesións a empresas onde se sentan ilustres exdeputados e exministros do Partido Popular.

En suma, polo respecto aos máis elementais principios democráticos cómpre o desbloqueo da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, previo consenso dos grupos parlamentarios. Isto ten que ser negociado nos grupos parlamentarios e non co Goberno, porque así o establece este sistema. Non pode ser unha negociación do Goberno cun grupo parlamentario, ou dun grupo parlamentario co Goberno, senón que ten que ser unha negociación entre grupos parlamentarios, porque a iniciativa corresponde ao Congreso e ao Senado. En suma, o bloqueo é unha expresión ben de principios democráticos ben da súa ausencia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Supoño, señor Tabarés, que xa se porían en contacto co señor Rego para proceder a esta renovación, talvez nolo poida confirmar vostede.

Señora Castro, as miñas primeiras palabras non llas vou dicir como deputado, voullas dicir como profesional, como letrado que empezou a súa carreira por certo exercendo de pasante nun despacho de Pontevedra —do que conservo excelente recordo—. Entre as múltiples

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

barbaridades que dixo vostede hoxe, teño que recordarlle que o xuíz instrutor que imputou ao señor Garzón foi un fundador de Jueces para la Democracia; un señor que tivo unha traxectoria impecable de vinte e tres anos como maxistrado na Audiencia Provincial de Pontevedra antes de ir ao Constitucional, e chamábase Luciano Varela. Vostede hoxe arrastrou o seu nome por aquí deslizando que actuou por intereses espurios. Eu creo que debería, primeiro, avergoñarse e, despois, desculparse aquí publicamente cun xuíz exemplar como Luciano Varela *(Aplausos.)*. É lamentable o que vostede acaba de dicir. Eu non me atrevería a volver a Pontevedra despois do que dixo vostede aquí; dígollo moi sinceramente. Xa lle pode dar a risa, sobre todo cando vexa o señor Varela ou algúns dos seus múltiples alumnos.

Eu, señorías, creo que todos, todos os grupos representados nesta Cámara temos expresado en distintas ocasións a nosa vontade de que se normalice a situación da Xustiza en España, e tamén de que se leve a cabo un proceso para a súa despolitización, perfeccionando así o principio de separación de poderes expresado na Constitución. Polo tanto, nós compartimos o acordo que vostedes someten hoxe á aprobación do Parlamento de Galicia, pero o que non compartimos son as descaradas, lamentables e vergoñentas falsidades que contén o expositivo da súa PNL.

Eu creo, señoría, que, cando se solicita o cumprimento dun precepto constitucional, conviría coñecer, en primeiro lugar, o contido dese precepto e, en segundo, a quen lle corresponde dar cumprimento. Como fala vostede do 122 —supoño que se refire ao 122.3 da Constitución—, eu dou unha lectura: «*El Consejo General del Poder Judicial estará integrado por el presidente del Tribunal Supremo, que lo presidirá, y por 20 miembros nombrados por el Rey por un período de cinco años. De estos, 12 entre jueces y magistrados de todas las categorías judiciales en los términos que establezca la ley orgánica, 4 a propuesta del Congreso, 4 a propuesta del Senado, elegidos en ambos casos por mayoría de tres quintos de sus miembros*».

Se vostede, ademais, le —que creo que non o fixo— a Lei orgánica do poder xudicial, que, efectivamente, é a que fixa cal é o método para esa elección —esta é a instrución do presidente do Consello que dá lugar ao comezo da renovación: *(O señor Pazos Couñago amosa un documento.)*—, o artigo 568 da Lei orgánica do poder xudicial establece o seguinte: «*El Consejo General del Poder Judicial se renovará en su totalidad cada cinco años, contados desde la fecha de su constitución. Los presidentes del Congreso y del Senado deberán adoptar las medidas necesarias para que la renovación del Consejo se produzca en plazo*».

Polo tanto, da lectura da Constitución extraemos que hai que renovalo, por maioría de tres quintos, e da lectura da Lei orgánica do poder xudicial a quen corresponde impulsar o proceso de renovación, que é aos presidentes das cámaras. Estaría moi ben, por certo, que falasen coa señora Armengol para que así puxese fin a ese lamentable secuestro do Congreso dos Deputados e, ao mellor, ponse a traballar para lograr o que vostedes hoxe están reclamando aquí. A día de hoxe non se poden iniciar as conversas no Congreso porque vostedes o teñen pechado a cal e canto. *(Aplausos.)*

Dicíame o señor Tabarés: dende o 2018. Pois ten razón, ¡ten razón! Decembro do 2018, señor Tabarés, que foi cando caducou o mandato. Ana Pastor... *(Murmurios.)* Si, foi en decembro.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Eu pediría un pouco de respecto, ademais dun pouco de rigor. O do rigor xa sei que é complicado, pero polo menos —como dixo unha compañeira súa— unha certa calidade na escoita, ¿verdade? Efectivamente, Ana Pastor foi presidenta do Congreso cinco meses, Meritxell Batet cincuenta e un e Francina Armengol tres meses. Probablemente a culpa foi dos cinco meses de Ana Pastor. No Senado, se queren: Pío García-Escudero, cinco meses; Manuel Cruz, sete; Pilar Llop, dezanove; Ander Gil, vinte e cinco; Pedro Rollán leva tres. Claro, será problema dos do Partido Popular. Cincuenta e catro meses contra cinco e cincuenta e un meses contra oito, pero a responsabilidade é do Partido Popular.

Mire, levamos moitos anos escoitando como responsabilizan vostedes o Partido Popular da non renovación do Consello Xeral, e do colapso no que se atopa o Tribunal Supremo e outros moitos tribunais e xulgados. Faime graza porque din: o PP bloquea cando está na oposición. ¡Home!, é o equivalente a dicir que o PSOE bloquea cando está no Goberno, ¿verdade? Non sei se se dá vostede conta disto, pero o certo... *(Murmurios.)* Non, non, dígoo porque miren, señorías, imos falar de matemáticas, un momentiño só. A Constitución establece que resulta necesario acadar un acordo de tres quintas partes das Cortes para renovar o Consello Xeral do Poder Xudicial. *Sensu contrario*: son necesarios 141 escanos para bloquear a renovación; é un exercicio básico de matemática. Nas últimas catro lexislaturas, nin un só grupo tivo representación suficiente para nomear *per se* un novo Consello Xeral do Poder Xudicial e ningún grupo tivo representación suficiente para bloquear esa renovación, ¡ningún!

Pero, como parece que teñen vostedes algunha dúbida ao respecto, se queren recórdolles os escanos: Partido Popular, lexislatura actual, 137, non alcanzamos os 141 —¡xa me gustaría!—; na anterior, 88 escanos —estou aquí, señoría, que parece que anda un pouco perdida—; na anterior, 66 escanos..., *(Murmurios.)* non, non, 66 escanos; e na anterior, 134 escanos. ¡Home!, señoría, *(Murmurios.)* ¿que non minta no número de escanos?, ¿estanmo dicindo en serio? Eu creo que deberían levantarse, saír e pedirlle perdón á xente, ¡dígollo de verdade! É que, se xa non saben nin o número de escanos que ten cada grupo no Congreso, non sei de que estamos falando aquí. *(Protestas.)* ¿Pero imos discutir que temos 137 escanos? ¿Imos discutir isto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. ¡Silencio, por favor!

O señor PAZOS COUÑAGO: Como me pediron que contase o chiste, pídolle eu que me explique o chiste: ¿como podemos ser responsables dun bloqueo sen ter o número de escanos imprescindible para bloquear? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero explíqueo, é que as matemáticas son sinxelas. ¿Pódemo explicar? ¿Como sen 141 escanos podemos ser os responsables do bloqueo dunha institución que precisa de 141 escanos para ser bloqueada? É a trola permanente, señorías.

Pero, sendo certo —porque é certo— que a responsabilidade do bloqueo é compartida —porque é compartida—, o bloqueo dos nomeamentos nos órganos xudiciais é responsabilidade exclusiva do Partido Socialista e dos seus socios. O bloqueo das salas e tribunais prodúcese porque vostedes, señorías, decidiron modificar a regulación do Consello Xeral do Poder Xudicial para impedir que fixera, primeiro, ningún

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nomeamento; esa foi a primeira modificación. A segunda modificación fíxose para levantar especialmente ese bloqueo e poder nomear dous membros, por parte do Goberno, do Tribunal Constitucional: un ministro do Goberno de Sánchez e unha directora do seu gabinete. Por certo, o terceiro membro, que é o que ten que nomear o Senado, segue sen nomearse. ¿Por que será? ¿Quen está bloqueando que e quen ten a cara máis dura que a espalda? *(Aplausos.)* Señorías, son dúas reformas consecutivas para atender exclusivamente ao interese partidista do Partido Socialista e dos seus socios.

Mire, señoría, o principal obstáculo para a renovación do Consello Xeral é a desconfianza xerada por un partido que ten amosado, en moitísimas ocasións, unha desmedida ansia para manipular a Xustiza no seu interese.

Entre os moitos bochornos nos que incorreu hoxe, hai un que non podo deixar pasar. Dixo vostede que o cambio de elección foi co Goberno de Mariano Rajoy. Señoría, foi no 1985 cando un Goberno socialista cambiou a elección dos doce membros, que se facía entre os xuíces e polos xuíces, para ser elixidos polo Congreso e polo Senado. Recordarán vostedes o evento porque se fixo moi famoso por unha frase dun vicepresidente socialista que dixo aquilo de: *Montesquieu ha muerto*. E ¿vostedes veñen aquí a retorcer e a mentirlle descaradamente á cidadanía imputando esa responsabilidade a Mariano Rajoy? Pero ¿de verdade que non lles cae a cara de vergoña? A min caeríame, dígollelo de verdade.

Mire, sen dúbida os partidos maioritarios temos incorrido en erros no pasado, iso non o vou negar, e debemos asumir a nosa responsabilidade, temos que asumila. Pero ningún Goberno, de ningunha cor, en ningún momento, amosou a voracidade do Executivo do señor Sánchez para colonizar a Xustiza e convertela nun instrumento ao servizo do poder, ¡ningún! ¿Queren exemplos? Nomeamento dunha ministra como fiscal xeral do Estado; modificación da primeira lei para bloquear nomeamentos xudiciais; segunda modificación *ad hoc* para nomear os membros do Tribunal Constitucional; unha tentativa lexislativa de rebaixa da maioría para a renovación, que querían renovar de 210 a 176 —esa é a renovación que queren facer vostedes—; a eliminación do delito de sedición; os indultos aos sediciosos en contra do criterio do Tribunal Superior; a rebaixa do delito de malversación favorecendo a corrupción; e esa lei da impunidade que están sacando adiante á que vostedes lle chaman lei da amnistía. ¿E vostedes veñen aquí a dar lecciónns de independencia xudicial? Póñanse colorados, por favor, ¡póñanse colorados! *(Aplausos.)*

Miren, señorías, se do que se trata é de pactar para reforzar a nosa Xustiza e a súa independencia, poden contar con este partido, pero para interpretar a Constitución á conveniencia, para modificar delitos á carta, para nomear como xuíces membros do Goberno, e para alterar as maiorías para elixir o poder xudicial, non conten con nós. Asegúrolles que este partido vai poñer todo o que estea na súa man para que este país non se converta na república bolivariana de España; asegúrolles que nos van ter en fronte. *(Murmurios.)* Rinse moito, rinse moito. ¿Sabe cal foi a primeira reforma lexislativa do presidente Chávez? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cambiar a maioría de elección dos membros do Tribunal Superior de Justicia de Venezuela, os cales ampliou de 22 a 30, rebaixando dunha maioría necesaria de tres quintos a maioría absoluta. Exactamente o mesmo que queren facer vostedes. ¿Sabe cal foi a consecuencia?

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Dígollela eu. Un estudo realizado por un avogado, Antonio Canova, que está publicado no libro «*El Tribunal Superior de Justicia al servicio de la revolución*», determinou que de 45.474 sentenzas emitidas polo máximo tribunal ningunha foi ditada contra o Goberno. Esa é a Xustiza á que aspiran algúns.

Nós temos confianza en que a sociedade española e as institucións europeas paren este desatino, porque lles recordo que os mesmos que asesoraban ese Goberno chavista son os que están gobernando con vostedes no Goberno de España. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa sei, señora Rumbo, que a vostede lle dá igual, pero para o cidadán medio é algo enormemente preocupante.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor Pazos, pensei que os mesmos que asesoraban ese Goberno chavista foron os que asesoraban no ano 2013 a Gallardón. *(Aplausos.)* Pensei que foran eses, por esa reforma que fixo á medida da Lei orgánica do poder xudicial.

Mire, vostede é de letras puras, ¿non? *(Murmurios.)* Pregúntolle unha cousa, señor Pazos, se quere despois pode... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, silencio, hai que saber encaixar tamén por estes lados; hai que saber encaixar tamén. Non, silencio, a vostede escoitárono con respecto. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, a miña obrigación é protexer a quen ten o turno.

A señora CASTRO REY: Eu non dixen nin unha palabra, con respecto e atónita escoiteino eu.

Mire, vostede é de letras puras —preguntáballe antes—, porque eses cálculos que fai vostede...; pois revise un pouco as matemáticas porque eses cálculos... Estamos a falar da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, que require as tres quintas partes de cada unha das Cortes, e está a falar de que o Partido Popular non ten nada que ver cando no ano 2019 era a segunda forza política con 89 escanos de 350. Faga as contas, pode utilizar os dedos. ¡É que está vostede de broma! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Dígame vostede unha cousa. Agora estamos a falar de que o Partido Popular non ten nada que ver, ¿non?, de que non vai con eles. Esa é unha nova escusa do Partido Popular, a escusa número vinte e un. Dicía na miña anterior intervención que eran vinte escusas, que aparecían nun xornal, as que puxera o Partido Popular nestes cinco anos de bloqueo, ¿non? Pois agora

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vén a escusa número vinte e un: nós non temos nada que ver, pasabamos por alí —como di a canción tamén—.

¿Por que non plantearon vostedes esta reforma da que falaban —que era a escusa número vinte— entre os anos 2011 e 2015, cando si que tiñan esa gran maioría absoluta de 186 deputados? —¡onde quedaron!—. Pois moi sinxelo: porque isto que fan vostedes agora, o que fixeron antes, e todas as dezanove anteriores son escusas falsas, oportunistas e enganosas; porque vostedes o que son son xenios da linguaxe para non dicir unha verdade.

Vostedes falaron no seu día de precariedade, por non dicir abusos laborais; de sobrecustos, para non falar de pelotazos; ou de reformas estruturais, para non falar de recortes. E agora, o que din é que hai que fortalecer a independencia xudicial, en vez de dicir seguir controlando a Xustiza, que é realmente o que vostedes queren. *(Aplausos.)*

Pero onde si o din é en privado; vostedes en privado por Whatssap si que o recoñecen, e todo o mundo sabe que cando ti mandas unha mensaxe por Whatssap perdes o control da mesma, e así foron coñecidos whatsapps que dicían cousas como «*El único acuerdo que queremos es el que nos garantiza*» —en castelán estaba— «*el control conservador de la Justicia*», ou «*La Fiscalía te lo afina*», que o dixo o seu ministro de Interior, ese exministro para o que piden quince anos de prisión e aínda forma parte do Partido Popular. Tamén unha famosa mensaxe de Mariano Rajoy a Luis Bárcenas dicindo: «*Luis, hacemos lo que podemos. Sé fuerte*». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ou esa famosa mensaxe á que facía referencia o voceiro do BNG do señor Cosidó, presidente da Sala Segunda do Tribunal Supremo, que motivou a dimisión do señor Marchena, quen despois volveu, pero que motivou no seu día a súa dimisión. 1.784 días dende o 4 de decembro de 2018. ¿E saben que pasa? ¿Saben de que vai todo isto? Pois de que vostedes nunca souberon perder, de que vostedes non aceptan nunca o mandato das urnas, salvo que os beneficie, claro.

O seu proxecto é un proxecto de bloqueo, pero tamén de destrución das conquistas sociais; é un proxecto de bloqueo institucional e de derrogación, como xa dixo o señor Feijóo. Vostedes cando gobernan utilizan as cloacas do Estado, como xa se demostrou, para atacar os seus adversarios políticos, destrúen probas e tapan casos de corrupción para extorsionar. E cando non gobernan, o que pretenden é facer isto mesmo pero a través de *fake news*, por vías ilexítimas, con mentiras, axitando o odio ou bloqueando as institucións como están a facer agora co Consello Xeral do Poder Xudicial.

Teñen que aceptar a mensaxe que a cidadanía emitiu co seu voto nas urnas. Teñen que aceptar a mensaxe da cidadanía, porque a democracia se basea niso, na soberanía popular, e con ese principio lexitímanse as institucións e renóvanse despois das eleccións. E así tamén pasa no Congreso, pasa no poder xudicial e tamén no Goberno do Estado. Comezamos unha nova lexislatura, non sigan a subverter este principio fundamental da democracia. Vostedes, que se presentan —como dicía na miña intervención— como demócratas e como defensores da Constitución, da independencia xudicial e da neutralidade das institucións, actúen en consecuencia e non sigan co cinismo.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, xa non me queda tempo, pero falaba vostede da Unión Europea, e eu fálolles do que dixo o señor Reynders, comisario europeo, do seu grupo, do Grupo Popular europeo, que lles dicía que o que urxía non era a renovación do sistema senón a renovación do Consello. Polo tanto, actúen de forma consecuente.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. ¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda? *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Non. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación cos plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) á vista das recomendacións do Tribunal de Contas Europeo neste eido

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1. Que reconsidere a súa decisión sobre a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia e que se sente a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha norma que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o Estatuto de Autonomía, xa que ademais pon en perigo o recoñecemento do uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral.

2. Que atenda ás solicitudes feitas desde Galicia en relación aos Plans de Ordenación dos Espazos Marítimos (POEM), como son incorporar información máis detallada dos caladoiros existentes e non unha delimitación xeral, e aclarar cando ten previsto establecer o marco normativo e a convocatoria das poxas de lámina de auga.

3. Que aposte por afondar no grao de coñecemento fomentando estudos sobre as afeccións da eólica aos medios mariños e os impactos socioeconómicos».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boa tarde a todos e a todas.

Señorías, no mes de abril deste ano o Bloque Nacionalista Galego trouxo a este pleno unha proposición non de lei tamén que, entre outras cousas —non era a única cuestión—, pedía a retirada inmediata dos POEM, que foran aprobados polo Goberno do Estado no mes de febreiro. Ben, xa daquela, naquel momento, no mes de abril, diciamos que a implantación da eólica mariña, nomeadamente a implantación da eólica mariña nas costas galegas, estaba, xa naquel momento, no debate público e, concretamente, no seo do sector pesqueiro, que, por certo, dende aquela e xa dende antes non só se mobilizou en varias ocasións, senón que ademais presentou recurso en contra dos propios POEM diante da xustiza; recurso que xa neste momento está admitido a trámite. Digo que naquel momento poñiamos enriba da mesa, evidentemente, a solicitude unánime do sector pesqueiro da retirada dos POEM, pero, ademais, eran os argumentos tamén polos que nós considerabamos que, efectivamente, debían retirarse. Falabamos de moitas cousas que agora non vou repetir aquí, pero si dalgunha. Falabamos, por exemplo, da afectación dos propios POEM ao sector pesqueiro e, baixo o noso punto de vista, dos efectos que poderían ter precisamente en comarcas costeiras, en comarcas enteiras do noso país. Falabamos —tamén naquel momento— de miles de empregos en risco; por certo, miles de empregos en risco que parece —polo menos naquel momento— que ao PP e ao PSOE non lles importaban, porque aparentemente xa ían vir centos e miles de postos de traballo relacionados coa industria eólica mariña.

Naquel momento, ningún dos nosos argumentos valeu para mover o seu posicionamento, nin o posicionamento duns, nin o doutros, senón de ambos os dous. Sinxelamente foi porque vostedes —insisto, o Partido Popular e o Partido Socialista— tiñan e teñen asumido que unha vez máis Galiza ten que ser o que decidan as grandes empresas do IBEX e os seus aliados nos gobernos de España e no Goberno da Xunta. Daquela, falabamos tamén da defensa dos nosos caladoiros —caladoiros afectados polos POEM, e estamos a falar de máis de cen caladoiros no Cantábrico-Noroeste—; falabamos da defensa dos ecosistemas mariños; falabamos de que o sector tiña que ter voz en todo este despropósito; da inexistencia de estudos e dun modelo enerxético que non pode seguir afondando, precisamente, no espolio e que non pode —coa lei vixente na man— cambiar así da noite para a mañá, como vai facer o propio Goberno galego na Lei de acompañamento destes orzamentos, que, como onte dixo a nosa portavoz de Economía, sen ningún tipo de rubor acaba de poñerlle unha alfombra vermella a toda a patronal eólica. *(Aplausos.)*

Pois hoxe, apenas seis meses despois daquela PNC solicitando a retirada dos POEM aos que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista votaron en contra —hoxe, digo—, vemos como xa son moitas as voces que cuestionan non só os propios POEM, senón que tamén cuestionan este modelo absolutamente arrasador do noso xeito de vida, de miles de empregos directos e indirectos e duns ecosistemas para os que non existen no día de hoxe os estudos suficientes para demostrar que non se van ver afectados pola eólica mariña. Dentro de todas esas voces, que cada vez son máis, criticando toda a actuación do Goberno de España e do Goberno da Xunta neste tema da eólica —en terra ou no mar—, aparece agora recentemente a propia do Tribunal de Contas Europeo, que aprobou no mes de xullo un —chámase así— Informe especial sobre a enerxía renovábel mariña na Unión Europea. Nese informe —que, por certo, se presentaba hoxe pola tarde no propio Parlamento

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Europeo— analízanse, entre outros, o caso do desenvolvemento da eólica mariña dentro do Estado español. Ese informe deixa claro que dende o punto de vista medioambiental e dende o punto de vista social e económico a eólica mariña no día de hoxe non é sostíbel. Isto é o que di —moi resumidamente, evidentemente— o informe do Tribunal de Contas Europeo. Non só non é sostíbel, senón que as repercusións da súa implantación non están suficientemente estudadas, e o informe fala abertamente da perda de postos de traballo no sector pesqueiro. Textualmente, entre outras moitas cousas, di: «Hai poucos estudos sobre as implicacións socioeconómicas do desenvolvemento destas tecnoloxías».

Curiosamente, e casualmente tamén, é o mesmo que nós, o Bloque Nacionalista Galego, dixemos aquí en varias ocasións. Curiosamente e casualmente, é o que vén dicindo o propio sector pesqueiro galego unanimemente nos últimos anos e tamén é o que acaba de dicir —moi recentemente— o informe que o Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña, o informe que serviu precisamente de base para o recurso que presentou a Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, recolle: que os principios de cautela e de precaución non se tiveron en conta e que non se analizaron os impactos ambientais, e tampouco os sociais e os de sostibilidade, dos que precisamente fala a legalidade vixente —que, por certo, tantas veces exiximos dende este Parlamento todos os grupos—, con decisións que se teñen tomado sobre o sector pesqueiro como, por exemplo, a famosísima decisión a respecto das oitenta e sete vedas á pesca de fondo ou, por exemplo, agora en debate ese famoso plan de acción que se quere poñer en marcha para ampliar aínda máis esas vedas e onde todos os grupos desta Cámara coincidimos —máis dunha vez— en que se necesitan máis informes e sobre todo en que se necesita que se respecten os principios de cautela e precaución.

Señorías, polo tanto, despois de todo este tempo, despois deste novo informe, tendo en conta outra vez —nós polo menos si a tivemos en conta— a petición do sector pesqueiro, agora o que se pon de manifesto a través deste informe do Tribunal de Contas é que demostra —baixo o noso punto de vista— que os POEM se levaron a cabo sen a información suficiente e sen analizar as consecuencias que pode ter a eólica mariña sobre os ecosistemas e a afectación do sector pesqueiro. Entón, volvemos traer a proposta. Nós entendemos que agora —despois de todo isto que acabo de explicar, deste informe que supoño que coñecerán— esta proposta pode ser aprobada aquí, hoxe, unanimemente. Sobre todo, non temos dúbida ningunha de que o Partido Popular vai apoiar a nosa proposición non de lei porque supoño que todos e todas vostedes viron e oíron —porque é imposible non velo ou non oílo— a defensa a ultranza que está a facer o Partido Popular do noso litoral.

Ben, pois o noso litoral para o Partido Popular é defender unha lei que eles aprobaron unilateralmente —logo falarei na seguinte quenda da emenda a respecto, precisamente, da Lei do litoral—, pero a defensa do sector do litoral para o Partido Popular non é, por exemplo, solicitar do Goberno do Estado que se retiren os POEM. Nós entendemos que é incoherente e, polo tanto, como nós sabemos dende hai moito tempo que o Partido Popular no seu conxunto e o Goberno do Partido Popular non teñen nada de incoherentes, igual que defenden o litoral —ou din que defenden o litoral coa súa Lei do litoral—, non nos cabe a menor dúbida de que tamén o van defender apoiando a petición unánime do sector pesqueiro galego agora cun novo informe do Tribunal de Contas Europeo, que pide —o sector pesqueiro e tamén o Bloque Nacionalista Galego— a retirada dos POEM aprobados polo Goberno de España en febreiro.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada de momento e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Teresa Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes, señorías.

Grazas, presidenta.

Galicia aspira a ser un referente no desenvolvemento da eólica mariña. É unha oportunidade con máis de mil douscentos millóns de investimento previsto en fabricación de aeroxeradores e a previsión de creación de oito mil postos de traballo. Porén, desde un primeiro momento, tivemos claro que este desenvolvemento requiría dunhas claras garantías de coexistencia e compatibilidade co medio mariño e coa actividade xa implementada, de maneira especial a actividade pesqueira. Esta postura sempre foi posta de manifesto ao longo de todas as alegacións que por parte dos diferentes organismos da Xunta de Galicia se fixeron á tramitación dos plans de ordenación do espazo marítimo, POEM. Así, aínda que cada organismo emitiu un informe desde o seu respectivo ámbito competencial, a idea que subxace en todas estas alegacións é precisamente a necesidade de asegurar unha coexistencia e unha compatibilidade. Así, antes de falar de proxectos concretos, queremos que o Goberno despexe todas as dúbidas tras aprobar os POEM, unha planificación que en ningún caso se levou a cabo desde un consenso real coa Xunta de Galicia, co sector marítimo pesqueiro ou coa industria en Galicia.

Consideramos que a maneira correcta de avanzar na eólica mariña pasa por un diálogo claro onde os sectores afectados poidan facer as súas achegas. Esta é unha intervención e un debate sosegado porque é moi importante; pensar no futuro é moi importante, e non se pode despachar cunha aprobación unilateral e sen ter en conta todo o que nos estamos xogando. Por iso, nós, na nosa comunidade, puxemos en marcha o Observatorio da Eólica Mariña de Galicia; unha iniciativa acollida con satisfacción polo Parlamento Europeo para detectar oportunidades e para combinar os usos do mar. Nesta proposición non de lei —como dicía a señora Pérez, xa presentada de forma moi similar hai meses— unha vez máis vemos como o Bloque Nacionalista Galego está en contra do desenvolvemento da eólica mariña e como unha vez máis entra nunha contradición. Por un lado, eríxense en defensa do sector industrial galego e, por outro, fagocitan ou boicotean todo tipo de alternativa enerxética necesaria e fundamental para cumprir coa normativa europea e para aproveitar os nosos recursos naturais.

Son necesarias as enerxías renovables porque as demanda o novo modelo industrial enerxético. Así, tras o peche das centrais térmicas da comunidade e o cambio a un mix enerxético con predominancia de renovables, Galicia debe facer fronte á perda de preto de dous mil megavatios de aquí en diante. Galicia precisa a implantación de novos proxectos eólicos, non só para garantir a viabilidade das novas industrias que se queren implantar en

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia, que precisan dunha importante cantidade de enerxía, senón tamén para asegurar o futuro da industria instalada e evitar a súa deslocalización. Perante este contexto, logo da imposición do Goberno de España —que aproba os POEM sen consultar—, cobra importancia a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, lei que o mesmo Goberno que ignorou a Galicia para aprobar os plans recorreu ao Constitucional o pasado 10 de outubro.

Máis agravios a Galicia, máis desprezo a Galicia, máis discriminación e desigualdade entre comunidades autónomas por parte da ministra Ribera e do propio presidente en funcións, Sánchez. Nós emendamos para que se reconsidere esa acción con respecto á lei porque ten moito que ver co tema e moito que ver coa actitude do Goberno de Sánchez e co futuro de Galicia e co futuro dos galegos. A lei, ademais de recoller xa no título preliminar, no artigo 3.g) —leo literalmente— «o apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia» entre os seus fins, recolle os instrumentos de ordenación do litoral e regula dous plans de ordenación: para os espazos terrestres e para os espazos marítimo-terrestres.

En relación cos espazos mariños, o artigo 25 regula o Plan de ordenación mariña nos seguintes termos:

Punto 1: «No marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan de ordenación mariña é o instrumento básico de ordenación dos espazos mariños do litoral de Galicia, que se elaborará no marco da estratexia de economía azul prevista nesta lei para ordenar as actividades humanas que se desenvolven sobre o medio mariño co fin de acadar os seguintes obxectivos:

a) Fomentar o crecemento da economía do mar, o desenvolvemento do espazo marítimo e o aproveitamento dos seus recursos mariños, sen menoscabo da conservación, da protección e da mellora do medio ambiente, incluída a resistencia para os efectos do cambio climático.

b) Priorizar e garantir, dentro da ordenación dos espazos mariños, a pesca, o marisqueo, a miticultura e a recolección de algas mediante a adopción de todas as medidas necesarias para o crecemento da súa potencialidade como unha actividade económica e sociocultural fundamental, apoiando o seu desenvolvemento sustentable pola súa condición de usos prioritarios e estratéxicos.

c) Apoiar o desenvolvemento sustentable do sector enerxético con respecto á biodiversidade e á pesca, ao marisqueo e á acuicultura».

Polo tanto, creo que é moito máis importante do que vostedes cren —ou do que vostedes plantexan nos debates— que esta lei saia adiante e que poidamos, ademais, dende Galicia poder construír de cara ao futuro todo o que nos exixe a propia industria e a propia sociedade.

A norma garante a conservación da actividade pesqueira e a aposta polo aproveitamento das enerxías renovables, pero ao Goberno de España e mesmo ao Bloque Nacionalista Galego parece non interesarlles. ¿Onde queda o BNG? Porque parece que queda en terra de ninguén. Cando están ás portas de apoiar un goberno de Sánchez, de regalarlle un voto, ¿onde queda o Bloque Nacionalista Galego? Porque —insisto— a incongruencia da necesidade, agora e a

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

présa, de retirar os POEM, por unha parte de estar en contra da instalación da eólica mariña e por outra banda, como digo, pois enarborar e facerse defensores do sector industrial galego. ¿Onde queda o Bloque Nacionalista Galego con respecto ao Goberno de España, que non fai máis que desprezar Galicia?

Por este motivo, nós lamentamos que presentaran o recurso directamente sen iniciar antes un proceso de diálogo coa convocatoria dunha comisión bilateral na que limar as diferenzas, porque se poderían limar as diferenzas. Lamentamos que se baseen nun suposto informe do Consello de Estado do que nin o Goberno galego nin nós temos información. Lamentamos tamén que esperaran xusto ata o último momento para presentar o devandito recurso, dado que o prazo expiraba o pasado venres. E, a maiores, cómpre lembrar que a Lei do litoral non vai contra ninguén senón que responde á defensa dos lexítimos intereses de Galicia. E todo isto vai incluído nas decisións importantes deste Parlamento, nas decisións importantes do Goberno galego —insisto— con respecto ao futuro.

Pero o Goberno de España, o señor Sánchez e a señora Ribera, nese conglomerado de partidos pequenos, están pensando só unha cousa: intentar acadar os votos por encima de todo para conseguir formar un goberno.

Pero estes son realmente os intereses e o futuro de Galicia. É o que nos estamos xogando con estas decisións. De feito, ao longo da súa participativa tramitación nin o Observatorio do Litoral, nin o profesorado das tres universidades galegas, nin ningún dos expertos xuristas consultados lle viu trazos de inconstitucionalidade. Polo tanto, é unha medida totalmente electoralista, é unha medida totalmente para agraviar o Goberno da Xunta de Galicia.

Galicia ten plenas competencias para ordenar o seu litoral, tal e como recoñece o artigo 27 do seu Estatuto e como avalou o Consello Consultivo de Galicia e, antes del, o propio Tribunal Constitucional. A Lei de ordenación e xestión integrada do litoral púxose en marcha para poñer fin ás situacións incomprensibles que trataban de borrar toda presenza humana do litoral e aprobouse para aportar seguridade xurídica ás empresas. Polo tanto, estamos —insisto— tomando decisións electoralistas e partidistas nun momento concreto pero non velando polo futuro do sector industrial e das enerxías renovables de Galicia. Non o están facendo —os grupos da oposición— con responsabilidade. Desde Galicia non se entende a decisión do Goberno en funcións de recorrer a lei e de atacar as competencias de Galicia.

Por iso, nós incluímos esa emenda, ese punto na emenda, porque cremos que ten todo o sentido e que ten ademais toda a relación. En nome do sector e de toda Galicia, o que queremos transmitir é que non se trata dunha lei do PP, dunha lei partidista, senón dunha lei que persegue a xestión sustentable no ambiental e socioeconómico da costa de Galicia, realizada desde onde mellor se coñece a casuística, non que nos lexisle a señora Ribera, á que non lle importa nada Galicia e nin lle importa nada o sector pesqueiro nin os postos de traballo. E isto incluiría a ordenación dos parques de eólica mariña compatibles coa actividade pesqueira.

O despropósito que comete o Goberno central prexudica a economía de Galicia, a industria vencellada (a pesca xera preto de nove mil millóns de euros anuais), o emprego, pois é un sector que xera corenta mil empregos, e o desenvolvemento das zonas costeiras.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non é momento de pedir a retirada dos POEM, señores do BNG, sen ter en conta unha lei que permitiría que se escoitase a voz de Galicia e os galegos para desenvolver eses plans de eólica mariña, tendo en conta —como dixen e como lin nos artigos importantes— todo o que é a actividade pesqueira e a actividade mariña. É unha contradición e unha incongruencia.

Como digo, eu creo que hai que reconsiderar e hai que ollar e considerar a importancia desta lei, que agora está recorrida no Constitucional.

E falaba a señora Pérez —xa remato, presidente— de modelo arrasador con respecto á eólica mariña, pero nada di do modelo arrasador de Ribera coa Lei de cambio climático e con non aceptar esta lei que nós agora aprobamos en Galicia. ¿Que me di vostede tamén do modelo arrasador dos Verdes en Bruxelas cando lexislan por enriba de todos os intereses do sector pesqueiro? Iso gustaríame sabelo.

E aproveito, ademais, aquí dende esta tribuna, xa que fala vostede de informes europeos —e que a nós tanto nos interesan as decisións de Bruxelas e da Comisión de Pesca—, para felicitar o noso compañeiro deputado Francisco Millán Mon, que acaba de ser elixido vicepresidente da Comisión de Pesca da Unión Europea, *(Aplausos.)* por sorte para todos os galegos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

A iniciativa do Bloque Nacionalista Galego falaba de pedir basicamente a retirada dos POEM, pero a voceira do Partido Popular foi por outros derroteiros. Entón, eu teño que entrar a contestar esa falta, esa sarta de mentiras que se verteron por parte da voceira do Partido Popular.

A verdade é que están hoxe vostedes para falar de recursos ante o Constitucional, de invadir competencias e, sobre todo, de respectar e defender o noso litoral. Porque vimos de coñecer como o Tribunal Constitucional suspendía dous artigos que contiña esa Lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023, esas leis de acompañamento que presenta o Goberno galego nesta Cámara, sempre así pola portiña de atrás, con moito debate parlamentario para que case non se poida enterar a xente do que estamos a debater aquí. Claro, ¿que pretendían eses dous artigos que aprobou o Goberno galego e o Grupo Parlamentario Popular? Pois nin máis nin menos que limitar a quince anos para que as administracións puidesen actuar contra as construcións ilegais na costa. A lexislación estatal non fixa limitación temporal ningunha e abre a man a actuar contra esas construcións ilegais na nosa costa durante todo o tempo. O Partido Popular ¿que facía? Limitar que só as administracións puidesen facer

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esa actuación nun prazo de quince anos. Así é como defenden vostedes o noso litoral, ¿non? Non actuar contra as construcións ilegais na costa, rebaixar o castigo aos infractores. Xa o dicía un xuíz de Pontevedra hai uns meses e presentou un recurso de inconstitucionalidade, si, o Goberno central, porque se trata dunha vulneración das competencias estatais en materia de xestión do espazo marítimo-terrestre. E foi aceptado polo Constitucional.

Miren, vostede fala do recurso do Constitucional sobre esa Lei do litoral que aprobaron unilateralmente vostedes, sen diálogo, sen consenso, pola porta de atrás, nunha tramitación exprés. Seguen a mentir, porque a día de hoxe ningunha instalación, ningunha empresa do sector mar-industria corre perigo pola normativa estatal. Todas as prórrogas —repito unha e outra vez, parece que o Partido Popular non se entera—, todas as prórrogas de concesións solicitadas foron autorizadas polo Goberno central, só unha foi denegada, e ¿por quen foi denegada? Pola Xunta de Galicia.

Non están en risco os postos de emprego da cadea mar-industria da nosa comunidade autónoma, pero claro que poden estar, señora Egerique. Se o Partido Popular e a Xunta de Galicia seguen a xogar con lume e intentan cambiar, unilateralmente, as regras do xogo, poden provocar esa inseguridade xurídica na cadea mar-industria. *(Aplausos.)*

Sigan a xogar vostedes, sigan a xogar. Se queren volver ao diálogo, serán benvidos; se queren —queremos— ter as competencias en materia de ordenación do litoral, hai unha vía legal e segura, e moito máis rápida, e levámola reivindicando dende o PSdeG dende hai moito tempo. Ofreciámoslles a man tendida para esa reforma puntual do Estatuto de autonomía ou tamén para aquelas medidas contidas no artigo 150 da Constitución.

Estamos de acordo, claro que si, en que a competencia ten que vir para Galicia, pero emprazamos o Partido Popular e a Xunta de Galicia a volver ao diálogo, á cordura, ao sentidiño que tanto predican, para facer ben as cousas e garantir a seguridade xurídica. O que lle pedimos ao Partido Popular e á Xunta é que se senten a dialogar, que se senten a falar, porque hai unha vía segura para obter esa transferencia de ordenación do litoral cara a Galicia. Teñen que respectar a legalidade, negociar co Goberno para reclamar as competencias de forma concreta.

Dicíalle o outro día: non poden defender a Constitución pola mañá e incumprila pola tarde. Porque, por certo, non só o Goberno central viu vicios de inconstitucionalidade na Lei de ordenación do litoral, tamén o Consello de Estado, señora Egerique. Di que non teñen ese ditame do Consello de Estado, pídanllo á señora Sáenz de Santamaría, pídanllo tamén ao exministro Michavila, que está nese Consello de Estado e que tamén asinaron ese ditame que ve vicios de inconstitucionalidade. *(Aplausos.)* O Goberno central non presentou o recurso de inconstitucionalidade *motu proprio*, foi baseado nese ditame do Consello de Estado. Non mintan e non digan que non teñen acceso a ese ditame do Consello de Estado. *(Murmurios.)* ¡Claro! O Consello do Estado, os membros están nomeados por Pedro Sánchez. ¡Acabo de enterarme agora! ¡Dende logo! Ata teñen unha exvicepresidenta do Goberno.

Polo tanto, a vía da unilateralidade tomada pola Xunta é unha mostra máis de que, en realidade, non lles importa ter as competencias transferidas en Galicia. Están forzando a

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

confrontación co Goberno, que é a súa arma política para esconder a súa desastrosa xestión, unha cortina de fume, como falaba anteriormente a miña compañeira.

Miren, señorías do BNG, dicía a voceira do BNG, a señora Pérez, que imaxinaba que coñeceriamos ese Informe especial sobre a enerxía renovable e mariña da Unión Europea elaborado polo Tribunal de Contas Europeo. Claro que o coñecemos, está aquí. *(A señora Otero Rodríguez amosa un documento á Cámara.)* A que creo que non o coñece é vostede, porque ¿onde está esa recomendación da retirada dos POEM? ¡Dígame vostede onde están esas dúas recomendacións do final! Páxina 43, 44 e 45. ¿Onde está esa recomendación da retirada dos POEM? O informe —non minta, señora Pérez— do Tribunal de Contas Europeo —ademais, que non é vinculante— non fala desa retirada dos POEM. Se non, rétoa aquí a que veña no turno de réplica e que me diga onde está esa petición de retirada dos POEM. Eu entendo que é un posicionamento do BNG, lexítimo; están en contra da enerxía eólica mariña. Piden que a nosa costa estea libre da eólica mariña. Paréceme lexítimo, é un posicionamento político do BNG. Despois teranlles que explicar a moitas empresas, a moitos traballadores, sobre todo despois cando vaian a Alcoa, por exemplo, que piden ese prezo da enerxía competitivo que permita a propia empresa asinar unhas PPA, que permita ter un prezo da enerxía competitivo. Explíquenlles que están en contra de todo o tema da eólica mariña e de toda a eólica en xeral, que permitiría ter eses prezos da enerxía máis barata. *(Aplausos.)*

Pero ben, eu, como dicía, enténdoo, entendo que o BNG defenda ese posicionamento, incoherente, co que din unha cousa pola mañá e outra pola tarde, vale, pero veñan aquí e defendan: o Bloque Nacionalista Galego quere a retirada dos POEM. *(Murmurios.)* Pero non diga que está baseado no informe do Tribunal de Contas Europeo, porque non é verdade. Pero dígame, señora Pérez, dos 113 apartados que ten, das dúas recomendacións, ¿onde está esa solicitude de retirada dos POEM? Ademais, recomendación número 1: «Impulsar o desenrolo da enerxía renovable mariña.»; leva por título iso. Polo tanto, neste informe non baseen a súa petición, baséena na petición do Bloque Nacionalista Galego. Eu podo entender que incluso agora no do sector pesqueiro, porque ten recorrido ese documento dos POEM, pero non digan que está, porque toda a súa iniciativa —falo deste informe— está baseada neste informe e non é verdade o que vostede di.

O único que pode dicir este informe..., porque, claro, o Bloque Nacionalista Galego xa di que hai afectación e que hai unhas consecuencias desastrosas da eólica mariña, pero dío o Bloque Nacionalista Galego, e respéctoo, pero non o di o informe do Tribunal de Contas Europeo. Este informe o que di é que hai efectos medioambientais bos e malos da eólica *offshore* que aínda non son ben coñecidos. Aí nós concordamos con vostede en que ao mellor é necesario maiores informes. Pero vostedes, por un lado, piden maiores informes, pero xa saben cales son as conclusións deses informes. É que é abraiante.

Polo tanto, eu o que lle pido é que, se pedimos novos informes e despois neses informes se acredita, realmente, que hai ese desastre tan monumental que vostedes din, pois ao mellor temos que rectificar. Pero a día de hoxe eses informes non os hai, e iso é algo que está reflectido neste informe do Tribunal de Contas Europeo, pero non o que vostede din e no que se basea para pedir a retirada dos POEM.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, miren, non é o momento de pedir esa retirada dos POEM, porque suporía deixar España, e por ende, Galicia sen unha enorme posibilidade de desenvolvemento industrial que se pode e debe compatibilizar coa actividade pesqueira.

Ademais, retirar os POEM pode xerar tamén unha grande inseguridade ao sector pesqueiro, porque ante a ausencia deste documento dos POEM o mar estaría todo, todo, dispoñible para que calquera empresa de eólica mariña solicitara unha autorización para poder instalar estes parques de eólica mariña. O que fan precisamente os POEM é zonificar esas zonas, dicir que hai determinadas zonas nas que non se poderá instalar parques eólicos e que hai outras zonas potenciais para a instalación da eólica mariña. Iso é o que din os POEM. Precisamente iso dálle seguridade xurídica ao sector pesqueiro, dálle maior seguridade. Non, é mellor que todo o mar estea libre e aberto para a eólica mariña, que era o que acontecía. Non, señora Pérez, agora acoutáronse esas zonas, zonificáronse esas zonas. Podo concordar con vostede en que ao mellor é necesario volver sentarse, entre o sector pesqueiro, entre as administracións e tamén entre a propia empresa eólica.

Hai que sentarse, hai que dialogar, porque queda moitísimo desenrolo normativo aínda por diante, pero non é certo que só coa aprobación deses POEM se dea unha autorización inmediata para instalar eses parques de enerxía eólica. Van ser necesarias moitísimas autorizacións, moitísimos trámites medioambientais para poder instalar eses parques no noso mar. Precisamente, eses POEM acoutan determinadas zonas nas que será potencialmente aplicable esta eólica mariña e outras nas que non poderá estar.

Polo tanto, nós non concordamos con que haxa que retirar este documento, que, como dicía, tamén dota de maior seguridade xurídica. Concordo en que é o momento tamén de que se senten a falar co sector pesqueiro, porque ten que estar neste debate, non cabe dúbida, ten que estar o propio sector pesqueiro falando coas administracións implicadas na toma de decisións. Tamén co Goberno central e coa Xunta de Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Remato, presidenta. Pero pedir a retirada dos POEM, agora, é deixar todo nunha grande inseguridade xurídica. O que lle pido é que veña aquí e que defenda a retirada dos POEM porque é o que pensa o Bloque Nacionalista Galego, pero non busquen escusas de mal pagador, porque neste informe do Tribunal de Contas non aparece esa solicitude que vostede hoxe trae a debate.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para pechar. Por cinco minutos, ten novamente a palabra dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Otero, cando teña tempo, revise a miña primeira intervención, revise... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, eu tamén o teño alí, ¡eh!, *no lo tengo así con el cuadernillo*, que non me deu tempo, pero téñoo alí. Señora Otero, revise a miña primeira intervención, vólvaa escoitar e mire a ver o que eu dixen e o que dixo vostede. *(Aplausos.)*

Por outra parte, di a señora Otero que, claro, se non existisen os POEM, o sector pesqueiro —galego, entendemos nós— estaría perdido, absolutamente perdido, nun mar de inseguridade xurídica, porque agora o que fixeron os POEM, ergo, o propio Goberno de España, o que fixo foi zonificar, entón cadaquén sabe por onde ten que andar. E tanto zonificou o Goberno de España, tanto zonificou, que afecta nada máis e nada menos —por boca do sector pesqueiro galego— a máis de cen caladoiros onde os nosos barcos pescan. Iso si que é zonificar. *(Aplausos.)*

Non só iso, tanto zonificou que afectou nas costas galegas a miles de quilómetros, precisamente reservados para a instalación da eólica mariña; non sabemos moi ben onde está a zona para que pesque o sector pesqueiro galego. Nos POEM non aparecen, señora Otero, nos POEM non aparecen.

É máis, todo o mundo, aínda sen entender do tema, viu, en innumerábeis ocasións, na prensa, na tele, en todos os sitios, as zonas —esas das que vostede fala de que están zonificadas— que se reservan para a eólica mariña. De todo o Estado español, ¿onde se reserva máis? Precisamente onde hai un sector pesqueiro máis potente, que son as costas galegas. Iso é o que vén de zonificar o Partido Socialista e o Goberno de España.

O que acabamos de ver aquí, señorías, por parte do Partido Popular e do Partido Socialista é un exercicio de escapismo de libro, de libro. Presentamos unha proposición non de lei solicitando, señora Otero, non porque o diga o informe, en base a ese informe solicitando a retirada dos POEM, e a señora Egerique e a señora Otero póñense a falar da Lei do litoral, unha Lei do litoral, por certo, que acaba de ser suspendida polo propio Tribunal Constitucional. Que conste, que conste que a postura do Bloque Nacionalista Galego é absolutamente clara. Por un lado, temos un Partido Popular que vén hoxe, hoxe aquí nesta tribuna, a defender as competencias de Galiza despois de catorce anos sen pedir nin unha. *(Aplausos.)* Por un lado, temos o Partido Popular que converte a Lei do litoral *pues en su Cid Campeador*, ou xa non sei moi ben en que, e, por outro, temos un Partido Socialista que di que vai ser o BNG o que lles teña que explicar ás empresas por que non imos ter enerxía máis barata. ¿De que planeta está falando, señora Otero, de que planeta? Porque en Galiza temos absolutamente en terra todo o noso territorio espoliado e seguimos pagando o mesmo que pagan noutras zonas do Estado onde non teñen nin un muíño, señora Otero. *(Aplausos.)* É que o mínimo que tiña que facer era ter un pouco de vergonza, iso era o mínimo que tiña que facer, ¡era o mínimo que tiña que facer!

Lei do litoral, do Partido Popular. Nós —supoño que non quedará ningunha dúbida— levamos toda a vida, absolutamente toda a vida, dicindo que Galiza ten que gobernar o seu mar, o noso mar. Claro, pero resulta que o Partido Popular, dixo a señora Egerique, señor Bará, señor Bará, dixo a señora Egerique que fixeron unha lei moi participativa. Si, si, o período de exposición pública foi no Nadal, *(Aplausos.)* e a xente, claro, non ten outra cousa

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que facer máis que ler a Lei do litoral do Partido Popular. Ese foi o período de exposición pública: o Nadal. ¡Superparticipativa a lei! Ben, pois efectivamente, unha Lei do litoral sobre a que o Bloque Nacionalista Galego dixo en todo momento que, para que esa Lei do litoral fose efectiva, o que había era que tramitar —e o BNG presentouna neste hemiciclo— unha lei de traspaso de servizos, de funcións e de expedientes.

Pois ben, ¿que fai o Partido Popular con ese proxecto de lei que presenta aquí o Bloque Nacionalista Galego, precisamente para non termos agora os problemas que están tendo, ou que estamos tendo todos e todas? Pois o Partido Popular vota en contra, *como no podía ser de otra manera*, porque di que confía na lealdade institucional. Nós tamén, pero, por riba da lealdade institucional, resulta que están as leis e os votos nos hemiciclos, que é onde está representada a soberanía popular, ¿verdade? Pois ben, se vostedes votasen a favor do proxecto de lei do Partido Popular, probablemente moitos dos problemas que temos agora co Tribunal Constitucional non os teriamos.

Ben, remato. Exercicio de escapismo de libro. Traemos aquí a petición unánime do sector pesqueiro, avalada polos argumentos dun informe do Tribunal de Contas Europeo, avalada polos argumentos dese informe, e ao Partido Popular e ao Partido Socialista non lles interesa falar da retirada deses POEM.

A **señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidenta.

Por certo, señor Otero, e xa para rematar, uns POEM nos que di vostede que o sector pesqueiro ten que ter voz. ¡Home!, acórdalle agora que están aprobados desde febreiro. ¿Agora acórdalle que o sector pesqueiro ten que ter voz? O sector pesqueiro tiña que ter voz antes de seren aprobados, agora xa están aprobados. Por iso, o sector pesqueiro tivo que presentar un recurso diante da Xustiza para resolver o que o Goberno de España e o Ministerio de Transición Ecolóxica non quixo resolver cando debía resolvelo.
Pois ben, non estamos hoxe debatendo a Lei do litoral do Partido Popular, estamos debatendo a retirada dos POEM, que é o que pide todo o sector pesqueiro galego, unanimemente.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E o Partido Popular e o Partido Socialista acaban de escapar do tema e veremos despois —mañá, supoñemos— que acabarán votando en contra. Cadaquén, evidentemente, queda retratado.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Sobre a emenda?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: A emenda. Evidentemente, comprenderá que nunha proposición non de lei a respecto da retirada dos POEM que sexa emendada polo Partido Popular falando da Lei do litoral, ¡é que estamos de broma! Non a aceptamos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Non a aceptan. Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, suspendemos a sesión plenaria e será reanudada mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e seis minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-X76ZujZAT-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/